



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 129

Sesión plenaria
14 de xuño de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.5 3363 (11/PNP-004425)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan estratéxico de loita contra a sinistralidade laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 492, do 10.05.2023

4.5 53572 (11/PNP-004446)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que desenvolva as negociacións oportunas dirixidas a acadar un pacto nacional pola vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023

4.6 53591 (11/PNP-004448)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre a resolución que debe adoptar o Parlamento de Galicia en relación co uso de vehículos oficiais na Deputación de Ourense

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 494, do 16.05.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 37443 (11/INT-001929)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 01.08.2022

5.2 46669 (11/INT-002259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre o Servizo de Axuda no Fogar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 438, do 19.01.2023

5.3 53530 (11/INT-002579)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023



Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 54079 (11/POPX-000109)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración que fai do impacto das políticas do Goberno central en Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

6.2 54088 (11/POPX-000110)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a valoración da utilidade do seu goberno á hora de defender os intereses de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 54062 (11/PUP-000340)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre os compromisos adquiridos pola Xunta de Galicia con cada unha das empresas interesadas nos fondos Next Generation-EU

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

7.2 54089 (11/PUP-000341)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da convocatoria de eleccións xerais o próximo 23 de xullo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

7.3 52958 (11/POP-008157)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis

Sobre a negativa do Goberno de España a tramitar a obra de reconstrución dos viadutos do Castro, na A-6, pola vía de emerxencia e de xeito simultáneo en ambos os sentidos de circulación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 26.04.2023

7.4 51766 (11/POP-008006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para protexer o conxunto muralístico de Urbano Lugrís do edificio en ruínas da rúa Olmos, da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023



7.5 53676 (11/POP-008240)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para restaurar e poñer en valor o conxunto patrimonial formado polo cruceiro, a fonte e a ermida de Santa Margarida do Val, no concello de Narón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 24.05.2023

7.6 51398 (11/POP-007948)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis**

Sobre a creación de centros 24 horas de atención integral a vítimas de violencia sexual en toda Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 471, do 22.03.2023

7.7 54059 (11/PUP-000339)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as consideracións da Xunta de Galicia respecto do impulso dunha mellora na protección das mulleres en situación de violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

7.8 49690 (11/POP-007657)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre as iniciativas que está a impulsar a Xunta de Galicia co obxecto de facer fronte ao déficit de médicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

7.9 52295 (11/POP-008078)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para dotar dun servizo de pediatría de calidade os centros sanitarios de Verín e da comarca de Monterrei

Publicación da iniciativa, BOPG nº 480, do 12.04.2023



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Antes de entrar na orde do día, o señor presidente informa das inasistencias xustificadas á sesión.
(Páx. 11.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai do impacto das políticas do Goberno central en Galicia nos últimos anos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 12.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da utilidade do seu Goberno á hora de defender os intereses de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 20.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional en relación co Día Nacional das Linguas de Signos Españolas 2023, que a Cámara aproba por asentimento. (Páx. 22.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica que hai unha alteración na orde do día consistente na formulación dunha pregunta antes do debate das proposicións non de lei. (Páx. 23.)



Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os compromisos adquiridos pola Xunta de Galicia con cada unha das empresas interesadas nos fondos Next Generation-EU. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 24.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 25.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 26.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 27.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan estratéxico de loita contra a sinistralidade laboral. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 28.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 29.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Pérez López (BNG)*. (Páx. 32.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Pérez López (P)*. (Páx. 35.)

A señora Rodríguez Dacosta (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 38.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que desenvolva as negociacións oportunas dirixidas a acadar un pacto nacional pola vivenda. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Prado Cores) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 41.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Freire Vázquez (P)*. (Páx. 42.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 42.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Ojea Arias (S)*. (Páx. 45.)

A señora Freire Vázquez (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 51.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaoto deputados/as máis, sobre a resolución que debe adoptar o Parlamento de Galicia en relación co uso de vehículos oficiais na Deputación de Ourense. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 56.) e *Sr. Ferro Iglesias (P)*. (Páx. 59.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 62.)



Votación das proposicións non de lei

Votación do primeiro apartado engadido do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer constar como se materializaron os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia recibidos do Estado: *aprobado por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación do resto dos puntos engadidos do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer constar como se materializaron os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia recibidos do Estado: *rexeitados por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a dignificación do servizo de asistencia xurídica gratuíta: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a prevención da fragilidade osteomuscular e a asistencia ás persoas que a padecen: *aprobada por 69 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan estratéxico de loita contra a sinistralidade laboral: *rexeitado por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que desenvolva as negociacións oportunas dirixidas a acadar un pacto nacional pola vivenda: *aprobada por 39 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre a resolución que debe adoptar o Parlamento de Galicia en relación co uso de vehículos oficiais na Deputación de Ourense: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)



Interpelación de D^a María González Albert e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Albert (BNG)*. (Páx. 67.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 71.)

Réplica da autora: *Sra. González Albert (BNG)*. (Páx. 75.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 77.)

Interpelación de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 79.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 82.)

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 86.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 88.)

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o servizo de axuda no fogar. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 89.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez)*. (Páx. 93.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez)*. (Páx. 97.)

O señor presidente concédelles a palabra aos deputados e á deputada elixidos alcaldes e alcaldesa, respectivamente nas últimas eleccións municipais para que fagan unha intervención de despedida. (Páx. 99.)

Intervención do señor Lourenzo Sobral (BNG). (Páx. 99.)

Intervención do señor Vega Pérez (P). (Páx. 100.)

Intervención do señor Rodeiro Tato (P). (Páx. 101.)

Intervención da señora Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 101.)

Intervención do señor Rey Varela (P). (Páx. 103.)

O señor presidente despídese de todos eles e deséxalles moitos éxitos e boa sorte no novo labor que van desenvolver. (Páx. 104.)

Suspéndese a sesión ás tres e sete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e catro minutos.

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da convocatoria de eleccións xerais o próximo 23 de xullo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 105.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 106.)



Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 108.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a negativa do Goberno de España a tramitar a obra de reconstrución do viaduto do Castro, na A-6, pola vía de emerxencia e de xeito simultáneo en ambos os sentidos de circulación. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 110.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 110.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 112.)

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para protexer o conxunto muralístico de Urbano Lugrís do edificio en ruínas da rúa Olmos, da Coruña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 113.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 114.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 117.)

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia para restaurar e poñer en valor o conxunto patrimonial formado polo cruceiro, a fonte e a ermida de Santa Margarida do Val, no concello de Narón. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 118.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 119.)

Réplica dos autores: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 121.)

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a creación de centros 24 horas de atención integral a vítimas de violencia sexual en toda Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 122.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana So-moza)*. (Páx. 124.)



Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 126.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as consideracións da Xunta de Galicia respecto do impulso dunha mellora na protección das mulleres en situación de violencia machista. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 127.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 130.)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as iniciativas que está a impulsar a Xunta de Galicia co obxecto de facer fronte ao déficit de médicos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 132.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 133.)

Réplica do autor: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 134.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 135.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para dotar dun servizo de pediatría de calidade os centros sanitarios de Verín e da comarca de Monterrei. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 136.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 137.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 138.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 139.)

Remata a sesión ás seis e catorce minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Reanudamos a sesión.

Ao igual que onte, xustificamos tamén a inasistencia a este pleno do deputado don Pablo Arangüena.

E continuamos co punto 6º, que son preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai do impacto das políticas do Goberno central en Galicia nos últimos anos

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Señor presidente da Xunta de Galicia, aínda que seguramente hoxe non será o foco de atención mediática o que eu lle pregunte, vou cinguirme á pregunta que lle teño formulada.

Porque, señor Rueda, vostedes limítanse na súa política da Xunta de Galicia a dar titulares, a facer a súa campaña cada vez que ven oportunidade ou forzando mesmo a oportunidade, que se centra única e exclusivamente en criticar o Goberno do Estado e vender o seu discurso, afastado da realidade, que o que oculta é unha moi deficitaria xestión. E menos mal que a realidade é ben distinta do seu discurso.

Porque vostedes sempre veñen aquí, vostede e o seu Goberno, coa intención de culpar o señor presidente do Goberno do Estado, o señor Sánchez, ou ben o Partido Socialista de Galicia, de todos os males. Pero a realidade é que non teñen argumentos para facer esa crítica permanente, ese termo que vostedes inventaron do «sanchismo».

Pero está ben, continúen vostedes con ese discurso sen argumentos, de crítica absurda e sen nada que aportar ás galegas e aos galegos. Porque teñen vostedes un discurso baleiro e cheo de enganar, porque non poden negar que o Goberno do Estado implementou medidas de resposta ao impacto económico e social da crise que estamos a padecer por diversos motivos, por exemplo bonificando con 20 céntimos o litro de combustible para os sectores máis afectados; baixando o IVE da electricidade dun 21 por cento, que o subiu o Partido Popular do señor Rajoy, ao 5 por cento; executando esa cousa que vostedes estimaban de timo ibérico, que é o mecanismo ibérico; poñendo á disposición de Galicia máis de 1.300 vivendas, para paliar a falta de vivenda pública por culpa da súa ineficiente e errática xestión; incrementando as pensións para todas as galegas e os galegos, etc., etc. Pero sigan vostedes, e tamén,



por certo, o Bloque Nacionalista Galego, votando en contra de medidas beneficiosas para o noso país.

Porque o certo é que gobernan vostedes a impulsos e con demandas erráticas. Por exemplo, cos fondos Next Generation, que unha vez piden un criterio, a semana seguinte piden outro criterio, a segunda semana piden un terceiro criterio. Porque mentres os gobernos de Rajoy recortaban 4.600 millóns de euros en dependencia, 10.000 millóns de euros en educación, triplicaba o IVE na maioría dos produtos e marxina Galicia co segundo menor investimento de todo o Estado, vostedes, xunto co señor Núñez Feijóo, dedicábanse a aplaudir. Non obstante, co Goberno de Pedro Sánchez, cun investimento récord para a Comunidade Autónoma de Galicia, resulta que todo está mal.

¿Que fan vostedes, señor Rueda? Primeiro, non saber executar ben os fondos dos que dispoñen. Porque recórdolle que o señor Núñez Feijóo perdeu 73 millóns de euros para pemes por non saber executalos, mentres reclamaba á súa vez máis fondos.

Segundo, cun histórico fito, que foi a inexecución total dos fondos de compensación.

Terceiro, non dando explicación da adxudicación dos fondos Next Generation, que non sabemos nin cando nin como nin para quen, e logo presumen de transparencia.

Vostedes, señor Rueda, cren que son os mellores, pero o espello non lles devolve esa realidade, e créame —e non llo digo como un problema de óptica— que non é culpa do espello; é culpa da súa xestión.

Por iso, en definitiva, señor Rueda, pregúntolle que valoración fai vostede do impacto das políticas do Goberno central para as galegas e os galegos e para Galicia e en xeral.

Grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Bos días, señor Álvarez.

Está ben que me diga que se vai cinguir á pregunta que me fai, ben, para variar. Teño que cambiar o Goberno para conseguilo, pero está bastante ben. Agora, o que non me pode pedir é... Pregúntame por Pedro Sánchez, pero dime que non podo criticar a Pedro Sánchez. Si,



vostede critica o señor Feijóo na súa pregunta todo o que quere. Mire, eu o que vou ser é sincero. E se me pregunta polas políticas de Pedro Sánchez en Galicia, eu non podo evitar dicir a verdade, e dicir a verdade ten que ser necesariamente ser crítico.

Mire, con todo o respecto llo digo, que sabe que llo teño: debe ser moi difícil ser case o último mohicano defendendo as políticas de Pedro Sánchez, cando ademais estamos vendo como todos os antes reputados baróns socialistas, aos que eu creo que tamén hai que respectar (o señor Lambán, o señor Page), están dicindo o que están dicindo; hai moitos que se están poñendo de perfil; iso é previo á desbandada. Xa non lle digo o delegado do Goberno, o breve delegado do Goberno, o que veu o panorama e non durou nin dous meses e xa puxo *pies en polvorosa*. Pero vostedes seguen aí. ¿E por que non van seguir, se defenderon durante moito tempo cousas indefendibles? É lóxico, sinceramente, que sigan ata o final.

Pero mire, creo sinceramente —pregúntame a miña opinión, eu doulla, porque coincide coa inmensa maioría do pobo galego— que o señor Sánchez fixo das eleccións do 28 de maio un plebiscito sobre a súa persoa. Vostedes mesmos o admitiron. E aí tivo a resposta. Polo tanto, ¿que pregunta me está facendo sobre o que opina Galicia das políticas do señor Sánchez?

Mire, eu creo que o Partido Popular de Galicia tiña magníficos candidatos e candidatas, sen ningunha dúbida. Houbo moitos que van gobernar porque conseguiron maior absoluta; moitos, gañando clarisimamente, vostedes xa dixeron que ían facer todo o posible para que non gobernarán; pero estou seguro de que, á parte dos seus méritos, moitos dos apoios que tiveron son un recado a Pedro Sánchez, precisamente polas súas políticas en Galicia, e estou seguro de que moita xente que votou os candidatos e candidatas socialistas o fixo a pesar de Pedro Sánchez, señor Álvarez.

E que é moi difícil entender ese triunfalismo que teñen vostedes. Expliquen ese triunfalismo á xente, que se tería beneficiado sen ningunha dúbida do traspaso da AP-9 e que vostedes seguen bloqueando no Congreso. Explíquenlles ese triunfalismo a todas esas persoas de Lugo, por exemplo, que seguen esperando boas comunicacións con Ourense, con Santiago, e seguen sen telas a pesar do que vostedes prometeron. Explíquenlles ese triunfalismo a todas esas persoas que terían unha oportunidade de traballo, esas empresas que traballarían como empresas auxiliares dos grandes proxectos dos fondos Next Generation, que vostedes seguen tendo bloqueados. Explíquenlle ese triunfalismo a todo o tecido empresarial, o tecido sindical, que nós reunimos en Santiago a principios de xaneiro, e vostedes, o señor Sánchez, sacou enseguida esa medida cosmética da que nunca máis se soubo, ese comisario que segue ninguneando a Galicia. Explíquenlles vostedes por que Portugal está sendo moito máis avanzado e moito máis valente nas infraestruturas do que o Goberno do señor Sánchez. Explíquenlles vostedes ás 4.000 persoas que teñen edificacións no litoral, ás máis de 100 empresas da cadea mar-industria, que queren seguridade xurídica, por que van recorrer esa lei.

Terían tantas cousas que explicar, señor Sánchez, sinceramente, que, se toparan explicación, entón entenderían que lles pasou o 28 de maio e probablemente entenderán o que lles vai pasar o 23 de xullo.

Moitas grazas.

(Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Xa o di a copla: *Ni contigo ni sin ti tiene mi vida remedio*. A vostede tanto lle dá o que lle pregunte, porque vostede vén coa súa resposta preplanificada, que me parece ben, pero deixa nun mal lugar, en primeiro lugar, a vostede como presidente e, en segundo lugar, o respecto a este parlamento e, por ende, a Galicia completa, porque esta é a Cámara de representación e debería vostede contestar ao que se lle pregunta.

Pero, en definitiva, a conclusión xa a traíamos prevista, xa a traíamos aprendida: con Sánchez, todo mal, e, no seu momento, con Rajoy e Feijóo, todo ben.

Pero vostedes negan que con Sánchez no Goberno se incrementou un 32 por cento o investimento estatal con respecto aos gobernos de Rajoy, convertendo Galicia na quinta comunidade autónoma con maior investimento estatal. Ou que Galicia recibe —e está ben que os reciba, evidentemente— 23 millóns de euros ao día para o seu financiamento. Ou que se conseguise rematar ese proxecto, que vostedes tiñan abandonado, que demandaban cando non estaban no Goberno, como a conexión do AVE. Ou que A Coruña se convertese na sede da Axencia Estatal de Intelixencia Artificial. Ou que Galicia sexa a quinta comunidade autónoma, a data de maio deste ano, con máis fondos europeos recibidos.

Non nos estraña do Partido Popular, porque o propio señor Feijóo xa xustificaba os recortes en dependencia cos impostos do señor Rajoy, e o señor Feijóo, que tanto enchía a boca de dicirles que o seu partido falaba sen siglas, a realidade é que non defendeu Galicia.

Pero mire, a realidade é que o señor Feijóo, vostede agora, Galicia, Galicia, Galicia, pero o senador por Galicia de designación autonómica señor Núñez Feijóo presentou cinco iniciativas desde que está no Senado e ningunha delas relacionada con Galicia. (*Aplausos.*) Esa é a defensa de Galicia e ese é o seu nivel de compromiso. Mire, o seu nivel de compromiso con Galicia é poñer o seu Goberno á disposición das necesidades de Núñez Feijóo, facendo unha especie de preblindaxe ante unha eventual perda na eleccións municipais e que algunha baronesa autonómica o chame a contas.

Os que eran pezas clave ata hai dous días do seu Goberno agora son facilmente substituíbles. E esa é a realidade.

Pon vostede Galicia ao servizo dos intereses do Partido Popular. ¿Onde quedan, señor Rueda, as mensaxes de estabilidade? A vostede cámbianlle un goberno, estou convencido de que ao señor Núñez Feijóo non llo farían. Un goberno, por certo, que vostede non elixiu, ao igual que a vostede tampouco o elixiron como presidente as galegas e os galegos.

Tamén é certo —e a ninguén se lle escapa, non fai falta ser particularmente sagaz— que aproveita vostede a ocasión que lle brindan para resolver os graves problemas internos que



ten dentro dese modelo de estabilidade política que é o Partido Popular de Galicia. Aquí tontos non somos e dos coches apartámonos. Cito algún notable parlamentario deste Parlamento de Galicia.

Señor Rueda, visto todo isto e dado que vostede mesmo citou que as eleccións municipais foron todo un plebiscito, están vostedes tan seguros da súa vitoria, ¿non sería mellor que vostede plantexase seriamente que Galicia enteira opinase sobre a situación actual e fora convocada ás urnas?

Grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, se non queren primarias no seu partido, hai formas máis sutís de dicilo, (Risos.) ¡eh!, sinceramente, sinceramente. (Aplausos.)

Pero mire, ¡que pouco durou o señor Álvarez na primeira parte da pregunta dicindo: voume cinguir á pregunta! Mire, xa fomos á segunda. Mire, eu comprendoo e a verdade élle outra. Vostedes deberon recibir instrución agora, antes do 23 de xullo, de nos parlamentos autonómicos intentar poñer en valor o que supostamente fixo o Goberno central. Pero é que isto é o que hai, sinceramente. Ese papel de último mohicano, que seguramente non estarán facendo noutros parlamentos autonómicos, vostede faino ata o final.

Eu recórdolle a pregunta: a pregunta é que valore o impacto das políticas do Goberno central en Galicia. Foi o que fixen, claro, e, se iso implica unha crítica a Pedro Sánchez, é porque é a realidade.

Pero Sánchez dixo en toda España e, por tanto, tamén en Galicia: valoren a miña xestión nunhas eleccións de plebiscito persoal. E xa viron o que lles pasou nas eleccións municipais. Polo tanto, señor Álvarez, á realidade é: *Nunca es triste la verdad, lo que no tiene es remedio*, di unha canción de Serrat; pois isto é o que teñen vostedes cando quixeron facelo así. (Aplausos.)

Mire, ¿sabe o que creo? Que vostede, incluso vostede, xa non cren a Pedro Sánchez. Van pasar un mes e medio moi complicado. Mire, un partido que chama tontos útiles a baróns respectables que o único que fixeron foi dicir a verdade é un partido con moi pouco futuro.

Aquí dixemos moitísimas veces: ¡joia!, calquera logro que traia o Goberno de Pedro Sánchez a Galicia nós recoñecerémolo, pola conta que nos trae. Pero é que non houbo ocasión, e eu laméntoo moitísimo, e especialmente este último ano.



Mire, Galicia foi sempre unha comunidade leal e nós, dende logo, este ano, que eu levo de presidente, o único que vimos foi unha visión dende a Moncloa de Galicia como o lugar de onde viña Alberto Núñez Feijóo e, polo tanto, había que negarnos o pan e o sal, nun interese electoral clarísimo. Isto foi o que pasou, señor Álvarez. Vostede sábeo perfectamente e sábene os galegos e dixérono o 28 de maio.

Mire, se para España Pedro Sánchez foi moi malo, para Galicia foi aínda peor, dobremente malo. Eu creo que, polo ben de España, polo ben de Galicia e incluso polo ben do Partido Socialista, que se acabe canto antes o sanchismo, sinceramente, que se acabe canto antes o sanchismo (*Aplausos.*)

Mire, nós imos ser moitísimo máis exixentes con Pedro Sánchez do que foron vostedes; tampouco é difícil, sinceramente, tampouco é difícil. E ¿sabe por que? Porque, mire, de Pedro Sánchez xa non se pode esperar absolutamente nada, Galicia non pode esperar absolutamente nada despois deste último ano especialmente, antes tamén, pero despois deste último ano. E de Alberto Núñez Feijóo podemos esperar moitas cousas, e imos pedir moitas cousas e imos ser exixentes en moitas cousas. Polo tanto, créame, señor Álvarez.

Mire, quere, pídeme un resumo da valoración das políticas —eu si que me vou cinguir á súa pregunta—, unha valoración das políticas do Goberno central do señor Sánchez en Galicia. Mire, tome exemplo do señor Besteiro e saia por pernas mentres poida, sinceramente. E tamén voulle dicir unha cousa: por moi rápido que fora eu na remodelación do Goberno —que o fun—, nunca serei tan rápido como o señor Besteiro en dicir: aquí non hai nada que facer, hai que irse canto antes.

Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da utilidade do seu Goberno á hora de defender os intereses de Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Se tiveramos que resumir nunha imaxe cal foi o resultado e a capacidade do Goberno do PP para poder defender os intereses de Galiza, sería esta, señor Rueda: (*A señora Pontón Mondelo mostra un folio.*) un folio en branco, a nada. Hoxe temos un presidente da Xunta que é tan tan relevante, que ten tantísimo peso político que ata lle cambian os seus conselleiros desde Madrid e deciden na rúa Génova quen entra e quen sae no Consello da Xunta. ¡Menudo papelón, señor Rueda! (*Aplausos.*) ¡Menudo papelón! É que vostede non manda nin no seu partido nin tampouco no seu Goberno.



E, en todo caso, o que nos levan é catorce anos demostrando que o Goberno do Partido Popular é un goberno inútil á hora de defender os intereses dos galegos e das galegas. E é que nos sobran os exemplos. Aí está a inutilidade política do Partido Popular para conseguir a transferencia da AP-9, que non o conseguiron con Sánchez, pero, ¡que curioso!, non o conseguiron con Rajoy, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) non o conseguiron con Rajoy. Si si. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿De que nos acusan, señorías? ¿De conseguir unha rebaixa histórica das peaxes da AP-9 para os galegos e as galegas? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Diso nos acusan? Aí temos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio. Quen resposta despois é o presidente.

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Podo continuar?

O señor PRESIDENTE: Si, continúe, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, aí está tamén a inutilidade política do Partido Popular nos Next Generation: nin un só proxecto tractor. Aí temos tamén a inutilidade política do Partido Popular á hora de incrementar o autogoberno galego: cero novas competencias, mentres outras comunidades e nacións incrementan as súas competencias. E é que non é só que non conseguiran ningunha, é que ademais votan en contra de que Galiza teña máis poder político (*Aplausos.*), como por exemplo no seu litoral, como pasou onte.

A verdade é que sospeito por que o fan, porque vostedes non queren máis competencias, porque a máis competencias máis se lles ve a súa incompetencia para defender este país (*Aplausos.*).

Pero tamén aí temos a inutilidade política do Partido Popular á hora de defender o noso sector industrial: 21.000 empregos perdidos. Ou temos tamén a súa inutilidade á hora de defender a modernización do noso ferrocarril interior despois de anos e anos, de décadas —diría—, de atrasos do AVE. Ou aí temos tamén a inutilidade política do Partido Popular auspiciando un boom eólico depredador para que Naturgy e outras multinacionais se forren a costa da enerxía deste país en vez de poñela ao servizo da sociedade galega.

E, desde logo, podería seguir poñendo moitos máis exemplos, señor Rueda, da inutilidade política do Partido Popular á hora de defender os intereses de Galiza. Pero, claro, como lle dicía ao principio, é que vostede nin manda no seu Goberno nin manda no seu partido. E supoño que hoxe outra vez volverá facerse o sueco e non nos dirá nada de que pasa ante os escándalos do Partido Popular en Ourense e que van facer aí. Seguirá mirando para outro lado —imaxino—, señor Rueda.

En definitiva, hoxe o que lle preguntamos é: á vista deste balance, ¿como valora a súa capacidade para defender os intereses dos galegos e das galegas?



Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, mire, vostede e eu sabemos que a remodelación do Goberno anunciada onte a colleu co pé cambiado; vostede tiña outro plan e tiña varios días para estar dicindo o que agora ten que dicir nun minuto, señora Pontón.

Mire, vostede, que leva vinte e dous anos de deputada, intentando sempre formar parte dun goberno, facer goberno —non o conseguiu nin un minuto—, ¿dános leccións aos demais de como hai que facer gobernos? Xa lle gustaría a vostede que lle fixeran algún, xa lle gustaría a vostede (Aplausos.), pero é o que hai.

Fálame de que non conseguimos traspasos. ¡Oia!, ¿e a Lei do litoral, que? Pero é que xa temos a competencia. Xa veremos o que fan vostedes cando votemos a lei, a ver se lle dan ese poder a Galicia, que lle nega, por certo, o seu socio, o Partido Socialista. Como sempre, sempre que estamos en campaña, non se coñecen de nada, (Risos.) pero son socios para todo, señora Pontón. Polo tanto, un pouco menos de cinismo. A ver o que falla aí, a ver como se retrata o nacionalismo do Bloque cando haxa que votar unha competencia que Galicia xa ten e nos obrigaron a facer unha lei para poder exercela; a ver que pasa aí, señora Pontón.

E, mentres, dedícanse e simular. Agora resulta que están con que teñen que votar os maiores de 16 anos. Tería que dicirlles que cando tiñan 12 vostede fixo presidente do Goberno a Pedro Sánchez; dígalle todo iso de paso que lles pide o voto.

Mire, lamento dicirlle que o correctivo que levou o señor Sánchez, o sanchismo, porque se empeñou niso, en Galicia é un recado tamén para vostede, que o apoiou dende o primeiro momento. Ou ¿acaso non era o Bloque o que dicía, cando foi a investidura de Pedro Sánchez, a bombo e platillo —e leo literalmente, porque eu si que son respectuoso coas citas, non como vostede coas cifras—, que Pedro Sánchez bailaríaa ao ritmo do nacionalismo galego? Señora Pontón, nin sequera lle acenderon a música, en ningún momento, en ningún momento. (Aplausos.)

Mire, volve dicir unha vez máis: as eleccións do 28 de maio foron un plebiscito; así o plan-
texou o presidente do Goberno. E mire, gañounas o Partido Popular: 300.000 votos máis que o Bloque Nacionalista Galego, vinte puntos máis de voto que vostedes, tres veces máis concelleiros. Fronte a esa soberbia que ten, mire, eu prefiro moito máis ser humilde dende a vitoria que ser como son vostedes, soberbios dende a derrota. (Aplausos.) ¡Alá vostedes, alá vostedes! E por iso somos o partido que máis se parece a Galicia, por iso vostedes cada vez



Ile resultan estraños a máis xente, nada máis e nada menos que o 83 por cento dos galegos non queren saber nada con vostedes. A vostedes dálles igual, porque a soberbia impide ver moitas cousas.

Mire, ese balance histórico, do que falan vostedes, do seu apoio que lle deron a Pedro Sánchez, mire, ¿onde está a bonificación do 100 por cento da peaxe da AP-9?, ¿onde está? Xa do traspaso non falo. Resulta que é culpa nosa non ter o traspaso, que o pedimos ata o último momento. ¡Oia!, os seus socios, co seu apoio, señora Pontón, co seu apoio. Iso terá que entendelo, polo menos, porque o entende todo o mundo, e vostede tamén. O que pasa é que non pode recoñecelo porque sería, como é, un fracaso histórico do nacionalismo apoiando a Pedro Sánchez. (*Aplausos.*) Iso foi o que pasou.

Modernizar leva a algunhas cousas, porque o documento era moi amplo, pero modernizar os tramos ferroviarios A Coruña-Ferrol, A Coruña-Lugo, Vigo-fronteira portuguesa, Ourense-Lugo: incumprido. Medidas para reducir a factura eléctrica da industria electrointensiva, tan necesario: incumprido. Achegar ao 50 por cento o financiamento da Lei de dependencia: incumprido. Mellorar as taxas de reposición de efectivos nas administracións públicas: incumprido. Modificar —esta si que é boa— a Lei integral contra a violencia de xénero para considerar os delitos sexuais contra as mulleres como violencia de xénero: cumprido, a través de votar «si» á Lei do só si é si, cos violadores na rúa; aí si que cumpriron; noraboa, señora Pontón, aí si que cumpriron (*Aplausos.*)

Mire, a presenza do BNG no Congreso nesta lexislatura pasará á historia pola absoluta inutilidade dende o punto de vista político para Galicia.

Señora Pontón, mire, agora fai vostede grandes números, como sempre, para as seguintes eleccións. Eu diríalle unha cousa: sexan máis realistas, pés na terra, e máis humildes. Non sei se lles irá mellor, pero polo menos serán máis útiles para Galicia e, probablemente, para vostedes mesmos.

Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, teño que dicirlle que é vostede un caso único. Eu sabía que o Partido Popular é un partido domesticado polo centralismo, que sempre practica a submisión a Madrid, pero é que o seu é o máximo, porque é a primeira persoa que eu vin neste parlamento que se alegra de que lle cesen os conselleiros desde a rúa Génova; é que presume diso, señor Rueda, (*Aplausos.*); de verdade, en fin, se a vostede lle parece normal, non me imaxino que é o que nos espera.

E eu é que o vexo ultimamente moi enfadado co BNG, vén aquí, está rabioso, si si, está rabioso (*Murmurios.*), si si, está, desde logo, moi, moi, moi preocupado. E eu entendo que vos-



tedes estean preocupados polo BNG e entendo que estean moi preocupados polo traballo que estamos facendo en Madrid, señor Rueda. ¿Sabe por que? Porque cun deputado é que lles deixamos as súas vergoñas ao aire (*Murmurios.*). Claro. ¿Que conseguían os dez deputados do Partido Popular en Madrid cando tiña maioría absoluta o Partido Popular en Madrid co señor Rajoy, un galego? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), ¿que conseguían vostedes coa AP-9? Subirnos as peaxes ano tras ano. (*Aplausos.*) ¿Que conseguían? Claro. E o BNG, con toda a humildade, cun deputado, señor Rueda, conseguiu unha rebaixa histórica nas peaxes, que cada día beneficia vinte mil galegos e galegas (*Aplausos.*). Xa vexo, señor Rueda, cal é a súa humildade. E xa vexo, señor Rueda, para que vale o Partido Popular.

E tamén teño que dicirlle que entendo que está facendo aquí a súa precampaña de cara ao 23 de xullo, porque están preocupados co ascenso do BNG en Galiza. (*Murmurios.*) E están preocupados porque saben que o BNG, xunto co apoio dos galegos e das galegas, ese voto para o 23 de xullo vai servir para dúas cousas: a primeira é para defender Galicia, para facer valer os intereses deste país sen submisión a ninguén; e a segunda, efectivamente, para poñerlle freo a esa posibilidade dun goberno de retroceso entre o Partido Popular e Vox, que quere retrocesos nos dereitos e nas liberdades e que tamén sería un goberno letal para Galiza. (*Aplausos.*)

E xa que o señor Rueda me fala de citas, permítanme que hoxe lle deixo aquí unha cita para rematar esta intervención: «Non teño intención de pactar con Vox, e non o farei, é un partido que está en contra de Galiza». Isto dicía o señor Feijóo, isto dicía o señor Feijóo. (*Aplausos.*)

Señor Rueda, xa vemos como van defender vostedes este país, poñéndose de ganchete cun partido que o seu líder di que está en contra de Galiza. ¡Menudo papelón!

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Si, señora Pontón, o presidente da Xunta de Galicia dixo iso e mantívoo sempre, e, por tanto, alégrome moitísimo. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Mire, ten que repasar —con todo o respecto, jeh!, xa non se me poña hiperfina— os argumentos. Que son un caso único teño que ver as actas, pero creo que mo dixo xa cinco ou seis veces. Que estou enfadado, vostede, que é todo alegría (*Risos.*), iso díxomo vinte e catro-vinte e cinco veces.

Polo tanto, hai que ter argumentos, sinceramente, un pouco máis sólidos para discutir en serio. E nada me dixo da Lei do litoral, porque sabe que é certo; nada me dixo do ridículo que fixeron co traspaso da AP-9, porque sabe que é certo; e nada me dixo ao final que me acreditara que é mentira o que eu lle dixen; non conseguiron absolutamente nada do apoio



que lle deron a Pedro Sánchez; é a verdade, señora Pontón, ¿que lle vou dicir?, (*Aplausos.*) é a verdade.

Mire, o outro día dicía vostede —e tamén literalmente; hai que ter moito coidado coas súas citas— que o BNG é a mellor opción para deixar de ver con envexa o que fan os demais. ¿Envexa de que, señora Pontón? A envexa terana vostedes, e a envexa —perdoe que lle diga— moitas veces encerra moitos complexos tamén. (*Murmurios.*) Envexa terán vostedes. Mire, ¿envexa de que temos en Galicia? ¿Dos líos que está montando o independentismo en Cataluña e os seus aliados? ¿De que un partido como Bildu —menudos aliados, e vostedes presumen deles— estea marcando —porque Pedro Sánchez o permite— todo o devir dun país como España, un partido como Bildu? Miren, jalá vostedes coas súas envexas!, sinceramente.

E a min gústame e estou seguro de que á inmensa maioría dos galegos —xa sei que a vostedes a inmensa maioría dos galegos non os preocupa nada, porque, como non lles votan, non teñen razóns nin para falar—, a todos nos gusta unha Galicia humilde, sen envexas, unha Galicia traballadora, unha Galicia libre, unha Galicia sen complexos, ao final, mire, unha Galicia moi galega, moi europea e moi española. (*Aplausos.*) Iso gústanos á maioría dos galegos. 300.000 galegos preferiron, por enriba 30.000 galegos máis, o Partido Popular de Galicia que o Bloque Nacionalista Galego. Pero ¿de que vén presumir aquí, señora Pontón? As matemáticas ás veces son moi indicativas, incluso para rebaixar soberbias. (*Murmurios.*)

Mire, volvo ao mesmo: ¿para que serviu o BNG no Parlamento de España? ¿Para que serviu ese deputado fantástico que tiñan que ía mover o mundo só cun escano? ¿Para que serviu, señora Pontón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por moito que o intente, é que non é capaz de dar un só exemplo concreto. Mire, serviu, iso si, para un efecto nefasto: investir a Pedro Sánchez; iso sabémolo todos. Despois tivo actuacións memorables, como cando veu Zelenski pedir axuda a un país democrático, desprezalo e aplaudir a Putin. Para iso tamén serviu, pero non queren que llo digamos. Iso foi o que pasou, señora Pontón, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e vostede tivo que facer un papelón porque non era capaz de desacreditar os coroneis da UPG e, por outro lado, dábase conta do papelón que estaba facendo aquí. (*Aplausos.*) Iso foi o que pasou, señora Pontón.

Mire, con todo o malo e todo nos antípodas que nos podemos sentir neste grupo respecto de Esquerra Republicana e Bildu, hai que recoñecerlles unha cousa: conseguiron extraer compromisos de Pedro Sánchez para as súas comunidades autónomas. (*Murmurios.*) É certo, si si, é certo. Ben, estamos vendo como España está hipotecada polos pactos cos nacionalistas do señor Pedro Sánchez, iso sábeo todo o mundo. Pero ¿sabe que? En cambio, (*Murmurios.*) vostedes non conseguiron absolutamente nada. ¡Que difícil debe ser nacionalista e non conseguir nada! Pois vostedes fixérono posible, señora Pontón.

Mire, eu non lle vou criticar porque Pedro Sánchez xa lla colou á xente —perdoe que lle diga isto— con bastante máis intelixencia politicamente que vostedes, e conseguiu colarlle. (*Murmurios.*) Polo tanto, ao mellor non era de reproche. O que si que é de reprochar é que vostedes intenten colarnos a nós que conseguiron algo cando non conseguiron absolutamente nada, señora Pontón. (*Murmurios.*) Xa digo: ser nacionalista e non sacarlle nada a Pedro Sánchez ese récord só o ten o BNG. Noraboa. Mire, ao final Pedro Sánchez e o BNG son «tanto monta, monta tanto», absolutamente nada para Galicia.



Vostedes trouxeron o sanchismo a Galicia e Galicia no seu conxunto —xa sei que o BNG non, pero a Galicia que pensan moitos socialistas sensatos, moitísima xente que lle quere a Galicia— sacará o sanchismo de Galicia o 23 de xullo; xa verá como si.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Permítanme que saúde os convidados que se atopan na tribuna, especialmente as persoas da Federación de Xordos e Xordas de Galicia.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Imos ler unha declaración institucional, e por iso prégoille á intérprete se pode acercarse á tribuna para colaborar comigo nesta lectura.

(Unha intérprete de lingua de signos achégase ao estrado.)

Pódese pór na tribuna aquí, se quere. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, onde a vexan, ben; perdón, tranquilidade, imos facer a cousa ben, non hai problema ningún. Desde aí vese todo, vale, perfecto.

Ben, pois comezamos a declaración, que é en relación co Día Nacional das Linguas de Signos Españolas 2023 e que di así:

«As persoas xordas teñan dereito a gozar dunha vida plena; a participar como iguais na actividade económica, social, política e cultural do noso país; a contar coas mesmas oportunidades sanitarias, educativas e laborais que o resto. As persoas xordas teñen dereito a ter dereitos. E para iso son indispensables as linguas de signos, nas familias, nas escolas, nos espazos de lecer, nos medios de comunicación, nos servizos públicos. Alí onde haxa unha persoa xorda deben estar as súas linguas como única garantía de accesibilidade lingüística. Porque os dereitos lingüísticos son a porta a través da cal a cidadanía xorda accede ao resto de dereitos. Porque sen as linguas de signos non os poden exercer.

A promulgación da Lei 27/2007 supuxo un grande avance nos dereitos deste colectivo, que se foron consolidando e fortalecendo ao longo dos seus case dezaseis anos de vixencia. Con todo, non é suficiente, non sen actos de aplicación específicos que aseguren o seu cumprimento de forma igualitaria en todo o territorio español e contribúan a que esta norma sexa ben coñecida e utilizada.

Por todo o exposto, e con motivo do Día Nacional das Linguas de Signos Españolas, a Confederación Nacional de Xordos de España e a súa rede asociativa, entre elas a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, queren lembrarnos a enorme transcendencia que as linguas de signos teñen na construción dos nosos proxectos vitais. E, como tal, fan un



chamamento ás distintas administracións a tomaren conciencia de que o progreso humano das persoas xordas, a súa plenitude e autorrealización pasa por atender ás súas necesidades e demandas respecto do desenvolvemento efectivo dos seus dereitos lingüísticos por situar as linguas de signos no eixo de calquera política pública e por normalizar o seu uso como unha lingua máis.

É preciso acabar coas situacións de illamento e privación lingüística que desde idades temperás ameazan o exercicio da súa liberdade, a súa dignidade e a súa cidadanía. É preciso garantir o rigor lingüístico e a calidade das linguas de signos no acceso á información das persoas xordas e xordo-cegas. É preciso fomentar a protección das linguas de signos e equiparalas ao resto das linguas orais.

O Parlamento de Galicia únese á reivindicación para que o regulamento polo que se desenvolve a Lei 27/2007 vexa por fin a luz, e con iso o dereito para ensinar a aprender as linguas, tamén as linguas de signos, o dereito para elixir estas linguas sen que se penalice nin discrimine por facelo, ou sinxelamente o dereito para comunicarse.

Linguas de signos para unha vida plena.>>

Moitas grazas.

(Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, coa Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan estratéxico de loita contra... *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Pode ser. Si, señora. Perdón. Desculpe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, si, hai unha pregunta. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ben, como moi ben dixo a señora Rodríguez Rumbo, hai unha alteración na orde do día, que é unha pregunta.

Alteración da orde do día

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os compromisos adquiridos pola Xunta de Galicia con cada unha das empresas interesadas nos fondos Next Generation-EU

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Esperamos? Están aí...

O señor PRESIDENTE: Déanlle voz ao escano da señora Rodríguez Rumbo.



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señor conselleiro. E parabéns pola súa marcha para Madrid. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, tras o *shock* causado pola pandemia, España iniciou un novo ciclo económico impulsado polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, un ambicioso programa de reformas e investimentos financiados con fondos europeos Next Generation, sendo o principal factor que explica o dinamismo da actividade económica, o emprego e o investimento rexistrado en España dende o verán de 2021. Grazas ao liderado do presidente Sánchez en Europa para a consecución destes fondos, estase executando un programa de reformas estruturais sen precedentes, acompañado dun volume inxente de investimento público e privado para aproveitar a dobre transición climática e tecnolóxica, superar os desequilibrios históricos, seguir progresando dende o punto de vista social e sentar as bases dun crecemento máis sostido, sostible e xusto a medio prazo.

Así o avalían os últimos datos publicados pola OCDE, que elevan a previsión de crecemento do noso país para 2023 do 1,7 por cento ao 2,1 por cento, e para 2024 do 1,7 por cento ao 1,9 por cento, o que avalía as proxeccións feitas polo Goberno do Estado e sitúa o avance económico de España á cabeza da zona euro; é dicir, España crecerá máis do dobre que o conxunto da zona euro neste ano.

As medidas implementadas polo Goberno do Estado, encabezado por Pedro Sánchez, son o paraugas social e económico que nos está permitindo saír a todos e todas xuntas o máis axiña posible e sen deixar ninguén atrás: os ERTE, o incremento do salario mínimo interprofesional, o ingreso mínimo vital, a revalorización das pensións públicas ou as axudas a empresas autónomos e ás familias máis vulnerables. Políticas socialdemócratas que son o muro de contención que evitou a caída da economía e da sociedade no seu conxunto, contraponendo as receitas neoliberais dos populares na xestión da crise financeira, que deprimiron a economía, precarizaron o Estado de benestar e deixaron na cuneta empresas, autónomos e familias.

No primeiro encontro que mantiveron o presidente da Xunta e o anterior delegado do Goberno trataron o estado dos fondos Next Generation xestionados pola Xunta de Galicia; encontro no que o presidente da Xunta afirmou que os investidores saben perfectamente cal é o compromiso da Xunta de Galicia e as cantidades que pediron.

Por iso preguntámoslle, señor conselleiro: ¿cales son os compromisos adquiridos pola Xunta de Galicia con cada unha das empresas interesadas nestes fondos? ¿Existen cláusulas de confidencialidade? ¿Onde está a transparencia que debe ter a Xunta de Galicia? E ¿cales van ser as achegas da Xunta de Galicia para os proxectos industriais e estratéxicos para o noso país?

Moitas grazas.

(Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco José Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, quería agradecer loxicamente a oportunidade que me brinda de intervir nesta cámara por última vez como membro do Goberno galego, trasladar que loxicamente ten sido unha honra traballar por e para Galicia durante estes catorce anos, e, simplemente, agradecer ao expresidente Feijóo e ao presidente Rueda, pero tamén a toda a cidadanía, a oportunidade e a confianza recibida, e sobre todo tamén agradecerlles a todos os deputados desta cámara, todos os deputados cos que tiven a ocasión de debater para acadar entre todos unha Galicia mellor, máis plural e máis diversa. Creo que ten sido, como teño dito, unha honra, un orgullo, e simplemente trasladarlles que durante as semanas que aínda seguirei nesta cámara seguirei polo mesmo camiño: o camiño do diálogo, o camiño do interese xeral. E, polo tanto, agradecer —xa digo— esta oportunidade que me brindan nestes momentos. (*Aplausos.*)

Cada vez que tivemos ocasión de falar dos fondos Next Generation sempre o fixemos cunha visión clara da oportunidade que pode e que ten que ser para Galicia precisamente aproveitar estes fondos. Dende o primeiro momento trasladamos que, efectivamente, o Goberno tiña un compromiso de deixar nas comunidades autónomas a xestión de polo menos un 50 por cento, e nese contexto Galicia ten recibido 1.200 millóns de euros, como todos saben, para executar diferentes políticas que veñen predefinidas por parte do Goberno. E neses fondos —e dígoos pola súa pregunta— saben perfectamente que os fondos destinados á política industrial se reservou o Goberno o 100 por cento. Dos 1.200 millóns de euros que recibe Galicia por parte do Goberno, o 0,48 por cento veñen destinados a algún aspecto da política industrial. Non hai nin un só fondo destinado nos PERTE que as comunidades autónomas teñamos recibido para poder impulsar os diferentes proxectos nos que en Galicia estamos traballando.

Son máis de 42.000 millóns de euros, señora Rodríguez Rumbo, os fondos que se están xestionando para impulsar estes proxectos industriais estratéxicos.

Si teño que dicir que Galicia ten feito os seus deberes. Temos unha carteira de proxectos que teñen o respaldo da Xunta de Galicia, vinculados co polo aeroespacial de Galicia, vinculados coa Cidade das TIC, vinculados con proxectos importantes como Altri, como Ence, como Estrella Galicia, como Resonac, como as plantas de hidróxeno verde das Pontes e de Meirama, como a planta de metanol de Forestal del Atlántico, como o proxecto do Campus Tecnolóxico e a planta de aluminio verde de Cortizo.

Señora Rodríguez Rumbo, só temos unha traba para poder impulsar estes proxectos, e é que precisamente o Goberno lles dea acceso aos fondos europeos, dos que se reservou o 100 por cento da súa execución, e que nestes momentos están supoñendo unha traba.



Eu, con toda a cordialidade, o que espero é que o Partido Socialista de Galicia se una precisamente á Xunta de Galicia para exixir que o Goberno cumpra con Galicia e que, polo tanto, os fondos que están destinados pola parte da Comisión Europea poidan vir a estes proxectos.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, insisto dándolle os parabéns do noso grupo para facer un digno labor de oposición ao próximo Goberno, que será encabezado por Pedro Sánchez, ao igual que ten feito durante este tempo dende o escano deste Parlamento galego, e polo tanto agora terá ocasión de enfrontarse directamente contra ese Goberno de Pedro Sánchez, que tan bos réditos e tan bo ten sido para Galicia. (Aplausos.)

Señor conselleiro, España, con máis de 160.000 millóns de euros adxudicados a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, é o país da Unión Europea que mellor e máis rápido está cumprindo. 121 fitos xa cumpridos, máis de 37.000 millóns de euros xa recibidos en tres pagamentos e xa aprobada a addenda que vai permitir mobilizar 94.000 millóns de euros.

Galicia é a quinta comunidade autónoma que máis fondos ten recibido; ata marzo de 2023, 2.868 millóns de euros, a metade xestionados directamente pola comunidade autónoma; un total de 171 proxectos industriais galegos xa son beneficiados con case 200 millóns de euros a través de oito PERTE.

O Goberno do Estado xa buscou encaixe a máis dun centenar de novos proxectos galegos, que poderán optar ao financiamento a través da nova addenda.

Durante todo este tempo o Goberno galego aplicou máis enerxías en confrontar co presidente Sánchez que en xestionar correctamente os fondos recibidos. O informe de fiscalización do Consello de Contas revélanos que a xestión da Xunta de Galicia sobre os fondos Next Generation foron falla de planificación, falla de seguimento, falla de transparencia e de rendición de contas. Non existe un plan estratéxico de subvencións, non existe un plan anual de contratación, non existe unha norma específica para axilizar a xestión dos fondos, non se elaboran informes sobre a evolución das accións desenvolvidas, os órganos creados non exercen as funcións...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo. Terminou o tempo, grazas.

(Aplausos.)

Peche da pregunta, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.



O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rumbo, eu pediríalle un pouquiño de prudencia, imos deixar que os galegos e os españois falen o 23 de xullo, e a partir de aí xa veremos efectivamente quen asume a presidencia do Goberno de España na próxima lexislatura.

Eu, simplemente, o que lle podo trasladar é que si que esperamos que haxa un cambio de goberno, porque a Galicia lle foi moi mal con Pedro Sánchez, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) obxectivamente lle foi moi mal con Pedro Sánchez.

Eu, cando falamos de fondos europeos, hai algo que lle recoñezo: unha certa impotencia por non ter conseguido que nesta cámara se asuma que o Goberno de Pedro Sánchez se reservou o 100 por cento dos fondos europeos destinados aos proxectos industriais vinculados aos PERTE. ¿Que parte deste dato non consigo trasladar? O 100 por cento. Polo tanto, cando empezan a mesturar —que é o que fan— os fondos que se están transferindo vía conferencia sectorial ás diferentes consellerías, cando mesturan os fondos Feder, cando mesturan os fondos REACT, cando mesturan todos os fondos e queren trasladar que as comunidades autónomas temos fondos para apoiar os proxectos industriais, simplemente non están respostando á realidade: o 100 por cento destes fondos dependen exclusivamente do Goberno, e lamentablemente, señora Rodríguez, as empresas (Altri, Resonac, Ence, o resto de proxectos nos que estamos traballando) non están accedendo aos fondos europeos, porque simplemente está sendo un fracaso por parte do Goberno, como foi un fracaso a primeira convocatoria do PERTE de automoción, que lamentablemente deixou tamén fora Stellantis, e nestes momentos estamos intentando esa rectificación por parte do Goberno, que ten que facer unha segunda convocatoria, precisamente para corrixir os erros.

E doulle máis datos: son 42.000 millóns de euros os fondos anunciados a través dos diferentes PERTE. A día de hoxe, señora Rodríguez, o Goberno, que é o que ten a competencia desas convocatorias, tan só convocou 13.668, menos dun terzo, despois de dous anos e medio, e o Goberno non resolveu apenas o 20 por cento dos fondos industriais. Ese é o dato. E doulle outro dato adicional: Galicia apenas está recibindo o 4 por cento dos diferentes proxectos que están vinculados aos eidos industriais.

Polo tanto, señora Rodríguez Rumbo, hai unha realidade, e é que o Goberno ten que mudar a política dos fondos europeos, e esperemos que sexa un goberno do Partido Popular o que faga esa rectificación.

Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Eu tamén lle desexo moita sorte, señor vicepresidente, e tamén lle agradezo o seu traballo, e tamén especialmente o seu traballo parlamentario. Pois moitas grazas, e que teña moita sorte e saúde.



Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan estratéxico de loita contra a sinistralidade laboral

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Daniel Pérez López, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Elaborar e aprobar un Plan Galego de Seguridade e Acción Preventiva co obxectivo prioritario de minimizar os accidentes de traballo graves e mortais. No proceso de elaboración e aprobación do Plan participarán os organismos que teñen especificamente atribuídas as competencias en materia de promoción, asesoramento e vixilancia da seguridade e da saúde laboral: Instituto de Seguridade e Saúde laboral da Galiza (ISSGA) e Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

b) Impulsar a elaboración dunha Estratexia Galega de Seguridade e Saúde laboral 2023-2028, coa participación dos axentes sociais, que conte con dotación orzamentaria suficiente para garantir a súa aplicación e implementación e incorpore a perspectiva de xénero na seguridade e a saúde no traballo, así como cuestións ás que se debe facer fronte no ámbito preventivo como as transicións dixital, demográfica e ecolóxica. A elaboración e aprobación desta Estratexia residenciarase no Instituto de Seguridade e Saúde laboral da Galiza (ISSGA) e no Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

c) Incrementar o número e as competencias de inspección dos Técnicos/as Habilitados/as dependentes do ISSGA.

d) Aumentar e optimizar a coordinación do Servizo Galego de Saúde e os dispositivos públicos de prevención co obxectivo de mellorar a detección de enfermidades profesionais, sistematizar a información relativa a accidentabilidade e causas da mesma e identificar, e prever e anticipar factores de risco laboral vinculados aos accidentes non traumáticos.

e) Solicitar do goberno Estado a transferencia de recursos e competencias en materia de Inspección de Traballo.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora María del Carmen Rodríguez Dacosta.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

A sinistralidade laboral é unha lacra, e en ocasións invisible, á que o Grupo Parlamentario Socialista quere darlle voz de novo neste parlamento. Sen dúbida, a día de hoxe as consecuencias dos accidentes e as enfermidades relacionadas co traballo supoñen un grave problema social que leva aparelados enormes custos humanos e tamén económicos.

En Galicia contabilizáronse no ano 2022 73 mortes por accidentes de traballo, 19 máis que no ano 2021. As organizacións sindicais advertían que a recuperación da actividade produtiva tras o peor período da pandemia, se non viña acompañada dunha mellora nas condicións de traballo, tería como consecuencia un incremento da sinistralidade, polo que o Goberno galego debe facer esforzos precisos, todos os esforzos precisos, para reducir esta problemática.

Existen cuestións ás que debe facer fronte no ámbito preventivo, e das que non se está a falar neste parlamento: a transición dixital, demográfica e ecolóxica na prevención. O cambio climático xa está a impactar na seguridade e saúde das persoas traballadoras, polo que é indispensable traballar dende a xestión preventiva para adaptar as condicións de traballo ao novo escenario climático.

De feito, o Goberno presidido por Pedro Sánchez, ese malvado Pedro Sánchez do que fala a bancada popular, estao a facer; de feito, no Consello de Ministros do 10 de maio de 2023 acordábanse medidas de protección dos traballadores e traballadoras fronte aos riscos relacionados cos fenómenos meteorolóxicos adversos. A disposición enmárcase no desenvolvemento da recente Estratexia española de seguridade e saúde laboral 2023-2027 e cos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axencia 2030 relacionados cos efectos do cambio climático.

Así, deberanse tomar medidas adecuadas para a protección das persoas fronte a eses riscos, incluíndo as temperaturas extremas. As medidas preventivas incluírán a prohibición de desenvolver determinadas tarefas durante as horas do día nas que concorran fenómenos adversos que así o requiran, sen prexuízo da adopción de medidas de protección individual que sexan procedentes.

De feito, no suposto no que se emita polas axencias meteorolóxicas un aviso de nivel laranxa ou roxo que determine que as medidas preventivas anteriores non garanten a protección dos traballadores e das traballadoras, resultará obrigatoria a adaptación das condicións de traballo, incluída a redución ou modificación das horas de desenvolvemento da xornada prevista. E isto faino o Goberno de Pedro Sánchez.

As comunidades, señoras e señores do Partido Popular, tamén teñen competencia lexislativa nesta materia, pero en Galicia pois non se ve moito, ¿non? Un exemplo foi o Goberno de Balears, impulsando unha lei na que se contemplaban medidas para a protección laboral das camareiras de pisos, coa obrigatoriedade de renovar as camas dos hoteis para mellorar as



condicións de traballo de máis de vinte mil camareiras, como tamén a obrigatoriedade de que fagan un cálculo máximo do número de habitacións que pode limpar unha traballadora sen afectar a súa saúde, segundo expón a norma. Tomen nota.

Por outra banda, a protección da saúde mental das persoas traballadoras é a grande esquecida da xestión preventiva. Proba diso é que unha das principais causas de morte durante os últimos anos foron os infartos e derrames cerebrais, patoloxías que están asociadas coa exposición aos riscos psicosociais, que son os menos avaliados polas propias empresas.

A precariedade laboral ou a combinación de altas exixencias e baixo control no traballo están asociadas a unha peor saúde mental. A temporalidade é un dos principais riscos para a saúde dos traballadores e das traballadoras. Son moitas as investigacións que demostran unha relación entre ter un emprego temporal e un peor estado de saúde e maior risco de padecer accidentes laborais.

Aí a Xunta tamén podía facer un traballo. Falo dos brigadistas de Consellería do Medio Rural e de Medio Ambiente, ou na Consellería de Sanidade, ¿verdade, portavoz de sanidade? E todo isto nun contexto de intensificación do traballo asociado a proxectos de dixitalización, xestión algorítmica da organización do traballo ou economía de plataformas que non se van deter.

Pero esta relación entre temporalidade e sinistralidade ¿por que se dá? Aos traballos temporais sóeselles asignar traballadores inseguros, con pouca ou ningunha formación. Os traballadores temporais nalgúns sectores adoitan ser traballadores manuais; por tanto, a taxa de lesións é maior. Os traballadores temporais poden presentar inexperiencia ou descoñecemento das actividades a desenvolver, o que supón exporse a maiores riscos. Ou a falta de formación especial en materia de prevención de riscos laboral segue sendo un dos principais factores que motivan a relación temporalidade-sinistralidade laboral.

Por iso, e por moito que lle pese á bancada popular, temos que pór en valor a reforma laboral realizada, de novo, polo Goberno do Estado, polo Goberno presidido por Pedro Sánchez. Hoxe, señores e señoras do Partido Popular, hai máis persoas traballando que nunca, ao tempo que se consolida a mellora da calidade do emprego. (*Aplausos.*)

Grazas á reforma laboral, a taxa de temporalidade redúcese á metade, do 30 por cento ao 14 por cento, e o número de afiliados con contrato fixo aumentaron en máis de 3 millóns dende finais de 2021; concretamente do último mes do que temos datos o 44 por cento dos contratos firmados son indefinidos.

Tamén é imperativo avanzar na incorporación da perspectiva de xénero na seguridade e saúde no traballo e conseguir que as empresas cumpran rigorosamente coa normativa en materia de prevención de riscos, internalizar a xestión preventiva nas empresas.

Pero indo ás cifras da Comunidade Autónoma, no ano 2022 rexistrábanse en Galicia, segundo os datos publicados polo Ministerio de Traballo e Seguridade Social, 28.401 accidentes laborais. Si que é certo que supón un leve descenso, un 1,9 en relación co ano anterior. Por



certo, a fonte que utilizamos é a estatística do Ministerio de Traballo, porque é incrible que a estas alturas na páxina web da Consellería de Traballo e do Issga, dependente da Xunta de Galicia, aínda non se publicaran as estatísticas e só apareza o estudo correspondente ao ano 2021. Isto demostra, dende logo, o interese que ten a Xunta nesta lacra.

Hai que precisar que estas cifras inclúen os accidentes *in itinere*. Dese total, 27.891 foron leves, 437 graves e 73 mortais. Por seccións da actividade económica, as que máis accidentes rexistran son a industria manufactureira, con 6.078; a construción, con 4.125; o comercio ao por menor e reparación de vehículos a motor e actividades administrativas e servizos auxiliares, con 2.458.

Territorialmente, é a provincia da Coruña a que máis accidentes rexistraba, con 22 mortais; Pontevedra, 19 mortais; Lugo, 7 falecidos; e Ourense 5, persoas mortas durante a xornada laboral.

Nese senso, organizacións sindicais, como UGT Galicia, demandan políticas que atendan á redución da incidencia —reitero— dos riscos psicosociais entre a poboación traballadora, porque en canto ao índice de incidencia, accidentes por cada 100.000 traballadores, en Galicia este ano foi de 2.530,7. Este índice, no caso de sinistros mortais, situouse no 6,59, cando era no ano 2021 de 4,82. Estas cifras son elevadas. De feito, Galicia é a terceira comunidade co índice de incidencia en sinistros mortais máis elevado, só superada por Murcia e La Rioja.

Entrando nos datos deste ano, deste ano 2023, Galicia sae a segunda comunidade, por desgraza, con máis sinistros mortais nos dous primeiros meses. Segundo os datos do Ministerio de Traballo, Galicia rexistraba nestes dous primeiros meses un total de 3.758 sinistros, dos cales 71 foron graves e 12 resultaron mortais, situando a nosa comunidade como a segunda con máis falecidos, igualada con Cataluña e Valencia e superada por Andalucía.

Facendo unha análise dos índices de incidencia, aqueles que relacionan os sinistros coa poboación asalariada, Galicia ocupa o segundo lugar, cun índice de 0,549, só por enriba de Estremadura.

Por todo isto, a Xunta ten que establecer como prioridade no ámbito laboral que a seguridade e saúde no traballo sexa un dereito real e efectivo. O Partido Socialista de Galicia nunca utilizou as mortes nun accidente laboral como unha arma arroxadiza ao Partido Popular, ao Goberno galego, pero é clave que a prevención se sitúe no centro e que debe facer da saúde laboral un dereito fundamental, poñendo o foco na prevención de riscos laborais e nas condicións de seguridade e saúde nos centros de traballo. Hai que repensar o modelo de xestión preventiva.

E, ante esta situación, o Grupo Parlamentario Socialista, de novo, pídelles que elaboren de forma inmediata, neste ano 2023, un plan estratéxico de loita contra a sinistralidade laboral, consensado cos axentes sociais, como fai o Estado, incorporando a perspectiva de xénero na seguridade e a saúde no traballo, así como cuestións ás que debe facer fronte no ámbito preventivo, como dicía, a transición dixital, demográfica e ecolóxica.



Nesta liña, o Consello de Ministros —reitero—, en data 14 de marzo de 2023, aprobaba a Estratexia española de seguridade e saúde no traballo, froito do consenso entre a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e os seus interlocutores sociais

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Ben, remato, señor presidente, simplemente pedindo que fagan os deberes, que aproben esta iniciativa, que se poñan a elaborar esta estratexia e que sexa publicada xa de forma inmediata.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Daniel Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Fai xustamente un ano dende o Grupo Parlamentario do BNG interpelabamos a conselleira de Emprego sobre os datos de sinistralidade no noso país. Xa nese momento queríamos poñer o foco nunha triste realidade, que é que a Galiza leva anos nos postos máis altos do *ranking* de accidentes graves e mortais de todo o Estado español. E daba igual que analizáramos esta cuestión acudindo aos índices de incidencia de accidentes laborais como se o faciamos en datos absolutos.

Se miramos os primeiros, viamos como duplicabamos o ano pasado a media estatal neste tipo de accidentes; se a análise eran números de mortes, os datos eran e son terribles. No ano 2018 morreron na Galiza 61 persoas traballadoras durante a xornada laboral; no ano 2019, 65 persoas; no ano 2020, a pesar das restricións impostas pola pandemia, 61 persoas mortas durante a xornada laboral; no ano 2021, 53 persoas traballadoras falecidas.

Xa nese momento falabamos dunha cronificación deste problema, que amosaba que as políticas de prevención aplicadas polo Partido Popular dende que goberna este país non foran quen de atallar esta terrible realidade. Non foron capaces de cauterizar a sangría constante que ano tras ano se repite na Galiza.

É importante recordar que o Goberno galego ten transferidas as competencias en política de prevención de riscos e saúde laboral, dende que goberna o Partido Popular, pero que apenas se exercen, á vista dos datos de sinistralidade que estamos a analizar. E, en base a esas competencias asumidas, hai xa un ano preguntabámoslle tamén a señora conselleira de Emprego, a señora Lorenzana, que traballo de concienciación e explicación didáctica fixera o Goberno galego do Partido Popular nos seus anos de goberno para que as medianas e pequenas empresas, que constitúen o tecido empresarial deste país de forma maioritaria, entendan a prevención como un investimento e non como un custo.



Tamén lle preguntabamos que fixeron nestes anos de goberno para fomentar unha cultura preventiva no noso tecido empresarial, porque unha das razóns da alta sinistralidade, dende logo, é a falta de medidas de prevención por parte das empresas. De aí a importancia de concienciar en formación e sensibilización, para que se identifique a sinistralidade como un problema laboral, aínda que tamén social, grave. E iso correspóndelle á Xunta de Galiza.

É o Goberno galego, e nomeadamente a Consellería de Emprego, a que ten que exixir que os procedementos de traballo estean redactados. É a Consellería de Traballo a que debe acadar que a prevención se integre na xestión diaria dunha empresa, de xeito que as empresas se convertan en suxeitos activos e directos da seguridade dos seus traballadores. É a Consellería de Emprego a que debe amosar ás empresas que a prevención non é un custo, senón un investimento altamente rendible en termos económicos e ademais perfectamente cuantificables, tal e como sinala a Asociación Internacional de Seguridade Social, que é o organismo europeo de referencia en materia de prevención.

En suma, preguntábaslle á conselleira que se fixera dende a consellería nos trece anos de goberno que ían do Partido Popular nese momento para crear e fomentar unha cultura preventiva real e efectiva no noso país. Porque entendemos que esa cultura preventiva non existe, porque moitas veces, dende as empresas, dende as diferentes administracións e estamentos públicos, considéranse os servizos de prevención como un trámite que hai simplemente que cumprir.

Pero tamén denunciabamos que temos na Galiza unha acción inspectora, dependente do Estado, que é claramente insuficiente, fundamentalmente pola falla de medios humanos e materiais, propiciado isto pola liña política seguida ata o día de hoxe polos gobernos de turno, tanto do Partido Popular como do Partido Socialista.

Sen discutir os datos —porque son incontestables—, a conselleira falounos na súa intervención de hai un ano dunha estratexia clara por parte da consellería na que se tería en conta a idiosincrasia —dicía a señora Lorenzana— da situación laboral na Galiza, o feito diferencial galego, tamén no ámbito laboral —diría eu—.

Tamén nos falou dun novo xeito de coordinación coa Inspección de Traballo para facela máis eficaz e funcional, pero —e aí está tamén o quid da cuestión— desbotando a transferencia das competencias en materia de inspección, e leo literalmente: «polos problemas organizativos internos que isto suporía para o servizo».

Rematou a súa intervención a conselleira dicindo que quedaba esperando a moción para acordar na medida do posible. Pero, claro, cando presentamos a moción quince días despois, o Partido Popular aplicou o rodillo e votou que non a todos e cada un dos puntos que contiña esa moción, unha moción cuxa parte resolutiva era idéntica á emenda que hoxe presentamos á iniciativa do Partido Socialista.

E hai unha razón para isto, porque desgraciadamente nun ano nada mudou neste país en canto a sinistralidade laboral, nada se avanzou nesta cuestión, porque o número de persoas traballadoras falecidas en accidentes de traballo no ano 2022 foi xa de 67. Falábase dunha



cifra superior, porque aí inclúense tamén os accidentes *in itinere*; estes son 67 no centro de traballo. O que supón que o número de mortes en accidente laboral disparouse na Galiza no ano 2022, sendo a cifra máis alta dende o ano 2009. 67 mortes, que en moitos casos apenas tiveron eco nos medios de comunicación, máis aló dunha pequena reseña na prensa escrita, ficando invisibilizados e tendo un impacto social escaso.

¿Que fixo, pois, a Xunta de Galiza neste ano? ¿Que leva facendo nos últimos catorce anos en materia de prevención? ¿Onde se ve o traballo tan necesario de formación e sensibilización tanto a nivel social como a nivel empresarial? E non vale falar de que este é un problema xeral do Estado español, porque non é así, porque dende que hai rexistros a Galiza supera, por moito, a media estatal do índice de incidencia de accidentes mortais.

No ano 2022 na Galiza 6,59 mortes por cada 100.000 mil persoas traballadoras, fronte ás 3,51 do conxunto do Estado. Ese dato só é superado —como xa indicaron tamén por parte do Partido Socialista— pola Rioxa e por Murcia.

En termos absolutos, aínda que as cifras de mortes foron descendendo dende as 100 que se producían na década dos noventa, seguen sendo altísimas. E a Galiza ocupa os postos altos neste triste *ranking* a nivel estatal, cunha progresión ademais preocupante: 61, 65, 61, 53 e 67. E isto non é unha lotería, estas son as 307 persoas traballadoras falecidas no seu posto de traballo en cinco anos neste país. Son demasiadas mortes.

E as enfermidades e os accidentes nos lugares de traballo non son froito nin do destino nin da mala sorte, senón que son o resultado de causas específicas. Sen dúbida, as empresas teñen a obriga de prestar máis atención aos riscos que afectan a seguridade e o benestar dos traballadores e das traballadoras do noso país.

Pero a sinistralidade laboral ten que ser unha prioridade na acción de goberno das diferentes administracións con competencias neste tema. Desgraciadamente, vemos no BNG como nin para a Xunta nin para o Goberno español é así; é dicir, no BNG temos claro que é posible mellorar eses datos de sinistralidade laboral, pero iso —como dixen antes— exige vontade política e tamén orzamento. Xusto o que lle falta ao Ministerio de Traballo, que ve como os inspectores de traballo anunciaban a paralización das campañas de prevención e inspección como paso previo ao ir á folga. E ¿cal era a razón? O incumprimento do Ministerio de Traballo do acordo de reforzar plantillas e estruturas deste ente.

Estamos a falar de evitar mortes e accidentes no traballo. Unha cuestión tan sensible exige un maior esforzo e compromiso. Se o Estado español, que é a quen lle corresponde competencialmente, non as ten, é unha obriga para o Goberno galego exixir as transferencias das competencias que dotarían a Consellería de Emprego das ferramentas necesarias para combater a sinistralidade laboral de xeito eficaz. Por iso, a nosa emenda instando a Xunta a solicitar do Estado a transferencia dos recursos e das competencias en materia de inspección. Asumindo esas competencias, poderíamos atallar outra derivada da sinistralidade laboral que é diferencial na Galiza, que é a sinistralidade laboral no mar.

En dez anos no sector da pesca e da acuicultura, con só 20.000 empregados na Galiza, en comparación co resto de traballadores, morreron 100 persoas traballadoras. Casos como o



do *Vila de Pitaxo*, o *Albacora IV*, o *Silvosa* ou o *Sen querer Dous* integran esas cifras terribles que piden a berros a adopción de maiores medidas de seguridade para buques e para traballadores. Os propios inspectores de pesca pedían hai uns días —en maio— que se mellorase a formación en materia de embarques e en prevención de riscos aos que se ven expostos eses inspectores cando realizan as súas tarefas de control.

Se queremos un sector pesqueiro san, é imprescindible recoñecer que na Galiza é necesaria unha formación específica para inspectores laborais que desempeñen as súas funcións no mar e no relativo á pesca. Garantir a seguridade e o dereito dos nosos mariñeiros pasa por asumir a Xunta as competencias en materia de inspección. Se o Estado non contempla ese feito diferencial galego, é a Xunta de Galiza a que ten a obriga de atender esta necesidade. Pero, mentres isto non pasa, é imprescindible mellorar a loita contra a sinistralidade partindo das competencias que Galiza ten asumidas neste momento. E por iso na nosa emenda pedimos a elaboración e aprobación dun plan galego de seguridade e acción preventiva co obxectivo prioritario de minimizar os accidentes de traballo graves e mortais; impulsar a elaboración dunha Estratexia galega de seguridade e saúde laboral 2023-2028, na que participen efectivamente os axentes sociais e que estea dotada orzamentariamente; incrementar o número e as competencias dos inspectores e técnicos habilitados dependentes do Issga; e aumentar e optimizar a coordinación do Servizo Galego de Saúde e os dispositivos públicos de prevención, co obxectivo de mellorar a detección das enfermidades profesionais.

Insisto: esta emenda é o mesmo que pediamos hai un ano, porque o problema segue estando aí e a Xunta de Galiza non foi capaz de atallalo. Co actual modelo de regulación está claro que non serve para frear o aumento dos accidentes graves e mortais no traballo. Cos actuais números non se adoptan medidas urxentes e de calado e abocando as persoas traballadoras galegas a uns niveis de desprotección social e laboral que son inaceptables, polo menos para o BNG.

Para o BNG a prevención de riscos laborais e a seguridade e saúde no traballo constitúen elementos esenciais e irrenunciabes para a clase traballadora no marco dunha sociedade xusta e democrática; para o Goberno galego parece que non.

Nada máis pola miña parte.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Pérez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día.

Grazas, presidenta.

Desculpen polo meu ton de hoxe porque non é o mellor para intervir.



Eu quería dicirlles que dende este grupo concordamos con vostedes en que os datos da sinistralidade laboral non son bos, non son bos en España e non son bos en Galicia. E, mentres non poidamos vir a esta cámara falar de cero accidentes laborais, nunca serán bos nin para este grupo nin para o Goberno galego, que seguirá traballando, porque a loita contra a sinistralidade laboral é prioritaria para a Xunta de Galicia, pese a eses discursos —¿non?— un pouco prefabricados e repetitivos cos que unha vez ao ano os dous grupos da oposición veñen a esta cámara.

Que se o Goberno galego non exerce as súas competencias —escoitámolo hai un ano e volvémoslo escoitar dunha ou doutra forma hai un momento— ou non é quen de adoptar medidas, cousa que falsa. Que se o motivo é a precariedade laboral do mercado do traballo galego, falso tamén. Pero, ben, xa vén agora o señor Sánchez salvar a precariedade laboral, que o único que fixo foi cambiarlle de nome a un tipo de contratos. Ou que se a orixe está nas políticas de austeridade do Partido Popular, falso tamén; por certo, a austeridade, os recortes válenlles a vostedes para todo: para facerlles as preguntas ao presidente, para falar da sinistralidade laboral, para todo. Pero olvidan dicir, señores do Partido Socialista, que a austeridade e os recortes nacen sempre co Partido Socialista. (*Murmurios.*) Señorías, ¡home!, porque cada vez que vostedes deixan de gobernar hai que recompoñer a economía que vostedes destrozan.

Miren, eu, escoitándoos, vexo que o Partido Popular é a orixe de todos os males deste país. É moi certo. Non debe ser cando, elección tras elección, as galegas e os galegos danlle outra vez ao Partido Popular a súa confianza maioritaria. E acabámolo de ver hai quince días nas eleccións municipais, nas que o Partido Popular volveu ser o partido máis apoiado pola cidadanía. (*Aplausos.*)

Repítolles: cada vez que falamos de austeridade e vostedes lle queren botar a culpa ao Partido Popular, recorden que a austeridade nace sempre do Partido Socialista; cando deixan de gobernar, temos que recompoñer a economía que vostedes destrozan. E esa confianza que nos outorgaron os cidadáns galegos hai quince días ¿saben como se gana, señorías? Gánase traballando; tamén no eido que nos ocupa hoxe, o da seguridade e a saúde laboral.

E deron vostedes moitos datos, todos para deostar o Goberno galego, pero teñan en conta que cada vez que atacan un Goberno galego sen base para facelo e sen fundamento o que están a facer é atacar a Galicia. Vostedes mesmos. Miren, non sei por que non falan de datos positivos, porque tamén os hai. Eu voules dar tres, non para xustificar nada, porque creo que non hai nada que xustificar; e o que si lles pediría é que despois non fixesen demagogia con eles. Porque lles reitero o que dixen ao principio: que mentres non veñamos a esta cámara dicir que hai cero sinistros laborais en Galicia, o Goberno galego, este grupo, tendo presente todas as galegas e os galegos que sufriron algún accidente laboral no noso país, seguirá a traballar por mellorar a seguridade e a saúde laboral de todas as traballadoras e traballadores galegos.

Tres datos. Primeiro: enfermidades profesionais relacionadas co traballo declaradas en Galicia no ano 2022, como vostede ben dixo, señora Dacosta, 1.264. Unha lectura que vostedes fan negativamente, cando é todo o contrario do que din vostedes, porque que as enfermeda-



des profesionais aumenten en número non ten por que ser negativo; é máis, é que non é negativo ese dato, porque o que quere dicir é que as cousas se están a facer ben e que se está traballando activamente para que esas patoloxías que están a sufrir as galegas e os galegos se declaren adecuadamente e non como enfermidades comúns. Moitas veces tense criticado nesta cámara que hai subrexistros e que as patoloxías que debían tratarse como enfermidades laborais se estaban a tratar como comúns. Neste momento critican o incremento, cando o incremento o que vén significar é que se están ordenando, co beneficio —aínda que non queiran velo— para a cidadanía, que as ve recoñecidas, e mellorando ao mesmo tempo o funcionamento das administracións, xa que estamos a eliminar custos do Servizo Galego de Saúde que non lle pertencen a el. E isto ten un nome: é traballo, eficacia e eficiencia na xestión dos recursos públicos para mellorar o benestar das galegas e os galegos.

Segundo dato: accidentes en xornada laboral en Galicia, no ano 2022, 25.732; a metade dos rexistrados no ano 2008, que foron 50.393, cando a seguridade e a saúde laboral en Galicia a xestionaban vostedes, os dous grupos xuntos.

Terceiro dato: accidentes mortais en Galicia no ano 2022, 73 —díxoo ben, señora Dacosta—; en xornada laboral, 67, e 21 deles no triste afundimento do *Vila de Pitaxo*. Accidentes mortais en Galicia no ano 2008, naquela Galicia gobernada polo Partido Socialista de Galicia e polo Bloque Nacionalista Galego, 102.

Señorías, estes son os datos e esta é a realidade, a pesar de que a Xunta de Galicia non está a exercer as súas competencias —como din vostedes— e pese a que é incapaz de implementar políticas, señor Pérez, que nin vostedes mesmos se cren o que din.

Eu de verdade que recoñezo que queda moito traballo por facer, pero, despois de escoitalos, convídoos a que fagan unha reflexión, unha reflexión por respecto ás galegas e aos galegos e que enfoquen estes debates en materia de sinistralidade laboral tendo conta a estrutura económica e a estrutura empresarial galega. Porque a súa análise da incidencia —a dos dous grupos— foi bastante frouxa e daría para un debate moito máis extenso. Por iso eu pídolles seriedade e pídolles rigor.

Señora Dacosta, louvou vostede unha vez máis o sanchismo, pero omitiu que o Goberno galego foi determinante, conxuntamente con Cantabria, na elaboración da Estratexia española de seguridade e saúde no traballo que aprobou hai dous meses o Goberno do Estado. Galicia participou aportando nesa ponencia. Polo tanto, esa louvanza eu creo que debería ser compartida nestes momentos cando menos á metade entre o socialismo do Goberno do Estado e o Goberno do Partido Popular de Galicia. Porque que lle recoñeza o traballo ao señor Sánchez e non nolo recoñeza o Partido Socialista de Galicia non ten moito sentido.

O mesmo que non ten sentido que veñan pedir hoxe o Partido Socialista un plan estratéxico e o Bloque Nacionalista Galego unha Estratexia galega de seguridade e saúde 2023-2028, que significa que viven nunha Galicia diferente; é que andan a rebufa do Goberno do Partido Popular, porque o pasado 31 de marzo e despois de consensuar cos axentes sociais de Galicia que a estratexia galega empezaría a tramitarse despois de aprobada a nacional, o pasado 31 de marzo o Consello Galego de Seguridade Laboral creou xa o grupo de traballo para elaborar



esa estratexia que vostedes veñen pedir hoxe, dous meses e medio máis tarde, a esta cámara; un grupo de traballo no que están todos os axentes sociais de Galicia e no que por primeira vez está o sindicato nacionalista nese grupo de traballo, señor Pérez.

Así que ¿como que nada se avanzou? Avanzamos moito. Temos o sindicato nacionalista no grupo de traballo. E, ademais, vostedes non se enteran do que non se queren enterar, porque agora si que teñen fío directo, ou non se enteran do que non lles convén enterarse.

Miren, en Galicia nestes momentos hai unha planificación de actuacións deseñadas e consensuadas cos axentes sociais. O plan de actuación do 2023 do Issga contempla accións concretas e está completado coas achegas dos interlocutores sociais. Está a mellorarse a calidade do servizo de asesoramento ao tecido empresarial galego para dar resposta a eses novos riscos derivados da transformación do mundo do traballo.

Señora Dacosta, a transición dixital, demográfica e ecolóxica da que falaba vostede xa se adiantou a esa transformación o Goberno do Partido Popular.

E tampouco queren enterarse de que se están a incrementar as actuacións de comprobación do material e das condicións de seguridade e saúde nos centros de traballo; 500 actuacións nos últimos cinco meses dende que se iniciou este ano.

Novos programas este ano dirixidos a sectores, actividades e colectivos concretos e onde é máis necesario intervir; máis oferta formativa, máis recursos humanos e técnicos; e incorporar a perspectiva de xénero —que vostedes tamén piden hoxe— é o que está a facer xa a Comisión para a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais; unha unidade do Issga específica na materia e da que forman parte todos os axentes sociais de Galicia.

Eu creo que non teño moito máis que aportarlles. Finalizo xa.

Hoxe tocaba falar de sinistralidade laboral —e eu agradézollelo— para deixar claro dúas cousas: primeiro, que este goberno e que este grupo, esta bancada da dereita, non vai deixar de traballar mentres os datos, as cifras que demos nesta cámara non sexan igual a cero sinistralidade laboral en Galicia; e para deixar claro que é unha prioridade para o Goberno galego e para o presidente Rueda e que seguirá a traballar para acadar esa cifra igual a cero de sinistralidade laboral no noso país.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Pérez.

Para pechar esta proposición non de lei, ten a palabra a autora da mesma, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.



A que parece que non vive nesta comunidade autónoma é a señora Noelia Pérez, do Partido Popular, (*Aplausos.*) porque 73 mortos en accidente laboral, ano 2022-dous primeiros meses no ano 2023; entón, vostede de verdade que non vive en Galicia.

Pero creo que tampouco vive en España, debe vivir no estranxeiro, porque fala de que as políticas que está a empregar o Goberno do Estado son de austeridade. Pois debe ser a única española que di iso. Porque realmente, se quere, un día facemos un pleno monográfico para contrastar as políticas de austeridade que levou Rajoy cando a crise do 2008, que deixou moitos traballadores e traballadoras na cuneta, para contrastar coas políticas deste goberno que está en Madrid, si, presidido por Pedro Sánchez, e que foi o primeiro en pór medidas para que os traballadores e traballadoras non quedaran na rúa, e volvemos todos traballar cando acabaron os ERTE, cousa que non pasou no ano 2008, (*Aplausos.*) eu a primeira, eu a primeira.

E falan de que non somos serios e rigorosos tanto esta portavoz como o portavoz do BNG. Os datos que demos están aí. Galicia ten un índice de accidentabilidade que é dos maiores do Estado. E dicíamos que non utilizabamos as mortes. Eu non dei ningún caso particular —que podería— neste plenario, porque non é o caso. O caso é que se poñan a traballar e realicen plans e non fagan anuncios e propaganda.

Porque mire, a semana pasada o señor Rueda vén dicir: imos empregar sete millóns e medio en prevención. Gran noticia, pero gran noticia saía, nota de prensa da Xunta de Galicia, *La Voz de Galicia* a toda páxina. Pero é que mire, voulle dar uns datos, para que vexa. No ano 2009 o orzamento aprobado polo Goberno de Pérez Touriño, socialista, para o Issga, para a prevención de riscos, era de 10.700.000 euros, tres millóns e medio máis que vostedes agora no ano 2023. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Si, compróbeo; si, compróbeo. Entón, as conclusións son obvias: o Partido Popular adica menos orzamento que no ano 2008 a políticas de seguridade e saúde dos traballadores; concretamente, 3.280.000 euros menos.

No ano 2009 adicábase ás políticas de prevención, excluindo os gastos de persoal, un 47 por cento, señora López, e vostedes empregan un 20 por cento menos. Porque o que non di Rueda é que, dos sete millóns e medio, catro millóns e medio son para o persoal que está no Issga; iso non o di.

Tamén falaba vostede de que é que a economía en España vai mal. Vostede non escoita a radio, vostede non le periódicos, vostede non le as estatísticas, vostede a verdade é que pode dicir moitas cousas, e podemos contrastalas e podemos falalas, pero ¡que diga que a economía en España vai mal...! Pois mire, é que non é certo. E mentir neste parlamento ¡pois vaia!, pois non queda moi aló.

Mire, voulle pasar uns datos para que refresque a memoria. A taxa de variación anual do IPC no mes de maio sitúase no 3,2 por cento, 9 décimas por baixo da rexistrada en abril, case a metade que para o conxunto da zona euro, cun 6,1 por cento. Eses son os datos. A taxa anual de inflación subxacente diminúe 5 décimas, ata o 6,1, o que nos sitúa na terceira economía da Eurozona co IPC máis baixo.

Isto é o que hai, esta é a economía que vostede di que vai tan mal.



E hai un informe, que debe ler, que di que, fronte a un contorno desafiante no contexto da agresión de Rusia contra Ucraína, a economía española ten resistido notablemente ben. Pero é que só hai que ver o respecto que lle teñen na Comunidade Europea ao noso presidente polas políticas económicas. Porque mire, nós somos abandeirados das políticas sociais, pero resulta que nesta lexislatura non só iso, senón que a política económica de Pedro Sánchez foi espectacular, espectacular, e iso sábeno os españois e as españolas, e tamén os galegos e as galegas. E —repito— mentir neste parlamento pois non debería.

E voulle dar non diría lección, pero ao mellor exemplos de como se debe actuar nesta materia, para que vexa o contraste de como facemos nós as políticas de prevención e a concienciación e vostedes. Ano..., Goberno bipartito, ese deostado Goberno bipartito. Plan... ¡Moito ollo!, unha iniciativa de sensibilización dirixida aos escolares que tiña por obxecto conseguir que os máis pequenos interiorizaran a cultura preventiva de forma que cando teñan que enfrontarse como traballadores aos riscos laborais asuman a prevención de forma innata. Eu non vexo estas campañas por parte da Xunta de Galicia. O eixo condutor era unha mascota coa que se incidía na necesidade de prestar atención ás situacións de emerxencia que se poidan producir na vida diaria para poder actuar previndo esas situacións e facilitando a solución adecuada a cada risco. Incorporaban o concepto de seguridade e saúde laboral dende as idades máis temperás, utilizando a divulgación en moitísimos colexios de Galicia. Pode mirar na hemeroteca como se realizaban esas campañas. Unha campaña, Movemento contra a Lei de Murphy, co fin de concienciar na prevención de riscos laborais a preto de 35.000 estudantes de formación profesional en Galicia, realizada pola Consellería de Traballo en colaboración coa Consellería de Ordenación Universitaria, situando o alumnado de formación profesional como un sector clave en tanto se incorporara nun curto prazo de tempo ao mercado laboral. Desenvolvíase na Coruña, en Vigo, en Fene, en Ourense, en Santiago, en Ribadeo, en Pontevedra. Iniciativas que foron pioneiras no Estado.

E teño que recordarlle, señora Pérez, quen foi, por medio dunha lei, a Lei 14/2007, quen creou...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Remate, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—remato— o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Bote contas, é do ano 2007. ¿Quen creaba esa lei? O Goberno bipartito.

Nada máis.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): ¿A emenda? Posiciónese sobre a emenda.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Imos intentar transaccionar, porque estamos de acordo na transferencia da Inspección de Traballo,...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): ¿Van intentar unha transacción?



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...co que si estamos de acordo. Entón, falamos e xa chegamos a un acordo.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas.

Pasamos á seguinte proposición.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que desenvolva as negociacións oportunas dirixidas a acadar un pacto nacional pola vivenda

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Alexandra Fernández Gómez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a asumir un Pacto Nacional da Vivenda que conte, alomenos, cos seguintes programas:

-Programa nacional de incremento do parque público de vivenda en aluguer até o 5% en 5 anos, con especial atención ás zonas con demanda acreditada no Rexistro único de demandantes de vivenda.

-Programa de rehabilitación pública con criterios de selección de inmobles e localización obxectivos, baseados na demanda de vivenda pública e o grao de deterioro dos ambientes urbanos.

-Axudas á rehabilitación dirixidas aos sectores da poboación con dificultades para costear a vivenda principal.

-Plan de vivenda para a emancipación da mocidade.

-Plan de garantía de acceso á vivenda para persoas en situación de precariedade económica ou vulnerabilidade social.

-Plan para a mobilización da vivenda baleira.

-Plan de garantías mínimas de habitabilidade e de erradicación da infravivenda.

-Plan de impulso á rehabilitación en zonas en declive demográfico co obxectivo de procurar a fixación de poboación, especialmente da xente moza.»)



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para defender a proposición non de lei, ten a palabra a señora Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Señorías, hoxe traemos aquí desde o Grupo Parlamentario Popular esta proposición do Pacto nacional pola vivenda, Pacto nacional pola vivenda que claramente vén contraponer a situación que se vén producindo no conxunto do país coa política de vivenda do Goberno de Pedro Sánchez e a recente aprobación da Lei estatal de vivenda.

¿Cal foi esa política de vivenda de Sánchez? En cinco anos de goberno non mostrou o máis mínimo interese nin preocupación polos problemas da vivenda e dos cidadáns. Todo o contrario: atrasou incluso a posta en marcha do Plan estatal de vivenda e incluso a transferencia dos fondos tanto estatais como europeos ás comunidades autónomas.

Pero, como as enquisas non lle saían ben, Sánchez utilizou a vivenda como reclamo para o sanchismo en plena campaña electoral do 28-M. E os cidadáns asistimos atónitos aos anuncios por fases nos que Sánchez prometía en cada mitin 30.000, 50.000, 100.000 vivendas, vivendas da Sareb, parcelas do Sepe e o Ministerio de Defensa; chegou a prometer máis de 325.000 vivendas, iso si, sen aportar o máis mínimo detalle. Son as vivendas pantasma de Sánchez.

Se non fose así, unha mera ilusión óptica, poderíamos acusalo de negligencia e deixación de funcións, porque ¿como é posible que, con tantas posibilidades de facer vivenda pública, non fixera ningunha? Pero, non contento co teatro e a propaganda, quixo deixar aprobada a Lei estatal de vivenda, que xa viña anunciando desde hai máis de tres anos e que estaba gardada nun caixón. E para aprobar a lei tivo que pactar con Esquerra Republicana de Cataluña e Bildu; Bildu, ese partido político que levaba nas súas listas electorais 44 etarras e que non condena a violencia.

Sánchez conseguiu que se aprobase un proxecto de lei que xa contaba co rechazo unánime de todos os axentes implicados no sector da vivenda, expertos e organismos de referencia e comunidades autónomas; unha lei que supón un ataque frontal ás competencias autonómicas e municipais.

O informe do Consello Xeral do Poder Xudicial non deixa lugar a dúbidas. Leo textual: O texto caracterízase polo dirixismo da actuación das institucións autonómicas e locais de problemático encaixe na orde constitucional de competencias. *El objeto de esta ley es alinear las políticas de las comunidades autónomas.* Esta frase é de Pedro Sánchez e resume perfectamente cal é a intención desta lei: interferir nas capacidades das comunidades autónomas de producir as súas propias políticas en materia de vivenda —repito: as súas propias políticas—; unha lei para aliñar desde o Estado as políticas de vivenda das comunidades autónomas. Así o expresou o propio Sánchez.

En Galicia, señorías, non queremos que nos aliñen nin queremos ser aliñados polo Estado. É máis, en Galicia tampouco o imos permitir.



Unha Lei estatal de vivenda que tamén prevé medidas punitivas e a intervención no mercado do alugueiro, cando as experiencias que se puxeron en marcha noutros países e mesmo en Cataluña demostran que o modelo no funciona.

Todos os expertos e organismos advirten dos seus efectos: retirada de vivendas do mercado do alugueiro cara ao mercado de venda ou de alugueiro turístico e por temporadas, o que se traduce en prezos finais máis altos para esa menor oferta de vivendas, beneficiando as rendas altas e bloqueando o acceso á vivenda ás rendas medias e baixas, e mesmo a aparición dun mercado negro nas zonas tensionadas.

Unha lei que xera inseguridade xurídica e ataca o dereito á propiedade. O mandato constitucional para garantir o acceso á vivenda corresponde aos poderes públicos e non aos particulares —repito: aos poderes públicos—. Pero a lei dálle a volta á tortilla. O que fai esta lei é deixar caer o peso da responsabilidade que por mandato constitucional ten conferida a Administración sobre os ombreiros dos cidadáns. Os propietarios privados van ter máis obrigas que as entidades públicas de vivenda, porque a lei traslada as consecuencias dos impagos abusivos aos particulares. É máis: aqueles con ingresos de ata 1.800 euros serán considerados vulnerables e o seu desaloxo por impago será máis difícil. É curioso, porque a mozos e familias con ingresos de ata 1.800 euros non se lles considera vulnerables para outro tipo de axudas como pode ser o bono social ou as axudas para a hipoteca.

De novo, o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial é contundente e di que se carga ao propietario, que pode ser igualmente unha persoa vulnerable, e non á Administración, co custo de manter a ocupación e é o propietario quen soporta o dereito do seu incumpridor ao desfrute da vivenda; unha auténtica expropiación encuberta.

E é certo o que di continuamente o Partido Socialista, que se crea un novo dereito con esta lei, pero ese dereito é o dereito a okupar. Ese é o dereito que se está constitucionalizado, que se está legalizando. Os okupas ilegais son os únicos beneficiados con esta lei Sánchez, porque dificulta aínda máis o acceso do propietario á hora de desocupar a vivenda, ampliando os prazos nos procedementos de desafiuzamento e recuperación da propiedade e as garantías dos ocupantes. Esta lei supón o máis feroz ataque á propiedade privada, blindando os okupas e lexítima a usurpación da propiedade.

Non se pode descoñecer, señorías, que o Goberno Sánchez encontrou a fórmula máxica: fácil resulta legislar e que a factura a paguen outros.

A triste realidade é que, con esta Lei de vivenda, a okupación pasa a ser un dereito, a propiedade privada unha anécdota e, desde logo, o alugueiro unha operación de risco; un auténtico disparate.

Voulles poñer un exemplo: póñanse na situación dun pequeno propietario que ten unha vivenda en alugueiro. Con esa renda paga unha hipoteca ou a residencia ou coidadores dos seus pais, ou complementa a súa pequena pensión. ¿Cal pode ser a súa reacción ante esta lei? Vivenda en zona tensionada, vai subir a renda ao máximo que lle permitan. ¿Prexudicados? Os inquilinos máis vulnerables. Vai contratar un seguro, o seguro é o que ten que dar



o visto bo ao inquilino; máis trabas, máis pegas e máis barreiras. ¿Prexudicado? O posible inquilino máis vulnerable. Se tivese que arranxar a vivenda, vai investir o menos posible, porque non o vai recuperar. ¿Prexudicado? As relacións inquilino–arrendador e a calidade das vivendas. Como non se fía da seguridade xurídica que lle outorga a lei, pode pasar o alugueiro de longa duración a alugueiro temporal; menos oferta. Pero tamén pode pasar o alugueiro de longa duración a alugueiro por habitacións, co que sae da Lei de arrendamentos urbanos e entra o Código civil e xa non ten que cumprir a modificada LAU. Pero é que, ademais, podería deixala pechada, sen uso, e dirán que o imos penalizar, corre a cargo do IBI, seguramente preferirá pagar o recargo que arriscarse a ter o inmovible mínimo dous anos okupado, sen que lle paguen a renda, abonando gastos de auga, luz, gas e comunidade e co risco de danos no inmovible.

Un gran traballo, señorías, gran traballo do Goberno de coalición Sánchez–Podemos, agora Sumar, con esta lei. Outra chapuza lexislativa.

Tropezaron coa mesma pedra que coa vergonzosa aprobación da Lei do só si é si. Pretendendo beneficiar a emancipación dos mozos e o acceso á vivenda, son os okupas os únicos que saen gañando. Porque recórdolles que foi o Goberno de Pedro Sánchez o que, querendo protexer as mulleres, reduciu as condenas dos agresores sexuais e violadores e os puxeron na rúa.

Señorías, sen dúbida a vivenda é unha das preocupacións da cidadanía e a dificultade ao seu acceso condiciona o proxecto de vida das persoas. A Lei estatal de vivenda do Goberno Sánchez é todo o contrario ao que se precisa, é a lei antivivenda. Desde o Grupo Parlamentario Popular cremos que as cousas se poden facer doutro xeito desde o Goberno central. O camiño é traballar en coordinación e colaboración con todos os poderes públicos, incluído o Estado, respectando o marco competencial que lles corresponde ás comunidades autónomas e tamén aos concellos, que teñen as competencias que lles outorga a Lei de bases de réxime local. Cremos no rigor na elaboración das leis, plans e estratexias para evitar efectos contraproducentes ou que actúen en sentido contrario ao buscado. A vivenda é o suficientemente importante como para ser resolta no marco dun pacto nacional pola vivenda que outorgue seguridade xurídica, certeza e estabilidade ao mercado. Hai alternativas a esa lei antivivenda. É preciso involucrar todos os axentes do sector nun amplo consenso. Necesitamos medidas útiles, eficaces, alonxadas do populismo e do intervencionismo, medidas que hai que pór en marcha coordinadamente a nivel estatal, a nivel autonómico e a nivel local.

Medidas como, por exemplo, simplificar a normativa e reducir a burocracia. Os longos procesos que conleva a transformación do solo para facer vivendas está claro que reducen a oferta e encarecen a vivenda. Medidas dirixidas a facilitar o acceso dos mozos á vivenda a través de avais para completar o financiamento da hipoteca ou para a fianza do alugueiro. Axudas para a súa emancipación ou a ampliación do orzamento do bono mozo alugueiro. Medidas para apostar e reforzar a vivenda social e de protección pública.

E hai que apostar tamén por un modelo de colaboración público–privada para a promoción de vivenda en alugueiro accesible. E hai que reforzar a seguridade xurídica no mercado da vivenda, posto que somos o único país que, fronte á okupación, defendemos o okupa e non o propietario. En definitiva, medidas de alcance e consideracións que debería regular unha



normativa estatal en materia de vivenda e que poñemos enriba da mesa porque cremos que é posible deseñar unha política de vivenda eficaz que responda ás necesidades actuais dos cidadáns e que favoreza a recuperación co maior consenso posible.

Necesitamos promover un pacto nacional de vivenda con todas as administracións implicadas para reforzar esas axudas e ampliar o noso parque de vivenda en alugueiro. Non pode ser que un concello como Vigo sexa probablemente o único concello español de máis de 200.000 habitantes que non exerce a competencia en materia de vivenda protexida que lle outorga o artigo 25 da Lei de bases de réxime local a través da constitución dunha empresa municipal de vivenda destinada a este fin. O Concello de Vigo, por exemplo, non promoveu nin unha soa vivenda senón que se limita a xestionar as que recibe cedidas gratuitamente polo IGVS, pola Xunta de Galicia. Pero, enriba, xestiónaas mal, como foi o caso das que estiveron anos, anos, desocupadas mentres que a Xunta buscaba alternativas para o realoxo de familias viguesas afectadas por desafiuzamentos.

E non pode ser que concellos como o de Pontevedra, gobernado polo Bloque Nacionalista Galego, convertan en aparcadoiro de vehículos unha parcela urbanizada e cedida pola Xunta de forma gratuíta en Valdecorvos, que ía destinada á construción de 50 vivendas protexidas.

É precisa a unión de forzas, o traballo conxunto e o respecto institucional no marco da colaboración e a coordinación. E iso é o que vimos propoñer aquí: un pacto nacional pola vivenda para sumar cada un no marco das súas competencias.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Bo día a todos e todas.

Pacto nacional de vivenda. Isto é o que di esta iniciativa do Partido Popular: Pacto nacional de vivenda. E a min, cando lin o título da súa iniciativa, por uns segundos, unhas milésimas de segundo, de verdade, viñéronme unha serie de preguntas: ¿que está pasando aquí? ¿O Partido Popular está dando un xiro de 180 graos en materia de vivenda? ¿Está o Partido Popular a asumir que a Xunta de Galicia ten as competencias en materia de vivenda? Ou incluso máis: *(Aplausos.)* ¿está disposto o Partido Popular a exercer esas competencias, a poñer en marcha as políticas galegas de vivenda que necesita este país, nun gran pacto de país? De verdade que, ben, durou pouco a cousa, ¿non? Foron apenas uns intres de ilusión, porque enseguida evaporouse a posibilidade ao ver que en realidade esta iniciativa vai de reclamarlle ao Goberno do Estado que asuma a axenda da dereita. Por un instante pareceume incluso verosímil esa hipótese de que houbese un gran pacto da vivenda nacional cando tiña aínda na mente o precedente do pasado pleno en que a conselleira veu aquí, envolta no Estatuto de autonomía, para denunciar a invasión competencial da nova Lei estatal de vivenda.



Entón, pensei que podería chegar a ser, pero, como xa dixeran, esta iniciativa en realidade o que vai é de reclamarlle ao Estado que asuma as políticas de vivenda que lle gustan á dereita: desafiuzamentos exprés, incentivar as hipotecas e axudas á compra.

¡Que decepción que cando vostedes dicían «pacto» en realidade se referían a pactar a axenda coa extrema dereita, asumindo que a política de vivenda consiste en criminalizar os máis vulnerables! Podían vostedes dende a dereita exercer un pouquiño máis de democristiáns e non asumir tanto a axenda do fascismo. ¡Que decepción que cando vostedes dicían «nacional» significaba pedirlle ao Estado que actúe sobre unhas competencias que corresponden a Galiza! É dicir, que vostedes un día envólvese no Estatuto e ao día seguinte dedícanse a arrincarlle esas follas e a tiralas polas fiestras de San Caetano. E ¡que decepción que cando vostedes dicían «vivenda» se referían á defensa da propiedade privada e non ao dereito a acceder a unha vivenda digna e adecuada!

E dino claramente ademais na exposición de motivos desta iniciativa, que o principal problema social é que se estea a menoscabar e desvirtuar o dereito á propiedade privada, que si é, este si, un dereito fundamental, pedra angular dunha sociedade aberta e equilibrada, e non como o outro, ese que é o dereito ao acceso á vivenda, que ese é o que considera o Partido Popular un dereito dos de quita e pon.

Pero é que, ademais, lendo a exposición de motivos e escoitando a intervención da señora Freire, quedou claro que o tal Pacto nacional da vivenda era en realidade un acto de campaña electoral enviado directamente dende Génova. Resulta evidente no texto da iniciativa que traen unha iniciativa tipo para todas as comunidades autónomas; de feito, fálase na exposición de motivos de que se veñen de decidir os novos cabidos, consellos insulares, é dicir, que nin traballo pasaron en adecuada ao contexto galego, os que, por certo, se enfundaban, como digo, no pleno pasado no Estatuto de autonomía; nin sequera pasan ese traballo.

E a gran contradición do Partido Popular é que é un acto de campaña electoral que, ademais, é que asume o marco competencial que quere colocar o actual Goberno do Estado, que é que a política de vivenda se lexisla dende o Estado. É dicir, que ao final o que veñen aquí a confirmar vostedes é que comparten o marco os dous, as dúas forzas estatais. E no Partido Popular dicían —recordade— hai apenas un pleno, dúas semanas, que votaban en contra da Lei estatal de vivenda por culpa da invasión competencial e resulta que hoxe nesta iniciativa o que piden é recentralizar competencias. Queda claro que o voto do Partido Popular a esa lei era apenas unha oposición a calquera política pública de vivenda.

Por certo, antítese da posición do BNG, que nos abstivémonos precisamente porque a lei, a pesar dalgunhas correccións, segue a excederse nas súas atribucións e porque nós acreditamos que naquelas cuestións nas que si que podería entrar o Estado a lexislar quedou curta. A posición do BNG é a favor das competencias e a favor dos dereitos da vivenda e a posición do Partido Popular é entregar competencias e en contra do dereito á vivenda. *(Aplausos.)*

E esta iniciativa que trae hoxe o Partido Popular non é útil para a xente que nos escoita, porque non é unha proposta seria; só pretende servir aos intereses electorais do Partido Popular en dous sentidos: primeiro, porque toca axitar a campaña electoral orquestrada en Génova,



na que vostedes utilizan o Parlamento como meros títeres; e, segundo, para non falar do que fai a Xunta de Galiza, a súa política de axitación trumpista na que sempre sae ETA, okupas... Outra vez máis aquí a señora Freire volveu con este discurso machacón. Non vos vai tapar a realidade do que está pasando en materia de vivenda neste país. (*Aplausos.*) Non tapa cal é a actuación da Xunta de Galiza: paralización da vivenda protexida, paralización da vivenda pública, que non chegan as axudas á xente que non consegue pagar o alugueiro e que non ten alternativa habitacional, programas baleiros de orzamentos; un auténtico ermo que deixa a xente desprotexida.

E a axitación trumpista non despista tampouco este grupo de ver o importante: ¿cales son as necesidades deste país en materia de vivenda? Por iso presentamos unha emenda a este texto para lograr dar unha resposta cun verdadeiro pacto nacional de vivenda. Así que propomos pasar da súa proposta, que debera chamarse en realidade Lei estatal pola propiedade privada, polo verdadeiro Pacto nacional pola vivenda, é dicir, pasar da propaganda ás propostas.

Primeiro, un programa nacional de incremento do parque público de vivenda en alugueiro para chegar ata o 5 por cento no futuro inmediato, porque, logo de cargar a vivenda pública a Xunta de Galicia, construindo apenas 22 vivendas públicas en oito anos, en dúas lexislaturas, vostedes ao que tiñan que vir aquí é a pedir desculpas e a sumarse a ese pacto nacional pola vivenda pública. (*Aplausos.*)

En segundo lugar, impulsar un programa de rehabilitación pública con criterios de selección dos inmobles obxectivos e baseados na demanda de vivenda pública, porque vostedes o que fixeron foi prometer 3.000 vivendas rehabilitadas co programa Rexurbe e apenas rehabilitaron 9 inmobles. Pidan desculpas e súmense ao pacto nacional pola rehabilitación para vivenda pública.

Terceiro, programas de axudas á rehabilitación para as rendas baixas, porque aquí hai un problema: as axudas á rehabilitación non están chegando con carácter redistributivo e son precisamente as persoas que están nunha situación de maior vulnerabilidade as que menos conseguen acceder a estas axudas e as que máis necesitan especialmente as reformas en termos de eficiencia enerxética e de mellora de salubridade. Ten que haber un cambio de paradigma nese programa.

Cuarto, pór en marcha un programa galego para a emancipación, que o Partido Popular, logo de levar este país á segunda peor taxa de emancipación do Estado e de negarse a facer absolutamente nada en materia de emancipación, o único que fixo foi convocar o bono estatal. O que tiñan que facer vostedes é pedir desculpas e sumarse ao pacto nacional de vivenda para a mocidade.

Tamén pedimos un plan de garantía de acceso á vivenda para persoas en situación de precariedade económica e vulnerabilidade social, que o que non pode ser é que a Xunta de Galicia nin sequera faga as convocatorias das axudas estatais ao alugueiro, como fixo o ano pasado.

Tamén pedimos un plan para a mobilización da vivenda baleira, porque a Xunta o que ten en vivenda baleira é un programa fantasma. Existiu unha vez un anuncio pero non soubemos



nada máis. Había uns orzamentos o ano pasado de 150.000 euros, que xa era unha declaración de intencións da pouca vontade que tiñan de que iso servise para nada, pero é que executaron cero euros do Plan de vivenda baleira.

E podería seguir. Ten na nosa iniciativa toda unha serie de eixos do que consideramos que ten que ser o esqueleto das políticas públicas para este país, que garantan o acceso á vivenda e a mellora da eficiencia do parque edificado. E cando vostedes teñan a vocación de alcanzar realmente un pacto pola vivenda, un pacto nacional pola vivenda, aquí estamos.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Agora saudamos, que están con nós, os alumnos e alumnas de 4º da ESO e 1º de bacharelato do centro Auga da Laxe, de Gondomar. Benvidos ao Parlamento e tamén aos profesores que os acompañan.

E continuamos. Agora si ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Bos días, señorías.

No artigo 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia establécese a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda. En cumprimento do desenvolvemento desa competencia, a Xunta de Galicia establece políticas activas para dar cumprimento ao mandato constitucional. Dende que o Goberno popular dirixe a Xunta, ten á súa disposición unha ampla variedade de plans e pactos para dar cumprimento ao mandato constitucional en materia de vivenda. O Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación e mellora do acceso 2015-2020; o Plan estatal de vivenda 2018-2021, con programas de axuda ao alugueiro, programas de fomento do parque de vivenda en alugueiro; o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, centrado en tres liñas estratéxicas: o acceso á vivenda, á rehabilitación e á creación do solo industrial; o Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 dá continuidade ao plan executado entre 2018 e 2021.

O Plan estatal de vivenda conta con varios programas que articulan a concesión de axudas ao alugueiro, ao financiamento de actuacións para erradicar a infravivenda e o chabolismo e para mellorar a accesibilidade das vivendas e promover a rexeneración e renovación urbana e rural de zonas degradadas. Inclúe, entre outros programas, o programa de axuda para o pago do seguro de protección do alugueiro.

As comunidades autónomas, que son as que ostentan a competencia en materia de vivenda, son as responsables de sacar as convocatorias correspondentes ás axudas públicas establecidas no marco deste plan estatal. En Galicia, como se comentou aquí, aínda quedan programas sen convocatoria.

A pesar de todos os programas recollidos nos distintos plans, nós pensamos que son suficientes para darlle un impulso fundamental ao problema de acceso á vivenda en Galicia. Pero



a realidade é distinta. Así, ano tras ano, orzamento tras orzamento, a vivenda leva menos do 1 por cento do orzamento xeral, certamente escaso. Nos últimos catorce anos as políticas de vivenda, tanto de construción de vivendas para persoas vulnerables como de políticas para favorecer o acceso ao alugueiro, mostran un desleixo total na súa execución, a pesar do incremento orzamentario que se está a realizar polas distintas administracións. A política pública de vivenda en Galicia está debilitada aínda máis nas vivendas de promoción pública construídas directamente polos gobernos. Este discreto balance de vivenda protexida é aínda menor se nos referimos ás vivendas para alugueiro. O Goberno galego estivo ata seis anos sen a construción de ningunha vivenda de protección para o alugueiro.

Señorías, para que mozos e mozas poidan vivir no rural precísanse políticas que aseguren vivendas sociais, en propiedade ou en alugueiro, políticas que garantan un equilibrio axeitado entre a oferta de prazas hoteleiras e a oferta de vivenda. É de lembrar que os anos de Goberno de Feijóo en Galicia foron os de récord negativo de construción de vivenda pública, malia contar con todas as competencias precisas e todos os instrumentos legais para actuar. Baixou a media de 2.700 vivendas ao ano entre 2000 e 2010 a 300 anuais no seu mandato. O número de vivenda no mercado de alugueiro en Galicia non pasa de 3.000, menos da terceira parte dos inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia. Todo isto no medio dun incremento constante do prezo de compra e do custo do alugueiro en Galicia. Nos últimos anos hai un aumento de fogares de alugueiro, preto de 175.000 no 2021, 45.000 máis que no ano 2015.

Señorías, como se comentou aquí, aprobouse recentemente a Lei 12/2023, do 24 de maio, a Lei polo dereito á vivenda. Esta lei é a primeira da democracia de vivenda e está dirixida para a maioría, fronte ás elites e aos fondos de investimento, que queren que a vivenda sexa un artigo de luxo e destinado á especulación. É un compromiso cos xoves, para que poidan realizar os seus proxectos vitais, accedendo a unha vivenda a prezos axeitados, deixando ao lonxe a burbulla inmobiliaria que provocaron as políticas fracasadas do Partido Popular.

Para iso a lei propón unha protección dos parques públicos de vivenda, prohibindo a venda a fondos de investimento. Impulsa a vivenda protexida en alugueiro a prezo limitado. Incrementa a reserva de solo para vivenda protexida do 30 por cento ao 40 por cento do solo desenvolvable. Distingue entre propietarios particulares e grandes tenedores, é dicir, con máis de dez inmoables residenciais ou con cinco se é en zonas tensionadas.

Non se debe esquecer que os grandes tenedores son fundamentalmente —e digo fundamentalmente, non todos— fondos de investimento, bancos ou empresas do sector inmobiliario. En Galicia virían ser o Sareb, os bancos e os fondos de investimento —Blackstone, Lone Star, etc.—, que veñen controlar máis de 4.000 mil vivendas en Galicia.

Esta lei incentiva a oferta en alugueiro, cunha contorna favorable, deducindo ata o 90 por cento dos contratos en zonas tensionadas que reduzan un 5 por cento a súa renda. Favorece a mobilización de vivendas, facultando os concellos para que recarguen o IBI en vivendas baleiras de máis de dous anos de propietarios con máis de catro vivendas. Favorece o acceso á vivenda, intervindo no mercado en situacións de oferta insuficiente, podendo declarar zonas de mercado residencial tensionado, cando o esforzo da renda ou hipoteca máis as sub-



ministracións básicas superen o 30 por cento dos ingresos medios, ou ben que os prezos acumulen nos cinco anos anteriores un incremento do 3 por cento no IPC.

Nunha zona tensionada o arrendatario poderá acollerse a unha prórroga de contrato máximo de tres anos nas mesmas condicións. Os novos contratos estarán limitados ao contrato anterior máis o incremento do IPC. Un gran tenedor terá os contratos regulados polo anterior ou por un prezo conforme o índice de prezos de referencia.

Esa lei mellora o proceso de desafiuzamento en situacións de vulnerabilidade, cun sistema de arbitraje que propicie acordos propietario-inquilino e dando ao xuíz tempo para que ofrezca solucións habitacionais alternativas.

Hai un reforzo do equilibrio arrendador-arrendatario, cunha prórroga extraordinaria dun ano, por resolucións acreditativas de vulnerabilidade social ou económica. Os gastos de xestión e de formalización do contrato son a cargo do arrendador. O 31-12-2024 o INE definirá o novo índice de referencia para a actualización dos contratos; en 2023, o tope do 2 por cento, e en 2024 será do 3 por cento.

Durante a pandemia suspendéronse os desafiuzamentos e lanzamentos de vivenda habitual para familias e persoas vulnerables; isto dura ata o 30-12-2023. Os arrendadores poderán solicitar unha compensación en caso de impago. Ademais, debido á suba dos prezos, impleméntase o Código de boas prácticas, que leva consigo a gratuidade para o cambio de hipoteca variable ou do tipo fixo, e tamén a posibilidade de conxelar a hipoteca durante doce meses e alongar sete anos o seu vencemento.

O dereito á propiedade privada está recollido na Constitución española, protexéndoa tanto por vía penal como civil ou administrativa. O desafiuzamento contempla medidas para evitar o desamparo dalgún dos ocupantes se hai menores ou persoas con discapacidade ou dependencia. Lembrar que a Xunta puxo un teléfono antiokupacións e recibiu apenas trinta consultas nun ano; aínda así, renovou o teléfono, que encomendara ao Consello da Avogacía, pero engadindo consultas sobre desafiuzamento. Se botamos contas, cada chamada andaré por 2.000 euros, hai teléfonos noutros sentidos que non cobran tanto.

En Galicia hai menos do 1 por cento de todas as okupacións que se producen en España e a incidencia deste delito en Galicia supuxo o 0,19 por cento de todas as infraccións penais no ano 2022, tanto de violacións de morada como de usurpación de bens inmoables.

Dende o primeiro momento o Partido Popular estivo a facer unha oposición radical a esta nova Lei para o dereito á vivenda, tratándoa —como se comentou aquí— de inconstitucional, que invade competencias autonómicas e ademais que prima os okupas —como comentou a señora Freire—. Afirman que invade a propia privada, tamén que esta lei vai en contra da clase media e que vai ter efectos nefastos na sociedade —estas son palabras da conselleira na anterior comparecencia—. Dá a sensación de que o Partido Popular quere recualificar o solo e que volva a especulación e presenta medidas fiscais que se mostraron falidas e só contribuíron á suba de prezos, o que fixo inaccesible a vivenda para a maioría dos galegos e galegas.



Esta nova lei, resultado da colaboración e do consenso entre distintos grupos políticos representados no Congreso, ten o carácter dun gran pacto, mais o Partido Popular e outros grupos, no seu afán de desgaste ao Goberno, opóñense radicalmente a esta e á meirande parte das leis aprobadas por este goberno democrático actual. Na súa política de derrogación de leis está a de vivenda, polo que o seu programa electoral apróbeno vostedes cos seus votos.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Freire.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Señora Fernández, desde logo, non escoitou vostede nada. Pero, ben, a verdade é que lle dá igual, exactamente igual, o que eu diga aquí; vostede interpreta e fai o discurso que ten preparado, porque é o que lle interesa.

Mire, nós desde Galicia defendemos as nosas competencias, e defendemos as nosas competencias a ultranza; e, desde logo, non imos permitir unha lei Sánchez intervencionista, que vostedes comparten e defenden, o ataque á propiedade privada —o intervencionismo da lei estatal ao Bloque Nacionalista Galego aínda lle parece pouco—, a legalización da okupación ilegal, a inseguridade xurídica, e, dende logo, non soluciona ningún problema de acceso á vivenda. E iso é o que vostedes defenden e o que nós non compartimos.

Repíte constantemente que é unha lei progresista, pero o único que progresa nesta lei é a invasión competencial ás comunidades autónomas e a inseguridade xurídica para favorecer os okupas ilegais e a iniquiokupación. Ese é o gran progreso desa lei, porque esta lei non resolve os problemas que di que quere resolver senón que os agrava. E aí están de acordo todos os sectores implicados no sector da vivenda, os expertos, os organismos de referencia e tamén as comunidades autónomas.

Para este Grupo Parlamentario Popular o acceso á vivenda é un asunto de tanta transcendencia como para abordalo desde o consenso e a participación cos axentes implicados, xa que se trata dunha das inquedanzas máis importantes dos galegos e galegas. Pero esta Lei estatal de vivenda non satisfai as necesidades da cidadanía; ao contrario, cercena a capacidade das administracións obrigadas a garantir o dito dereito. Extralimítase, condicionando as políticas xa exercidas, e pretende desenvolver as súas propias políticas de vivenda aínda cando carece de título material para iso.

Pero é que, enriba, esas políticas producirán efectos nocivos que prexudicarán tanto inquilinos como propietarios e a total desaparición da nova promoción de vivenda protexida en Galicia. Inclúe medidas que alteran e imposibilitan a aplicación de gran parte da planificación pública en materia de vivenda realizada por Galicia. Da súa regulación tampouco se deduce



compromiso material ningún, nin sequera no aspecto financeiro, polo que ao non ir acompañada dos fondos necesarios o impacto económico pode ser brutal. E, ademais, moitas das medidas propostas establécense cun total e absoluto descoñecemento da realidade existente e son contrarias ás políticas públicas que se están desenvolvendo en Galicia.

E xa o dixemos: trátase dunha lei que conta cun rechazo unánime de todos os axentes implicados no sector da vivenda polas graves consecuencias e os problemas que acarrea.

En cambio, a política da Xunta está centrada en solucionar problemas e non crealos. O que exiximos ao Goberno central é colaboración, coordinación e diálogo para non botar por terra as políticas desenvolvidas en Galicia desde 2009 ata o de agora, porque con esta lei non se poderían desenvolver, señorías.

O Goberno galego ten clara a súa política de vivenda en alugueiro, unha política que descarta a intervención no mercado —algo que está demostrado que non funciona, polas experiencias doutros países e mesmo de Cataluña—, que aposta por medidas que fomenten a posta en alugueiro dos inmobles, incrementen o parque de vivendas tanto de titularidade autonómica como municipal e axuden os cidadáns a acceder a un fogar tanto en alugueiro como en compravenda, estando sempre do lado da xente, dos pequenos propietarios, que en Galicia son case o 98 por cento dos que concentran o mercado de alugueiro.

Política da Xunta de Galicia que se traduciú en feitos concretos: 714 millóns de euros para apoiar máis de 140 familias galegas no acceso ou na rehabilitación da súa vivenda, 4.640 vivendas de promoción pública mobilizadas, 80,5 millóns de euros para a promoción e urbanización de solo público residencial destinado a máis de 4.000 vivendas protexidas, cualificación definitiva dun total de 5.737 vivendas protexidas en colaboración con promotores privados e 360 millóns de euros de aforro dos galegos grazas ás desgravacións e medidas fiscais aplicadas neste eido.

Un traballo ao que se está dando continuidade e reforzando a través da Estratexia de vivenda pública protexida, que ten como horizonte o 2026, na que se investirán 250 millóns de euros, para reforzar o actual parque público residencial da Xunta nun 50 por cento, ata acadar as 5.600 vivendas de promoción pública en réxime de alugueiro, impulsar a construción e solo público doutras 3.000 vivendas por parte de promotores privados e este ano a convocatoria de 24 liñas de axudas e programas cun investimento ao redor de 140 millóns de euros.

En definitiva, apóstase por unha política de vivenda pensada para os galegos e as galegas, feita desde Galicia e para Galicia, con medidas incentivadoras e non restritivas, con apoio e non con sancións.

Señorías, Galicia decidiu libremente a súa política de vivenda, referendada polos galegos e galegas con catro maiorías absolutas consecutivas, e vai decidir cal é a política en materia de vivenda sen que a marque un goberno intervencionista como o de Sánchez, porque ese goberno xa está en extinción.

Nada máis e moitas grazas.



(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: ¿A emenda? ¿Acepta a emenda?

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Non aceptamos a emenda.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaoto deputados/as máis, sobre a resolución que debe adoptar o Parlamento de Galicia en relación co uso de vehículos oficiais na Deputación de Ourense

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Ben, desde o Bloque Nacionalista Galego hai unha cuestión que temos moi clara, que é que as persoas non poden estar por riba das institucións, e que no tempo que nos toca vivir hoxe en día, na realidade de 2023, de profundas transformacións sociais e económicas, onde estamos vendo como están en auge precisamente os movementos de descrédito da política, os populismos e a intolerancia, as e os demócratas, as e os cargos públicos, temos unha responsabilidade. Temos a responsabilidade ética de protexer o valor da acción política que se exerce desde as institucións.

No espazo político que represento temos claro que a política non é só o que se fai desde as institucións, e temos claro tamén que moitas institucións non están pensadas, non foron concibidas nin para a defensa da maioría social nin para a defensa dos intereses do pobo galego.

Un bo exemplo desa ineficacia na defensa dos intereses das maiorías sociais ou do pobo galego é o arquetipo, a configuración das deputacións. Pero iso non nos impide poñer en valor a importancia que teñen todas as institucións á hora de traballar nelas, e, polo tanto, a responsabilidade que temos tamén todas aquelas persoas que puntualmente durante un tempo ocupamos un posto de responsabilidade nalgunha destas institucións, unha responsabilidade que é individual pero que ten moito tamén de colectivo. E a importancia da actuación colectiva é a que ampara ou reprobamos as condutas que poden ser, desde o punto de vista individual, achacables.

Por iso quixera lerlles ás súas señorías, ao fío deste debate, unha cita, unhas palabras, que, desde Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, facemos nosas e coas que nos sentimos plenamente representados e representadas: «A exemplaridade» —di a cita— «das persoas que exercen cargos públicos tórnase unha exixencia ineludible, tanto no exer-



cicio das responsabilidades que nos foron encomendadas, como no noso proceder cotián no ámbito privado. Urxe, co concurso de todos, restablecer o crédito social das institucións a partir de comportamentos individuais caracterizados pola exemplaridade, pola transparencia e pola honestidade».

Estas palabras, que —insisto— compartimos plenamente, foron pronunciadas polo noso presidente, o presidente do Parlamento galego, Miguel Santalices, (*Aplausos.*) na constitución solemne da lexislatura, na que estamos, deste Parlamento; nese momento estabamos moitos e moitas dos que continuamos nesta Cámara. Señorías, sirvan estas palabras para insistir nunha idea que queremos que quede clara: este Parlamento non pode permanecer indifereante ante feitos absolutamente graves e inxustificables, que danan as institucións galegas, a política galega e tamén a imaxe de Galiza no mundo e no exterior.

Hoxe, por responsabilidade democrática, traemos esta iniciativa e pedimos un pronunciamiento desta Cámara a favor da exemplaridade dos cargos públicos nas institucións e no uso dos seus materiais, isto é, nos usos dos materiais que, ao final, saen do peto dos galegos e das galegas. Hoxe, con esta iniciativa, pedimos que o Parlamento exprese a súa vontade de que a próxima corporación da Deputación de Ourense investigue e poña luz e taquígrafos, e informe coa máxima transparencia, sobre o uso dos vehículos oficiais, singularmente sobre o uso exercido por José Manuel Baltar durante os seus mandatos como presidente, de forma que así a cidadanía galega poida coñecer o seu detalle, e poidamos todos e todas avanzar na difícil recuperación da dignidade institucional. Desde o respecto á autonomía local, entendemos que non podemos normalizar actuacións, como as que, no último mes e medio, coñecemos do señor José Manuel Baltar, porque normalizar este tipo de condutas só aumenta o descrédito na acción política e alimenta o «son todos iguais», detrás do cal se agochan os trumpismos disfrazados da antipolítica de hoxe en día. Sabémolo ben en Ourense. E, lamentablemente, temos que traer aquí esta iniciativa porque o lóxico sería que alguén que cometeu este tipo de accións xa dimitise ou xa o fixesen dimitir; mais iso non só non aconteceu, senón que, ademais, vimos como o Grupo Parlamentario do Partido Popular e o Partido Popular, en xeral, decidiron antepoñer as persoas e os equilibrios partidistas en vez de velar pola lexitimidade e pola dignidade das institucións. E estes son feitos gravísimos que vou resumir e que non podemos consentir coa nosa indiferenza.

O 25 de abril de 2023 soubemos que o ata agora presidente da Deputación de Ourense —e exdeputado, por certo— foi interceptado pola Garda Civil, presuntamente conducindo a douscentos quince quilómetros por hora de velocidade. Conducía un coche oficial da institución. No día de hoxe, seguimos descoñecendo por que ía exactamente e a onde. Descubrimos que todos os ourensáns e as ourensás lle estabamos pagando a defensa xurídica, e, por extensión, todos os galegos e as galegas, tal e como se financian as deputacións. Soubemos tamén que parecía que as multas tamén as pagabamos nós. E despois destes acontecementos e de coñecerse publicamente, este señor emitiu un comunicado lamentable, no que se falaba dun feito illado —a tese do Partido Popular e das voces públicas, desde o presidente Rueda a outras—: un despiste; incluso asistimos á insinuación de que —¡claro!— «nas autovías non hai sinais de velocidade» —seica—, e entón «isto lle pasa a calquera». En fin, pretenden xustificar o inxustificable, porque todas e todos sabemos que ninguén circula a esa velocidade, se non está acostumado a facelo; mais pretenderon xustificar isto con esas des-



culpas porque, ao final, isto representa como se sente este señor e como se senten, en xeral, o Partido Popular e o Partido Popular de Ourense, isto é, absolutamente impunes ante calquera cuestión, representando un *modus operandi* que, desde logo, é bastante cuestionable como o entenden as institucións.

Días despois soubemos que isto era absolutamente mentira; soubemos que non era a primeira vez que o presidente da Deputación de Ourense era reincidente; soubemos que ese mesmo vehículo fora sancionado, cando menos, en dez ocasións por exceso de velocidade, desde o ano 2019, sendo identificado, en tres dos casos, o propio presidente como condutor; soubemos tamén, de alí a uns poucos días, que este señor tamén fora multado por conducir o coche oficial a cento setenta quilómetros por hora un pouco antes, á altura de Allariz, nesa mesma viaxe. Fagan vostedes a media dos quilómetros, que demostra que iría, en todo caso, a máis de cento cincuenta durante o groso do traxecto; dicir, é que isto xa non é que sexa unha vergoña do punto de vista do uso das institucións e do punto de vista de intentar dar unha serie de explicacións respecto dun uso privativo que non son cribles e aceptables; é que isto é directamente un absoluto perigo público. ¡Vaia imaxe lanzamos ao mundo se normalizamos que calquera persoa poida circular a esa velocidade! (*Aplausos.*)

Mais isto, lamentablemente, non acabou aquí. Esta persoa, que presuntamente cometeu estes delitos, foi citada xudicialmente, e asistimos a toda unha obra de teatro de subterfuxos e filibusteirismo xudiciais para evitar ser xulgado antes das eleccións municipais; despois vimos como primeiro culpaban un chofer xubilado; despois sóbose que había varias multas identificadas coa filla e coa muller dun dos traballadores da deputación, responsable do parque móbil; tamén había varias multas, ante a DXT, por velocidades superiores a cento cincuenta quilómetros por hora; e, despois tamén se soubo que incluso unha das persoas desta mesma institución aprobou —¡casualidades da vida!— un concurso-oposición pouco tempo despois —imos supoñer que aprobou por méritos propios—; e, xa chovendo no mollado unha e outra vez respecto da Deputación de Ourense, incluso escoitamos uns presuntos audios do irmán deste señor, recoñecendo abertamente mordidas.

Unha tras outra, chovendo no mollado, sobre unha institución da que tamén temos un longo historial de feitos obxectivos que son reprobables —xa non só por nós, senón polo Consello de Contas—; unha deputación coñecida por legalizar métodos, como que máis do oitenta por cento do orzamento sexan contratos a dedo, dos cales, máis do setenta por cento son ás mesmas empresas —tamén, casualidades do destino—, e un longo etcétera, nunha institución presidida por un señor, fillo doutro señor, que —recordemos—, xa unha vez xubilado como presidente da deputación, foi condenado e inhabilitado por prevaricación. En fin, é un episodio de descrédito tras outro episodio de descrédito, e esta xa é a gota que colma o vaso. Estou convencida de que hai unha alta porcentaxe do Partido Popular que opina isto mesmo, aínda que o diga coa boca pequena.

En todo caso, nós pensamos que non podemos consentir que con isto aconteza como con aquelas «ras» de Esperanza Aguirre, quen dicía que foran dúas ou tres que lle saíran mal e despois resultou que foran dúas das redes de corrupción máis profundas, alongadas e importantes que houbo no Estado español; polo tanto, ante a gravidade dos feitos coñecidos ao redor da Deputación de Ourense, hai un ámbito xudicial que determinará as responsabi-



lidades, mais hai outro ámbito que nos corresponde a nós, que é o político, e que non pode permanecer indiferente. Pensamos realmente que debemos enviar unha mensaxe á cidadanía de que hai un compromiso coa transparencia, con que haxa luz e taquígrafos, e coa rexeneración democrática; polo tanto, entendemos que calquera persoa que se sinta interpelada polo mandato da rexeneración democrática debe apoiar esta iniciativa, e debemos, como Parlamento, como Cámara galega, enviar unha mensaxe á próxima corporación da Deputación de Ourense, cuxos membros aínda non coñecemos no día de hoxe, de que pedimos un compromiso de que haxa transparencia e de que se poida iniciar neste país —porque este non é só un problema de Ourense; é un problema de país— unha nova páxina na cal apostemos por un futuro de dignidade fronte a un pasado no cal xa a dignidade está absolutamente no subsolo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Hoxe en día, para moitos cidadáns de Ourense resulta difícil separar a Deputación Provincial do Partido Popular. Boa parte dos ourensáns de boa fe pensa que son unha e a mesma cousa; pensa que son dúas maneiras de chamar o mesmo, as dúas caras dunha moeda cuñada no molde único e co timbre da mesma fabrica. A unha situación así, manifestamente anómala, se por un momento puidésemos saír da nebulosa política de Ourense, só se pode chegar despois dun uso igualmente irregular dos mecanismos que rexen o funcionamento dunha e doutra entidade, despois de retorcer, desvirtuar e confundir a natureza e a finalidade de ambas as dúas, dunha maneira profusa, intensa e prolongada. Nesa cerimonia da confusión é peza fundamental o manexo que fai o político dos recursos ao seu dispor cando se pon á fronte dunha administración.

As sociedades modernas de Occidente, ás que se incorporou a nosa en 1978, asentán o eixo da súa engrenaxe sobre a soberanía popular, a xustiza social e o sometemento á lei e ao dereito. Asumimos así uns principios fundamentais nos cales consolidar un réxime de convivencia: a democracia. Entre eses principios está o que impón que todos os españois —os de Ourense tamén— son iguais e deben, polo tanto, recibir o mesmo trato tanto á hora de ser requiridos na asunción de obrigas e de achegas, como de recibir os bens e os servizos que esa sociedade é capaz de xerar. Todos os españois —os de Ourense tamén— cumpren coa obriga de contribuír coa súa aportación para o fortalecemento do erario público, sen que para iso se faga distinción algunha, atendendo ao lugar onde residen. Dese fondo común saen os recursos para que os diferentes niveis da Administración fagan reverter no administrado o grao de benestar e amparo que el contribuíu a sufragar. E, sen embargo, na Deputación Provincial de Ourense ese dereito fundamental desaparece. O señor presidente provincial —o herdeiro—, ano tras ano, elabora unha lista dos ourensáns que verán gratificado o seu esforzo tributador e, *a contrario sensu*, por omisión, queda así mesmo feita a lista daqueles outros veciños da provincia a que decide graciosamente agraviar; aos homes e ás



mulleres deste segundo grupo —os excluídos— lánzaselles, con esta maneira de operar, varias mensaxes, que, do Cáucaso para acá, deberan acender algunhas alarmas: ¿o ourensán que viva en segundo que concellos da provincia debe considerar que queda á marxe do sistema constitucional que garante a igualdade de todos na repartición das cargas e dos beneficios?; ¿para gozar plenamente dos dereitos que o sistema ofrece, hai que vivir en determinados concellos da provincia? Para non falar das veces que, da noite para a mañá, fai que apareza no Partido Popular un alcalde que, despois de caer do cabalo e ver a luz, acto seguido, compense a súa reconversión cunhas centenas de miles de euros que, agora si, veñen —¡de que maneira!— mellorar a vida dos seus veciños.

E así se foi tramando na miña provincia, Ourense, esa masa infame e na cal se asenta o que representa o presidente da Deputación Provincial Ourenzá: o uso sistematicamente en fraude dos recursos públicos, e dos vehículos tamén, para o reforzamento dunha estrutura de partido que, por súa vez, o manteña a el no poder; como tamén podemos falar das subvencións nominativas da deputación, segundo a cor política dos gobernos municipais: o Partido Popular recibe un 86,28 por cento, mentres o Partido Socialista de Galicia, un 8,8 por cento; ou tamén podemos resaltar outro dato das últimas modificacións de crédito: un 92 por cento vai para os concellos con gobernos do Partido Popular; un 7 por cento, para os concellos gobernados polo Partido Socialista de Galicia e un un por cento vai para o resto. Só dous concellos do Partido Popular, que suman 3.822 habitantes, reciben máis cantidade que os vinte e un concellos onde goberna ata o momento o Partido Socialista, que totalizan 90.233 habitantes.

Noutra orde de cousas, é de resaltar que o Consello de Contas de Galicia manifestase que nove de cada dez subvencións se concedesen nominalmente, e tamén oito de cada dez contratos, incumprindo os principios de concorrència competitiva e de transparencia. Só o vinte por cento de todo o gasto da deputación se adxudicou mediante procesos baseados na publicidade e na concorrència competitiva. Nin as persoas xurídicas, nin os estudantes, nin os xubilados, nin os autónomos, nin as sociedades mercantís, nin os emprendedores, nin as asociacións, nin os clubs deportivos, nin as agrupacións musicais, nin as entidades culturais ou de calquera outro tipo, na provincia de Ourense, verán satisfeita a participación lexítima nos fondos públicos como non sexa a través do designio escandaloso do seu dedo indicador.

O señor Baltar amosa unha escenografía rutilante de acontecementos tecnolóxicos, de conglomerados *mass media*, de abanico de eventos cicloturistas e de quimeras mineiromedicinais, mentres por debaixo da mesa simplemente move, unha e outra vez, os fíos que daquela deixou tecidos Gabino Bugallal. Desta maneira as subvencións foron a onde tiñan que ir e os contratos déronse a quen os había que dar; agora fálase presuntamente de mordidas e así ano tras ano.

E chegamos aos acontecementos do mes de abril: o presidente da Deputación de Ourense conducindo un vehículo oficial a douscentos quince quilómetros por hora. Foi un acto presuntamente delituoso que deu lugar a unha carta facilitada aos medios de comunicación, na cal o señor Baltar trasladaba publicamente as súas desculpas na mesma liña que o rei emérito. O señor presidente Baltar xustifica que ía camiño de reunións da súa vida particular das que non ten por que dar noticias e que esa punta de velocidade se explicaba no despiste; un despiste que nega agora a súa defensa xurídica.



En fin, un ano detrás do outro —e xa son moitos— vimos denunciando o uso que José Manuel Baltar fai da institución que representa. É xa moi extenso o relatorio no cal se recolle o proceder, sistematicamente espurio, deste cargo público á hora de rexer os recursos que están asignados aos postos de traballo na deputación, e aos vehículos tamén. E non olviden que hai un intento de ridiculizar a Xustiza, utilizando manobras escapistas para atrasar o xuízo porque é sabedor de que a súa actuación terá consecuencias penais, e non lle vén ben neste momento. Para non falar tamén do famoso fraude da Castaña: (*A señora Rodríguez Dacosta mostra un documento do cal le.*) «O PSOE denuncia que a Deputación disfrazou catro traballadores de científicos para o proxecto Castaña». O 17 de maio deste ano un xornal de ámbito estatal facíase eco dunha noticia que tiña por título: (*A señora Rodríguez Dacosta le un documento.*) «*El proyecto Castaña, el fiasco con fondos europeos de una de las zonas deprimidas de Ourense*». Na mesma noticia consta que a Deputación de Ourense plantou case corenta mil árbores para producir mil quiñentas toneladas de castaña ao ano, e o que queda é un rastro de exemplares mortos, de museos e de centros de investigación pechados ou a medio gas. O citado proxecto, iniciado no ano 2008 cun financiamento de 2,5 millóns de euros aportados nun setenta e cinco por cento pola Unión Europea a través do programa Interreg, ía supor a plantación de trinta e oito mil castiñeiros e mil duascenas oliveiras e a apertura de tres centros de investigación e de interpretación en varios municipios da área Conso-Frieiras, no sueste ourensán, sendo o municipio da Gudiña onde supostamente se realizaban máis plantacións. Pois ben, quince anos despois, o que se encontra é un rastro de parcelas invadidas de maleza, árbores mortas e infraestruturas clausuradas. A institución pública aseguraba no seu día que grazas a este proxecto, que era o petróleo de Ourense, se producirían mil quiñentas toneladas de castañas ao ano, máis de corenta mil quilos de setas *boletus* e unha previsión de facturación para Ourense de entre 3 e 3,5 millóns de euros. Tamén no concello de Ríos se fixo un centro, do cal falaremos na Comisión 7ª, na cal a Xunta tamén participa desta movida.

Xa preguntamos no pleno de maio que máis ten que pasar en Ourense para que o Partido Popular actúe, porque vostedes, señores do Goberno do Partido Popular, están branqueando estas actitudes, afastándose da obrigada exemplaridade e do seu propio código de conduta, só por manter o poder. ¿Cren realmente que paga a pena abochornar desta forma todos os veciños e as veciñas de Ourense? Sei que moitos de vostedes tamén están avergoñados. A Deputación de Ourense leva lustros funcionando sistematicamente á marxe de criterios tan básicos nun Estado de dereito, como son o mérito e a igualdade. O señor Baltar converteu a compra do favor con diñeiro público na norma na cal se inclúen as propias do sistema constitucional, e ampáranos, señores do Partido Popular, señores do Goberno; o primeiro é o señor Rueda.

E así, cada vez, os seus comportamentos resultan máis abochornantes entre a cidadanía e deixan en evidencia maneiras de deter o poder propias doutros tempos. Só dende o cinismo político e a hipocrisía moral cos que actúa o Partido Popular, obrigado, ben o sei, pola aritmética dos votos escrutados, se pode disimular esta indigna forma de proceder que o Goberno galego, e o Partido Popular, fai súa. As ourensás e os ourensáns asistimos perplexos e abochornados á pasividade dun Partido Popular diante do presidente da «Deputación Kamikaze». Últimas noticias: (*A señora Rodríguez Dacosta le un documento.*) «Tribunais con cargos do PP deron prazas na Deputación de Ourense a candidatos de Baltar, xusto antes do 28M» etcétera.



¡E si!, por estes motivos é necesario que o Parlamento se pronuncie a favor da transparencia, da dación de contas, da investigación dos feitos etcétera. ¡Pouco nos parece!, señores do partido do Bloque Nacionalista Galego.

Si a apoiamos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas, señorías.

Para entrar xa directamente no tema que nos ocupa, isto é, na súa solicitude para que na Deputación de Ourense se investigue e se informe coa máxima transparencia sobre o uso dos vehículos oficiais, a este respecto o primeiro que debo invocar é o artigo 137 da Constitución española —que vostedes parecen esquecer—, que di: (*O señor Ferro Iglesias le o mencionado artigo.*) «O Estado organízase territorialmente en concellos, en provincias e en comunidades autónomas. Todas estas entidades gozan de autonomía —insisto: autonomía— para a xestión dos seus respectivos intereses». E precisamente nesta autonomía local é na cal se apoia ou apoiaba quen vai deixar de ser presidente da Deputación de Pontevedra para burlar esta Cámara e para negarse a comparecer na Comisión de Orzamentos, incumprindo unha lei aprobada polo Goberno bipartito. (*Murmurios.*) Señorías, de seguro que o próximo presidente ou presidenta desta deputación vai comparecer cando sexa reclamado por esta comisión e por esta Cámara. (*Aplausos.*)

Postos a falar de velocidade, tamén cómpre dicir que na Deputación de Pontevedra se están dando moita présa cos vehículos do parque móbil para facer a mudanza.

Miren, eu son demócrata e dígoo por experiencia persoal porque fun alcalde e deixei de selo por perder unha maioría absoluta por un puñado de votos. Xa saben o que pasa cando iso ocorre ao Partido Popular, que se xunta todo o mundo para que o Partido Popular non goberne. (*Murmurios.*) Pero miren, aceptamos iso; aceptamos as regras porque somos demócratas. Esta é unha frustración que tamén sufriron compañeiros meus desta Cámara, que quedaron a moi poucos votos, e é unha frustración que moitos de vostedes non van poder sufrir; vostedes sofren outro tipo de frustracións electorais. De feito, permítanme, aproveitando que falo disto, trasladarlles, a todos os meus compañeiros que abandonan esta Cámara para ter funcións na política municipal, que lles vaia ben nese novo camiño, porque, dentro de dez minutos, van facer —son conscientes— a súa última votación nesta Cámara. Que teñan moita sorte. (*Aplausos.*)

Como lles dicía antes, eu son demócrata, e creo que vostedes e os seus grupos poden presentar as iniciativas e as proposicións que consideren oportunas —¡faltaría máis!—. E igual que eu son libre para respectar esta prerrogativa legal, ao mesmo tempo, tamén son libre para dicirlles que se equivocan presentando esta iniciativa no Parlamento porque nin é isto



un tema de carácter autonómico nin tampouco é moi oportuno a respecto do lugar en que deixan os seus compañeiros da Deputación de Ourense, porque xa foi un tema tratado por alí e eu non sei se están contentos de como o trataron ou se intentan desautorizalo ou sacarlle máis partido do que eles conseguiron sacarlle.

Señorías, como acabo de avanzar, os seus grupos xa presentaron o que quixeron onde correspondía, na Deputación Provincial de Ourense; unha deputación, a de Ourense, que, por certo, desde xullo do ano 2013, informa puntualmente, na súa Páxina de transparencia, da composición do parque móbil da Administración provincial; a última actualización é de setembro do ano 2022.

Polo que respecta ao parque móbil da corporación, e tal como sinalou o propio presidente no pleno provincial do pasado 28 de abril, este consta actualmente de oito vehículos e cinco condutores. Este equipo desempeña as funcións de transporte do presidente, dos vicepresidentes, dos deputados, dos funcionarios, das personalidades aos que se lles facilite o servizo de transporte, por razóns de presentación ou motivadas por actividades organizadas pola deputación. Esta claridade na información referida ao parque móbil provincial non é a norma nas outras tres deputacións galegas: nin a Deputación de Lugo, nin a Deputación de Pontevedra, nin a da Coruña ofrecen esta información tan concreta, detallada e transparente. De feito, a de Lugo non ofrece ningunha outra información referida ao uso específico dos vehículos a cargo do Goberno provincial; a de Pontevedra non identifica nin a matrícula dos vehículos nin os servizos que desenvolven na Administración; e na da Coruña aparecen soamente dous vehículos oficiais, cousa que realmente nos estraña. Só dous vehículos oficiais na Deputación da Coruña. Non sei se este modelo de transparencia que pregoa o presidente da Deputación da Coruña é o que queren trasladar a toda a cidadanía. Postos a poñer deberes, creo que deberían empezar por mellorar a transparencia nas administracións que vostedes gobernan. Unha vez máis, fronte ao fume da campaña, quedan os feitos. Por suposto, todo é mellorable e, por suposto, pódese mellorar a xestión dos parques móbiles de todas as administracións porque erros hai en todos os lados. Farían ben en preguntar, por exemplo, se na Deputación de Lugo nunca houbo unha sanción administrativa na cal non se puidese identificar o condutor do vehículo; infórmense.

No informe da Deputación de Ourense pódese comprobar que o parque móbil e de maquinaria provincial consta de trescentos catro vehículos, detallados por vehículo, por marca, por modelo e por matrícula. Desde a Deputación de Ourense trasladóuselles todas as explicacións con total transparencia, señorías; o presidente deu cumprida resposta nun pleno de máis de vinte preguntas relacionadas con este tema, incluso respondeu preguntas que fixera fóra de prazo o voceiro do Bloque Nacionalista Galego. Tivo un pleno extraordinario e monográfico para abordar esta cuestión e nese pleno volvéronse dar cumpridas respostas a todas as cuestións.

É evidente que o presidente da Deputación de Ourense cometeu un erro grave polo que pediu as correspondentes desculpas públicas; é dicir, os requirimentos están cumpridos e a moción debateuse onde correspondía, isto é, naquel pleno da Deputación Provincial de Ourense. ¿Que máis buscan ou que máis queren? ¿Queren estirar politicamente esta cuestión? ¿Que pena se pode pedir para alguén que xa está inmerso nun proceso xudicial polo acontecido, e está



á espera dese proceso? Talvez, o que vostedes pretenden sexa organizar un linchamento público na praza Maior de Ourense —si, señora Presas—, tal como se facía a principios do século XIX para meirande escarnio dos condenados.

Permítanme que lles faga unha pregunta, señorías, e que a dirixa ao corazón das súas consciencias: ¿Todos estamos en condicións de afirmar rotundamente que vivimos nun estado permanente de perfección? Non me respondan, non me respondan. (*Murmurios.*) Non é preciso que me respondan. (*Aplausos.*) Non é preciso que me respondan, señorías, porque estou totalmente seguro de que se facemos unha parada pasará por diante do noso fotograma algún fotograma vital do cal non esteamos moi orgullosos; e se resulta, de todos os modos, que algúns se senten orgullosos, podemos facer unha cousa, isto é, que vaian levantando a man e eu vou tomando nota, e encargamos unhas peañas para pór nos pasillos do Parlamento. Pomos unhas peañas polos deputados do Bloque, outras polos deputados do PSOE e se algún do meu grupo se animase —eu non vou ser—, (*Risos.*) pois tamén poríamos algunha para o noso grupo. (*Aplausos.*)

Brincadeiras á parte, señorías, porque este é un tema serio, eu espero que non se convertan en xuíces, que non confundan o poder xudicial co poder lexislativo e que lle concedan ao señor presidente da Deputación de Ourense un mínimo beneficio da dúbida e a posibilidade de defenderse xudicialmente. Non fagan vostedes o xuízo e sentencien anticipadamente, entre outras cousas, por prudencia, porque se botamos un vistazo rápido —non pormenorizado, senón moi rápido— pola hemeroteca —xa que aquí vin que houbo moita hemeroteca— poderíamos encontrar moitas cousas relacionadas con infraccións da seguridade viaria de cargos dos seus partidos. (*O señor Ferro Iglesias colle un documento que volve deixar no seu sitio.*) Eu teño aquí unha que saíu onte, pero non a vou ensinar; se alguén a quere consultar, pois que me pregunte despois por ela.

A Deputación de Ourense, unha vez máis, foi transparente —a pesar do que vostedes poidan dicir— e contestou todo o que se lle preguntou. Non sei se coñecen aquela pasaxe bíblica na cal interpelan a Xesús porque unha lei obrigaba a apedrar unha persoa. É dicir: «esta lei obríganos a apedrala; ¿que facemos?». E Xesús dilles: «Apedrádela, pero que tire a primeira pedra o que estea sen pecado». E saben xa o que foi pasando, ¿non?; que foron marchando todos, empezando polos máis veteranos, polos máis vellos, polos que xa son un pouco máis coma min, porque tiñan máis motivos para ir marchando. (*Murmurios.*)

Miren, señorías, todos temos defectos, e a vella filosofía do ollo por ollo e o dente por dente déixanos a todos cegos. Ninguén é infalible as vinte e catro horas do día e os sete días da semana. ¡Ninguén! (*Murmurios.*)

E xa conclúo, señorías. O compromiso do Partido Popular de Galicia co Goberno e coa transparencia é absoluto. Seguiremos traballando nesta liña tanto con rigor como con lealdade institucional; pero non atenderemos, señorías, a falsos relatos argallados de urxencia ante a chegada das convocatorias electorais, co único obxectivo de camuflar —con pouco éxito, por certo, atendendo aos resultados do 28 de maio— a ausencia de argumentos políticos e de proxectos territoriais.



Por iso, señoría, anticipolle que non imos apoiar esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ferro.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Mire, señor Ferro, eu son apóstata convencida, pero, ata onde eu sei, para acadar o perdón, cando menos, hai que intentar non cometer máis pecados capitais e non ancorarse na mentira compulsiva; (*Aplausos.*) e, ata onde eu sei, na responsabilidade penal pódese mentir, pero na política, desde logo, estaría mellor non mentir como fixo compulsivamente o señor Baltar.

Mire, vostedes poden intentar minguar os feitos dos que estamos falando, facer chascarillos, tomalo a chiste, tomar a chiste que alguén habitualmente poida circular a douscentos quilómetros por hora —coma se nada— con recursos públicos; poden intentar facer iso, pero non poden desviar a profundidade e a gravidade desta cuestión, señor Ferro, porque, desde logo, non hai palla que a tape.

E, mire, o que non lle consinto é que veña aquí xa cun discurso vitimista —«pobrecito», «linchamento político»— por parte dunha organización política que, salvo honrosas excepcións, se caracteriza por non ter o máis mínimo escrúpulo á hora de acusar e de linchar. Mire, neste Parlamento xa vivimos —non nesta lexislatura, senón na anterior— algún caso de estar deputadas fóra deste Parlamento despois de cometer unhas actuacións, que eu, desde logo, non comparto, e que se eu as cometese, dimitiría, pero que, en fin, os que estabamos aquí vimos o que se facía. Pero é que vostede, que é do Partido Popular de Ourense, estaba alí, cando, por exemplo, vivimos unha campaña electoral —a máis sucia da historia deste país— na cal se acusou o expresidente da Xunta de Galiza de ser un maltratador, e, aínda hoxe, non se desculpou, entre outras cuestións. (*Aplausos.*) Polo tanto, leccións éticas, de moralidade, de linchamento e demais do Partido Popular, en xeral, cero, e do Partido Popular de Ourense, que pretende que sexamos os demais os que lle acharemos o camiño da sucesión do señor Baltar polo señor Menor, menos. ¡Fagan vostedes o seu traballo sucio! (*Aplausos.*)

E, mire, intentou poñer vostede aquí tantas desculpas enriba da mesa, que, comezou dicindo que isto era un problema da Constitución española. Eu non son unha fervorosa fan da Constitución española, pero, mire, isto non é un problema de que a iniciativa parlamentaria que traemos aquí, ao parecer, «*vulnera la Constitución*»; non sei como se aprobou na Mesa do Parlamento, deben estar en rebeldía todos eles e elas. Mire, sen entrar en que aquí xa temos debatido moitas veces peticións de pronunciamento a outras institucións etcétera, por exemplo, aos deputados e ás deputadas do Congreso; témoslles pedido aos deputados e ás deputadas do Congreso dos Deputados e Deputadas cuestións para os orzamentos do Estado. Espero que se algúns dos que están aquí o son no futuro, pois sigamos con esa praxe.

Mire, este non é un problema «*de la perfección de la institución y de donde tenemos que debatir esto*»; non é un problema do lugar do debate e, lamentablemente, tampouco da Constitución,



senón que o é máis do Código penal. Esa é a cuestión. Do que estamos falando aquí —e díxeno na miña intervención— non é de dirimir as responsabilidades legais —diso falará a xustiza; se fala—; do que estamos aquí falando é das responsabilidades éticas e políticas ante uns feitos gravísimos. E vostede intentou mesturalo con que «*las elecciones, los resultados, no los asumimos...*». Mire, non sei se o que pretende é dicir que vostede é demócrata e os demais non o somos. Nós somos demócratas e temos uns firmes valores de defensa da democracia e das institucións, pese ás súas limitacións, e da acción política en todas as súas dimensións. O que lle podo dicir é que calquera deputado ou deputada, ou calquera alcalde ou alcaldesa do Bloque Nacionalista Galego, o que tería feito sería dimitir; non faría falta que o dimitise ninguén porque xa tería dimitido motu proprio; esa é a cuestión.

Vostedes, ademais, é que nin se aclaran, porque, mire, voulle ler outra cita: *(A señora Presas Bergantiños colle o seu teléfono eponse a ler nel.) «A preguntas de los periodistas en un acto de Ordes, el presidente Rueda ha calificado este hecho de “irregularidad” y ha añadido que lo que tiene que hacer la Deputación es lo que anunció: “abrir una investigación”»*. ¡Vaia semana lle están dando vostedes ao señor Rueda! Ao final vai ser o que protagoniza os linchamentos do Partido Popular. Imos ter que saír nós na defensa do presidente Rueda. Vostedes non se aclaran: están tan nerviosos con esta cuestión e é tan difícil xa para a maioría do Partido Popular defender algo tan indigno que é insostible que sigan atendendo aos seus intereses partidistas e ás súas divisións en Ourense en vez de intentar restituír un mínimo a dignidade dunha institución que a ten xa polo chan.

É que é unha absoluta vergoña que se faga un uso privativo dos recursos dunha institución para ser un absoluto perigo público e que aquí non pase nada. É unha mensaxe moi perigosa para toda a cidadanía; é unha mensaxe de que todo vale e de que eses discursos da antipolítica e do cuestionamento dos valores democráticos teñen todo por gañar. E ese é un camiño no que vostedes, ademais, xa teñen experiencia en achaiar no lugar de onde vostede e eu vimos; xa teñen experiencia, e parece que o que queren é iso para todo o país.

Nós, desde logo, temos moi claro que do que estamos a falar hoxe aquí é dunha cuestión moi grave: non é un enfrontamento por cuestións partidistas; non é cuestionar os resultados electorais; non é, nin sequera —e díxeno na miña intervención—, entrar nas cuestións obxectivas e criticables no ámbito político e xestor da Deputación de Ourense, como facemos noutros debates, como o dos orzamentos, senón que estamos a falar de algo moito máis profundo.

E eu teño que lamentar que, unha vez máis, o Partido Popular estea instalado na operación de salvar «*sus propias siglas*», no lugar de defender unha cuestión que debería suscitar a unanimidade de todos e de todas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.



Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

¿Aceptouse a emenda do Bloque Nacionalista Galego?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Aceptamos a emenda como engádega, excepto o último punto.

O señor PRESIDENTE: Acéptase como engádega, excepto o último punto.

Votamos.

(Unha señora deputada: ¡Espera, espera!)

¿Perdón? ¿Si, señora Sanz?

(A señora Sanz Arias pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Acepta a votación por puntos? *(A señora Sanz Arias pronuncia palabras que non se perciben.)*
¿Que puntos quere separar?

A señora SANZ ARIAS: Da engádega; dos dous puntos que se añaden da emenda do BNG, queremos separar eses dos puntos.

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón?

A señora SANZ ARIAS: Separar os dous puntos da emenda. Vou separar o primeiro punto da emenda que se engade do BNG. Separar o primeiro punto.

O señor PRESIDENTE: ¿Separar o primeiro punto?

A señora SANZ ARIAS: O primeiro punto da emenda do BNG. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¿O que? ¿O segundo punto? *(Murmurios.)*

Ou sexa, ¿votar á parte a engádega? *(Algúns señores deputados: ¡Noon!) (Murmurios.)*

A ver, Montse...,

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA (Prado Cores): O primeiro punto da engádega.

O señor PRESIDENTE:...a ver, que eu estaba un pouco confuso. *(Murmurios.)* ¿Votar? *(Murmurios.)*

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA (Prado Cores): Votar á parte o primeiro punto da engádega.



O señor PRESIDENTE: ¿Votar o primeiro punto da engádega?

(Unha señora deputada: Si, separada.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Votar o primeiro punto da engádega. Entón, ¿empezamos por iso? ¿É así? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Vale, votamos o primeiro punto da engádega.

Votación do primeiro apartado engadido do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer constar como se materializaron os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia recibidos do Estado.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o primeiro apartado engadido do texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos.

Votamos.

Votación do resto dos puntos engadidos do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer constar como se materializaron os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia recibidos do Estado.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os restantes apartados engadidos do texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a dignificación do servizo de asistencia xurídica gratuíta.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz.

Non sei se se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Aceptouse a emenda? Non. Pois entón votámola tal como está.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a prevención da fragilidade osteomuscular e a asistencia ás persoas que a padecen.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Hai unha proposta de transacción co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. ¿Coñécena todos os grupos? (*Asentimento.*)

Votámola.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan estratéxico de loita contra a sinistralidade laboral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona María Begoña Freire Vázquez.

Había unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que non se acepta.



Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que desenvolva as negociacións oportunas dirixidas a acadar un pacto nacional pola vivenda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa da señora Presas.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre a resolución que debe adoptar o Parlamento de Galicia en relación co uso de vehículos oficiais na Deputación de Ourense.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións e continuamos coa orde do día. Neste caso é unha interpelación.

A ver se está o conselleiro do Medio Rural. Parece que está aí.

Interpelación de D^a María González Albert e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada, señor presidente.

Bo día, señor conselleiro. Non lle gusta nada vir ao Parlamento. Nós pedimos unha comparecencia por esta cuestión que nos parecía da suficiente importancia e non lle apeteceu vir comparecer. En todo caso, benvido a falar de medio ambiente e de incendios. Nós pedíamos



esa comparecencia porque nos interesaba moito que viñese vostede a esta casa explicar as súas opinións en relación coa protección ambiental que merecen os espazos singulares e a súa vinculación coa agricultura e coa gandería e tamén cos incendios forestais.

Eu non vou repetir aquí por enésima vez como foi o verán pasado en materia de incendios, o máis grave nos últimos quince anos. Atacou, como vén sendo por desgraza habitual, sobre todo o interior do noso país. Un interior que vostedes manteñen incomunicado, que manteñen avellentado, que mantiveron despoboado e marxinado durante décadas e décadas desde o Goberno da Xunta e tamén desde o Goberno central, cada vez que tiveron ocasión de facelo.

Como digo, ardeu ese interior. ¿Que ardeu? Pois, sobre todo, como xa temos debatido aquí, espazos naturais supostamente protexidos, parques naturais, reservas da biosfera e bioparques. Os pulmóns, os que son os auténticos pulmóns do noso país. Arderon os Ancares, ardeu a Serra da Enciña da Lastra, ardeu o Invernadoiro e ardeu a Baixa Limia-Xurés.

Supoño que, como diría vostede, esta interpelación está rexistrada hai moito tempo. É destas que temos así de fondo de armario e nos pareceu moi acaído traela a colación despois da súa intervención no acto de partido de hai escasamente un mes.

¿Que diciamos nós na exposición de motivos? Pois falabamos sobre todo de dúas cuestións. Dunha banda, que é importante que este Parlamento teña sempre información detallada con relación a que medidas de prevención específicas se toman por parte da Xunta de Galiza nestes espazos de especial relevancia natural. E, por outra banda, saber —porque é responsabilidade da Xunta— velar pola súa protección primeiro e, en todo caso, pola súa recuperación, pola súa rexeneración e controlar no posible todas as consecuencias negativas que poida ter o lume, no caso de chegar, para poderen evitar máis danos.

Eu creo que ambas as cuestións están no día de hoxe de total actualidade. De verdade que nos interesa moito o que vostede ten aquí que dicir con relación con estas dúas cousas. E gustaríanos tamén saber —en todo este ano non foi posible— que opina a conselleira de Medio Ambiente tamén ao respecto.

Nós na exposición de motivos desta interpelación falamos da incapacidade que están a demostrar os instrumentos de ordenación ou de xestión actualmente en vigor nestes espazos naturais para protexelos de forma efectiva. Uns instrumentos de ordenación e xestión, tanto os PORN como os PRUX, que ou ben —e á experiencia me remito— son insuficientes ou están mal dotados economicamente. En todo caso, estanse a demostrar absolutamente ineficaces para afrontar con garantías a prevención contra incendios e a loita contra eles unha vez declarados nestas zonas singulares que, como digo, son ademais garantía de biodiversidade no noso país.

Nós no BNG —inocentes que somos— reclamabamos que o obxectivo fundamental tiña que ser a protección, a pervivencia, a salvagarda, o mantemento e a mellora da biodiversidade nos nosos espazos naturais; para protexelos fronte a eses incendios forestais e para garantir a biodiversidade esta da que falan tamén no Plan forestal. Pensabamos que para iso é preciso tomar medidas proactivas e medidas valentes, que leven aparelhada dotación orzamentaria, evidentemente, para poder poñelas en práctica.



Pensabamos isto e pensabamos que isto era un consenso deste hemiciclo, até que abriu vostede a boca en plena precampaña. O pasado 17 de maio, precampaña das eleccións, vostede veu incendiar este debate no que nós pensabamos que non existía debate. Pensabamos que non existía debate, porque tiña que haber unanimidade na meta, que tiña que ser común, de preservar eses espazos.

Aproveitou un acto de partido en Sandiás —un acto no que ademais estaba acompañado doutros cargos públicos como a vicepresidenta da Deputación de Ourense— e aí vostede responsabilizou a Unión Europea e ás súas ferramentas de protección medioambiental —por exemplo, a Directiva Hábitat Rede Natura— dos incendios acontecidos o ano pasado, do abandono do monte, da súa incidencia sobre a agricultura e a gandaría deste país e de que o monte estea poboado —díxoo vostede, ademais— por fauna salvaxe.

O corte que publicou o seu propio partido en redes sociais, que son seis minutos e oito segundos, eu escoiteino de forma completa. Algo máis de catro minutos e medio é propaganda da Lei de recuperación de terra agraria e o outro minuto e medio dedicouno a soltar perlas do calibre desta que acabo de mencionar.

Eu voulle dicir na literalidade algunhas das cuestións que vostede afirmou ese día. Dixo vostede: «Eu, de verdade, cando empecei de conselleiro podía ser un pouco máis proclive ao tema medioambiental. E agora digo: imos ver, ¿que é o peor que nos pode pasar? Que todo quede abandonado, que quede todo cheo... Veño de ver unhas fotos» —dixo vostede— «de xabarís, de corzos e lobos». E máis aló da perversidade, dunha falsa dicotomía entre protección e abandono, porque esa non é a dicotomía real, xórdenos unha primeira pregunta que é: ¿quen goberna neste país? ¿Quen gobernou neste país case corenta anos e quen está a levar adiante políticas suicidas que nos están a obrigar ao abandono do interior? Non é a Unión Europea a que obriga ao abandono do interior.

Mire, a Asociación Forestal de Galiza nos seus estudos estima en preto de medio millón as hectáreas de monte que define como «en mal estado», o que representa un dezasete por cento do total da superficie cualificada como monte no noso país. Medio millón de hectáreas —catrocentas noventa mil, aproximadamente— que non teñen no día de hoxe ningunha axuda para a súa recuperación por parte do noso Goberno. Axudas súas, da Xunta de Galiza, que é quen ten a responsabilidade.

Máis cousas que dixo vostede: «Eu non estou dando unha mensaxe catastrofista. Que nos deixen aos agricultores e aos gandeiros desenvolver a nosa actividade, que hoxe temos maquinaria bastante para poder xestionar o territorio.» Eu aquí voulle dar a razón; efectivamente, temos moita maquinaria. En 2019 calculábase que en Galiza temos aproximadamente cento sesenta mil tractores. ¡Cento sesenta mil! Así que maquinaria temos. Alí por 1960 había mil. Unha progresión xeométrica que nos leva até o infinito. Hoxe só estamos na Unión Europea por debaixo de Italia en maquinaria.

E, pola contra, neste mesmo tempo, nestes mesmos sesenta anos a nosa poboación agrícola dividiuse por quince. O mesmo acontece coa superficie agraria e a superficie gandeira, que se reduciu en oitocentas mil hectáreas nese mesmo período. Polo tanto, ¿vostedes non teñen



nada que ver? ¿Ter maquinaria solución que o monte non estea en mal estado? A realidade é que non. Cento sesenta mil —repito— tractores en 2019.

Máis cousas que dixo vostede: «Miren, outro dato, o ano pasado, que ardeu un golpe de hectáreas en Galiza, ¿saben onde estaba o setenta por cento desas hectáreas? En Rede Natura. Algo falla» —dixo vostede— «se cos compromisos medioambientais e a protección que nos están impondo o único que logramos é que arda todo cando temos un incendio no verán.»

Eu, por se queda algunha persoa despistada, sobre todo por esta bancada, (*A señora González Albert fai un xesto coa man que sinala a bancada da súa dereita, onde se atopan os membros do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.*) lembro aquí que a Rede Natura é a rede ecolóxica europea de áreas de conservación da biodiversidade, que está deseñada hai máis de vinte e cinco anos e que obriga precisamente administracións como a Xunta de Galiza a velar pola súa protección.

Quero lembrar tamén que Galiza é a comunidade de todo o Estado español con menos proporción de superficie incluída dentro da Rede Natura. Temos menos do doce por cento, case a metade que a media estatal. Por exemplo, case catro veces menos que lugares como Canarias, que ten o corenta e dous por cento, ou Madrid, que ten o corenta por cento. Até a Comisión Europea nos advertiu coa posibilidade de abrir expediente por incumprimento das leis da Unión.

É dicir, somos a parte do Estado con menos superficie protexida, pero son vostedes incapaces de salvagardala dos lumes. E eu pregunto se non teñen vostedes ningunha responsabilidade sobre esta cuestión. É máis, como exemplo —igual menor, pero tamén moi sintomático— permítense o luxo de eliminar unha simple brigada de limpeza no Xurés e votar até dúas veces en menos de catro meses neste Parlamento en contra da súa reposición. ¡Dúas veces en menos de catro meses!

Dixo vostede máis cousas. Pero eu teño que dicir que desde as súas desafortunadas declaracións pasou case un mes e ningún membro do seu goberno —nin a conselleira de Medio Ambiente, que hoxe non está, nin o propio presidente da Xunta— saíu desautorizalas. E a nós o que nos suxire isto é preocupación. Porque non temos clara cal é a postura da Xunta de Galiza e do Partido Popular en relación co que é a necesaria e obrigada protección dos nosos hábitats, as necesarias medidas de ampliación de espazos protexidos e como se teñen que xestionar. Como se teñen que xestionar desde o noso Goberno, desde o Goberno galego, para garantir a protección e a conservación destes espazos fundamentais para a nosa biodiversidade.

Ao final o que nos preocupa sobre todas as cousas é o populismo das súas declaracións; a inconsciencia das súas declaracións. Que mesture vostede conceptos e ideas de xeito totalmente irresponsable para o cargo que vostede ocupa. Porque está plantexando unha dicotomía que non é certa e que, desde logo, desde a Xunta de Galiza non se pode afondar nun terreo que non se corresponde coa realidade.

Porque eu traíalle o mapa —xa llo saquei máis veces, non llo vou sacar— de que ardeu o verán pasado. Ardeu a parte do país que está despoboadada, que está avellentada e que non ten expectativa de futuro. E aí hai unha responsabilidade, que é a do Goberno da Xunta.



E a nós preocúpanos, de verdade, que, sendo vostede como é o máximo responsable de política do medio rural —por certo, con competencias plenas propias—, o único que se lle ocorra unha vez máis é botar balóns fóra. Preocúpanos que afirme que a protección ambiental é causante dos incendios forestais. Eu pediríalle, de verdade, que se retracte desas palabras; que nos explique, non sei, que están sacadas fóra de contexto ou algo.

Preocúpanos que considere de verdade que a protección é un lastre para o noso país. Preocúpanos que considere que a protección ambiental pode ser un lastre para o sector agrícola e para o sector gandeiro, coma se non fosen compatibles. E preocúpanos que estea incendiando —si, repítollo— coas súas afirmacións.

Preocuparíanos, xa nesta dinámica, un día atopalo facendo declaracións como o seu colega de Castela e León, que di «é que levamos moi ao extremo a saúde pública» falando da tuberculose bovina. Pois igual a vostede lle parece que levamos moi ao extremo a protección ambiental. Pero é que é moi importante para o noso país. *(Aplausos.)*

Preocúpanos, neste momento, descoñecer se existe unha concordancia de opinión e actuación entre o seu departamento e o da Consellería de Medio Ambiente. Preocúpanos imaxinar que medidas consideran desde a súa consellería que se teñen que tomar para evitar que os espazos protexidos por figuras como a Rede Natura, sexan —en palabras súas— «causantes de incendios forestais». ¿Sería mellor eliminalas? ¿Facemos como Bush, que cando tiveron a gran onda de incendios en Estados Unidos dixo que a mellor solución era talar todas as árbores?

Claro, é que estamos nun momento no que, de verdade, nos preocupan estas cousas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Si, remato xa, señor presidente.

Nesta primeira tanda facíalles bastantes preguntas. É verdade que algunhas delas xa as contestaron á súa maneira ao longo deste ano, pero interézanos moito máis saber a súa posición sobre a protección ambiental do noso país.

De momento máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moi bos días, señor presidente.

Señorías.

Señora Albert, eu pediríalle tamén na súa quenda que me aclare e de onde saca que eu teño esa falla de respecto a este Parlamento. Porque, ademais de que fun parlamentario, veño sempre que teño a ocasión render contas do que se me pide.



E tamén lle diría, en segundo lugar, xa que falou da «interpelación de fondo de armario», que buscar unha escusa dunha interpelación feita o 20 de xullo do ano pasado para vir aquí cunhas manifestacións, por certo, que non se corresponden co que vostede dixo, pois bueno... Pero, en todo caso, como sempre fago tratarei de dar resposta a esa interpelación.

Temos que coller o contexto, aínda que é certo que xa pasou un ano, do que aconteceu no mes de xullo de 2022 que, é certo, lamentablemente afectou espazos naturais protexidos. E é tamén certo que aínda que cada hectárea que arde en Galicia conta, o feito de que sexan espazos protexidos os que sofren as consecuencias do lume é significativo.

Pero esta —como vostede dixo tamén e así o aclaro— non foi a primeira ocasión na que veño dar conta desta cuestión. Digo o da súa interpelación. En setembro respondín unha interpelación sobre este tema e en novembro tiveron a correspondente comparecencia da campaña de 2022. E, por suposto, responderei ante este Parlamento —e prégolle nese sentido que o teña en conta— as veces que fagan falta para deixar claro todo o traballo acometido neste campo.

Pero, como tamén fago sempre que falo de incendios, en primeiro lugar quero trasladar o meu agradecemento ao labor do noso Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais, esas sete mil persoas que estaban o ano pasado e que volverán estar este ano e que teñen que ver tanto co servizo autonómico como tamén cos bombeiros comarcais, cos GES, a Policía Nacional, Policía Autonómica, Local, Garda Civil, Protección civil etc. Un dispositivo —como sabemos todos e é bo que o recordemos aquí tamén— de referencia, no cal cada unha das persoas que o conforman suma profesionalidade, solidariedade e dedicación.

Déixeme tamén que lle diga, respondendo a súa interpelación, que é importante que repase-mos o que aconteceu naquela segunda quincena de xullo, concretamente entre os días 15 e 17. Recordarán que vivimos un sistema colectivo de mesoescala que trouxo consigo naqueles escasamente tres días máis de seis mil raios, ocasionando ata cincuenta e dous lumes de xeito simultáneo. Tivemos naquel momento cinco grandes incendios entre o 14 e o 18 de xullo.

Falamos de simultaneidade dun elevado número de incendios forestais en diferentes partes do territorio e dunha virulencia e proporción moi intensas. É certo que, como digo, nas zonas do territorio máis afectadas existía unha importante carga de biomasa, que logo aclaremos ao respecto de que se trataba.

Ademais, tamén teño que dicir que naquel mes de xullo recordaremos todos que nos atopamos en situacións de auténtica emerxencia civil. Quero destacar que tivemos entre o 15 e 19 varias situacións decretadas, un total de dez en cinco concellos diferentes, moitos deles tamén en espazos naturais protexidos: Folgoso do Courel, Pobra do Brollón, Carballeda de Valdeorras, Oímbra e Palas de Rei.

No traballo que se fixo a prioridade foi sempre poñer por enriba de todo o máis importante, que son as persoas. Pero se nos referimos á Rede de espazos naturais protexidos, e tendo en conta o que vostede xa trasladou, esta rede de espazos naturais protexidos representa, señorías, o trece por cento da superficie total galega. É dicir, hai un total de 475.737 hectáreas en Rede Natura.



Tamén, se temos en conta os datos do Pladiga 2023, que seguro que vostede o leu e que contesta moitas das cuestións desta interpelación, trasládolle que no período entre 2013 e 2022 víronse afectadas por lume 77.560 hectáreas deste total da Rede Natura. No tocante ao resto de espazos protexidos, os máis afectados foron os parques naturais, cunha superficie nesta última década de 15.472 hectáreas. É dicir, no conxunto suman algo máis de noventa e tres mil hectáreas afectadas nestes últimos dez anos, nese trece por cento do territorio que representa a Rede galega de espazos naturais.

Cinguíndonos ao acontecido no mes de xullo de 2022, a superficie afectada polo lume foi en total de 18.536 hectáreas. É dicir, se facemos a comparativa nos últimos dez anos coa pasada campaña 2022, o certo e verdade é que a afectación dos incendios forestais en espazos naturais moveuse en cifras similares. Referíndome en concreto ás zonas máis afectadas: os Ancares e o Courel, once mil hectáreas; o Macizo central, tres mil seiscentas hectáreas; o Invernadoiro, tres mil trescentas hectáreas; e A Serra da Enciña da Lastra, cento oitenta e sete hectáreas.

¿Cales foron os medios contra os incendios forestais? Porque aquí tamén teño que lembrarlle, cando vostede falaba da Consellería de Medio Ambiente, que as competencias en materia de prevención e extinción de incendios en todo o territorio galego corresponden á Consellería do Medio Rural. Polo tanto, son eu quen pode responder sobre estes medios, sempre dentro, claro, da coordinación que temos entre as dúas consellerías.

Os medios dos que se dispuxo o pasado 2022 en canto a medios humanos foron eses sete mil efectivos, tanto profesionais propios da Xunta como adscritos a outras administracións. Ademais, trescentas oitenta motobombas, entre motobombas do servizo e motobombas municipais. Pero tamén, evidentemente, logo do que pasou no ano 2022 temos diferentes novidades no Pladiga 2023. Eu destacaría dende o mes de maio, como se fai todos os anos, a incorporación de preto dun millar de traballadores ocupando prazas de natureza descontinua de seis meses.

Pero realmente importante para atacar incendios desta natureza é a creación da Unidade de Directores de Extinción para a súa intervención en lumes con elevado potencial para converterse en grandes incendios forestais, que son precisamente cos que temos a problemática nesas zonas do territorio que antes aludía vostede.

Pero ao mesmo tempo traballamos tamén para estabilizar o noso persoal. Lémbrolle que este ano todos os traballadores de nove meses pasaron a ser persoal de doce meses, cun proceso de funcionarización tamén para que moitos deles poidan adquirir a condición de funcionario. Máis alá do que se poida intoxicar é relevante e determina moitísima estabilización no que se refire ao servizo. Polo tanto, tres mil persoas, homes e mulleres, das que dous terzos traballan todo o ano; dous mil homes e mulleres traballan todo o ano e un terzo están activos seis meses ao ano.

Dentro dos medios materiais, reforzamos tamén este ano cunha importante adquisición tanto de motobombas como, sobre todo, de tractores Batracio, que son aqueles que nos permiten levar a cabo tarefas de prevención e de extinción e que van ir destinados fundamentalmente a aqueles distritos que teñen máis dificultade na loita contra os incendios forestais pola afectación destes anos.



Tamén, como novidade importante creamos —unha delas vai ademais preto de onde é vostede, ao Barco de Valdeorras— tres brigadas helitransportadas públicas que prestarán servizo durante todo o ano. Ampliamos a rede de vixilancia fixa que xa conta con cento cincuenta e tres cámaras de vixilancia en setenta e seis localizacións e actualizamos as parroquias de alta actividade incendiaria. Como unha cuestión tamén moi importante reforzamos algo moi demandado e no que estamos totalmente de acordo: o plan de formación do noso persoal. Poden preguntar aos sindicatos ao respecto. Para el temos este ano un orzamento de setecentos mil euros.

Pero, ademais tamén, señora Albert, optimizamos as infraestruturas preventivas, renovamos as bases de unidades operativas —en concreto unha delas vai tamén no Xurés—, que nestes momentos están xa en marcha as súas obras. Estamos traballando e avanzando na configuración do Centro integral de loita contra o lume en Toén, no que xa temos, dentro dese plan de formación do noso persoal, pistas de adestramento. Estase a acometer a renovación dos primeiros dos edificios do complexo.

Tamén traballamos —e sábeno vostedes— cunha estratexia transversal. Certamente, tras os lumes do ano pasado actuamos en primeiro lugar con medidas a curto prazo, que é como se fai á recuperación dos territorios afectados. Fíxese: posta en marcha de achegas tanto para as persoas afectadas polo grandes incendios, nove millóns de euros en axudas directas, como para explotacións danadas, catro millóns de euros. Son medidas a curto prazo, pero entendemos todos que son necesarias. Eu, señorías, preguntárame onde están as axudas que foron anunciadas por outras administracións públicas, sinaladamente a Administración estatal. Diso vostede non recorda nada.

Si que se acordou para dicir que había soutos de castiñeiros que non podían acceder ás axudas. Pois eu tamén lle recordo que se sacaron dúas liñas de axuda este ano, precisamente para complementar. A primeira para a recuperación de soutos de castiñeiros que non tivesen Rega (Rexistro de explotación agraria), porque eses xa estaban contemplados na subvención do ano pasado. E a segunda para cubrir precisamente a falla de alimentación para as explotacións apícolas en zonas afectadas polos grandes incendios forestais. Un total de setecentos cincuenta mil euros que, repito, veñen complementar as subvencións que puxemos en marcha o ano pasado precisamente para facer fronte ás afectacións polos incendios forestais.

Tamén temos que traballar en medidas a medio e longo prazo para a recuperación integral do territorio afectado tanto coa determinación das infraestruturas preventivas necesarias como coas discontinuidades no territorio para atenuar os efectos dos incendios forestais.

Señora González Albert, se quixésemos entrar nun debate serio e contundente temos a oportunidade na Lei de loita integral contra os incendios forestais, máis alá da crítica que vai facer vostede.

Pero si penso que é importante entender que en moitas partes do territorio, tanto se é a Rede Natura como se non, hai acumulada moita biomasa e temos que tratar de traballar con discontinuidades que ademais teñan esa actividade agrogandeira que faga rendibilidade. Porque desa forma facemos tamén prevención.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Na miña segunda quenda concretarei precisamente as medidas que se tomaron o pasado mes de outubro no que se refire á prevención de incendios nas zonas de Rede Natura e nos espazos naturais protexidos galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rolda de réplica, ten novamente a palabra dona María Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Fíxese, estes días, estas semanas, que estamos inmersas moitas persoas das que estamos aquí nas negociacións dos posibles gobernos municipais, eu penso moitas veces que interesante sería que a honestidade funcionase máis en política e que puidésemos falar dende a realidade, desde o convencemento para poder debater, de verdade, cuestións. Eu boto moito en falta iso ás veces en política. E eu creo que tamén nos dignificaría moito fronte á xente.

Vostede recordoume agora iso, porque sería interesantísimo de verdade que vostede viñese aquí responder á pregunta que lle fixemos: se pensa que a protección ambiental é un lastre para o noso sector agrícola gandeiro e que é causante dos incendios forestais. É o que dixo vostede; non o dixen eu nin o dixo ningunha persoa da bancada do BNG e, neste caso, ningún tampouco do Partido Popular. Foi vostede nun acto de partido que está gravado e está publicado nas súas redes sociais e que non saíu desmentilo. Entón sería, de verdade, refrescante poder falar desde a realidade.

Vostede tivo nove meses para preparar a resposta a estas preguntas. É verdade, hai nove meses. Temos rexistradas máis cuestións con relación a isto, pero os tempos de Parlamento son os que son. Pero tivo nove meses. Plantexabamos oito preguntas e contestou unha, a sétima. Preguntabamos que medidas de prevención específicas se tomaron nos parques naturais; tenas vostede por escrito. A súa resposta é que ningunha.

Eu lin o Pladiga do ano pasado, de 2022, e lin o Pladiga de 2023. No Pladiga de 2023 o único apartado no que se fala especificamente de espazos naturais protexidos é un subapartado, «3.3.1. Rede galega de espazos naturais protexidos». Eu imprimín até ese apartado. Son literalmente tres páxinas e o que fan nesas tres páxinas — «Réxime de protección da Rede galega de espazos naturais protexidos» — é explicarnos o que é unha reserva natural, que é un parque natural, que é un parque nacional, monumento natural... Isto é todo o que vén no Pladiga específico de espazos naturais protexidos.

Fun máis alá, entón busquei os PORN e os PRUX dos seis parques naturais que temos no noso país, imprimín o plan económico e financeiro de cada un deles, dos seis. Son breves; case todos son de periodicidade de seis anos e algún de dez anos. Vou facer un resumo moi rápido no tempo que teño.



PRUX das Fragas do Eume. Declaradas parque natural as Fragas do Eume en 1997. O primeiro PRUX fixérono en marzo deste ano. Tamén unha cousa moi curiosa é que responderon as alegacións despois de aprobar o plan. Vinte e cinco anos despois da declaración do parque. Teñen un plan económico de xestión e de conservación a dez anos, do ano 2023 ao 2032, que ten un total asignado de 3.125.000 euros, é dicir, 312.500 euros por ano. O do parque Aloia, un millón de euros. Saímos a cen mil euros por ano; está a dez anos. O de Corrubedo, declarado en 1992 e o seu primeiro PRUX é de 2021. Teñen un plan de xestión a dez anos, cen mil euros por ano.

Xeoparque Montañas do Courel, un xeoparque recoñecido pola Unión Europea. A min foime imposible atopar a asignación directa da Xunta de Galicia para este parque. Todo o que atopamos é que cada concello achega quince mil euros ao ano para o seu mantemento e conservación e para financiar actividades relacionadas co xeoparque. Din os alcaldes da zona que, á parte diso, só contamos cunha modesta subvención da Deputación e algunha pequena axuda ocasional da Xunta. Isto é o que din do xeoparque Montañas de Courel, o incendio máis grande da historia do noso país.

PRUX do Parque natural Serra da Enciña da Lastra, declarado parque natural en 2002. Ten un plan económico, financeiro e de xestión de 708.000 euros para seis anos, o que nos dá unha media de 118.145 euros por ano. Tendo en conta a superficie que ten o parque sáenos a 37,5 euros por hectárea e por ano de investimento directo da Xunta de Galiza en mantemento, conservación, reparación de puntos de auga, reparación de pistas... ¡Son 37,5 euros por hectárea/ano! O segundo maior incendio da historia do noso país, 37,5 euros por hectárea.

Invernadoiro, terceiro gran incendio do ano pasado. Declarado parque natural en 1997. Media de gasto anual prevista: 155.000 euros; sae a 27,17 euros por hectárea/ano. E o Xurés, que arde a todas horas, declarado en 1993; o PRUX é do ano pasado e sáenos a 6,70 euros por hectárea/ano de investimento da Xunta. ¡Seis euros!

Isto é que teñen vostedes publicado. E eu vou ao Pladiga e non atopo nada máis destinado á iso. É máis, lemos o Pladiga e lémoloo moito. O ano pasado nós miramos a execución da Consellería e o vinte e cinco por cento do seu orzamento non o executaron, practicamente o vinte e cinco por cento. E eu preguntome, ¿que fariamos con ese diñeiro?

Imos facer política-ficción. Que vostedes investisen o diñeiro en mantemento, que colaboren coa Consellería de Medio Ambiente. Iso tampouco aparece no Pladiga. Non hai ningún convenio de xestión deses espazos de colaboración entre os dous departamentos en caso de lume. Se investisen ese diñeiro... Efectivamente, xa dicíamos nós nunha das nosas preguntas que anunciaron nove millóns de euros; tampouco me contestou aí ao que lle preguntabamos. Pero se en vez de gastar nove millóns de euros en ter que axudar a xente porque ardeu todo, ¿que pasaría se fixesen política-xestión...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...—remato señora presidenta— e usasen ese diñeiro para xestionar o territorio? Para facer o seu traballo en vez de ter que subvencionar despois do desastre.



Que nós entendemos, de verdade, as dificultades de protexer un parque natural. O que hai que ter é interese; o que hai que poñer son recursos; o que hai que poñer é persoal; e o que hai que poñer son orzamento e medios. E non os están poñendo.

E pódolle falar de máis cousas —xa remato señora presidenta—. Pero é que até o único que aparece específico do Xurés é o convenio transfronteirizo. Revisen o Pladiga, porque nin sequera se corresponden as dúas versións do convenio. *(A señora González Albert amósalles un documento aos membros da Cámara.)* ¡Tráennos a versión en español e a versión en portugués e son distintas! Son distintas; non é o mesmo convenio. Entón, se nos temos que fiar do Pladiga como disto...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Remato xa. Fagan política; non subvencionen. Fagan política preventiva, que é o que lles estamos pedindo, e dígnanos se a protección ambiental vai contra os incendios forestais. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra o señor conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): O primeiro que teño que dicir, señora González Albert, é que xa me volven con contradicións. Imos ver, primeiro criticaban porque non sacabamos subvencións e agora di que non subvencionemos. ¿Como é a cousa? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, eu escoitei perfectamente; estiven atendendo todo o debate e escoitei moitas cousas nas que falou da miña falla de honestidade. E estoulle dicindo que, en primeiro lugar, respondín todas as preguntas que estaban nunha interpelación de hai máis dun ano. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois se quere volva revisar —como fan ese labor— todas as preguntas e verá como estaban respondidas.

En segundo lugar, trasladeille a necesidade de traballar nunha planificación preventiva a medio e longo prazo, dicíndolle que loxicamente a curto prazo teremos que ir con axudas. Pregúntolle eu tamén a vostede para que o aclare na moción: ¿o Bloque Nacionalista Galego estaba en contra de que percibisen axudas directas aqueles que foron afectados polos incendios? ¿Ao Bloque Nacionalista Galego non lle pareceu ben que sacásemos as axudas para os soutos que non tiñan Rega e para explotacións apícolas nos incendios de máis de mil hectáreas porque corriamos o risco de que non houbera alimentos para as abellas? Dígnanos con claridade cal é a súa postura, porque é que senón a min xa chega un momento en que me dá voltas a cabeza de tantas contradicións; se non é o señor Rivas é vostede. A min, díggollo claramente, paréceme que aquí hai que falar con seriedade.

Outra cuestión que é tamén un xogo —dixo vostede que eu non era honesto— un pouco de trileiro, un pouco trucado, é que sacaron só as cifras que están nos PRUX e que están nas diferentes normativas referidas aos parques naturais. Eu xa lle dixen que a compe-



tencia —e ten que tomar tamén as cifras da nosa consellería, da Consellería do Medio Rural— en materia de prevención e extinción corresponde á Consellería do Medio Rural. E para esta consellería, que eu represento, a planificación preventiva é un elemento fundamental. E levámolo dicindo dende... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, si voulle dar agora as cifras, home; non se preocupe, que eu coma sempre téñoas. ¿Que lle imos facer? Claro. Fíxese, falamos dun plan preventivo —que a vostedes non lles gustará nada, pero que son 38,8 millóns de euros— que supuxo no ano 2023 un dezasete por cento máis que en 2022 para actuar nunhas sesenta mil hectáreas, nuns cinco mil seiscentos quilómetros de pistas en case 4.840 puntos. Eu diríalle que, de paso que ve as redes sociais, mire tamén as redes sociais do 085 e estará vendo como se están facendo estes traballos, sen ningunha dúbida preventivos, e como ademais se están facendo con moita eficiencia. Eu quero felicitar o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios polo traballo que fai de prevención.

No marco dese plan preventivo, señorías, temos nestes momentos preto de corenta tractores actuando no territorio, xunto con todos os municipais que, por certo, tamén subvencionamos nós cun apoio importante, igual que as motobombas e que as brigadas municipais.

Pero ademais —respondendo unha das súas preguntas, «¿que facemos ao redor dos núcleos de poboación?»—, pois home, eu pediríalles un pouquiño de responsabilidade. Sobre todo pediríalles que algún de vostedes non tache de «arboricidio» quitarnos cincuenta metros ao redor das aldeas de pinos, eucaliptos e mimosas, porque entón si que corremos un risco importante. E hai, señora González Albert, xente no seu partido que está tachando de «arboricidas» os que toman esas decisións.

Eu aquí quero poñer enriba da mesa o convenio de protección das aldeas ao que se atopan adheridos o oitenta e nove por cento dos concellos galegos. Isto permitiunos facer un traballo importantísimo no que se refire precisamente á limpeza desas franxas. Eu quero dicir tamén que este ano incrementamos o número de persoas para poder facer a comprobación desas franxas, precisamente permitindo que sexan os brigadistas municipais os que poidan facer ese traballo.

Pero gustárame rematar con toda a lexislación que está enriba da mesa, como a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Por certo, lembrando hoxe á mañá cando se falaba de competencias, vólvolles recordar que vostedes votaron en contra da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que atribúe a facultade de investigación ao Goberno autonómico fronte ao Goberno central. Tamén a Lei de loita integral contra os incendios forestais, que aposta claramente por esa planificación preventiva. Pregaríalle, se vai seguir aquí no Parlamento, que a lese con atención, porque penso que se pode facer un debate ao respecto.

Pero unha das medidas que se tomou —e faremos un debate, seguro— precisamente logo da afectación na Rede Natura o pasado ano foi un acordo do Consello da Xunta do 6 de outubro de 2022. Supoño que o coñecerá e, se non, vullou ler eu. Este acordo considera medidas de xestión da Rede Natura 2000 de carácter preventivo e de aplicación directa para a conservación e integridade dos hábitats naturais fronte ao cambio climático e a virulencia dos



incendios as medidas que relatarei a continuación. E non o esquezamos, e iso si que o digo e o manteño, que a virulencia deses incendios é un inimigo fundamental da Rede Natura, precisamente.

En primeiro lugar, o mantemento dos pastos existentes e a súa creación cando se realicen sobre espazos non conformados por hábitats de interese comunitario nin sobre áreas prioritarias de especies de interese para a conservación. Especialmente, fíxese, en superficies forestais. Plan de pastos que nós estamos apoiando con preto de dúas mil hectáreas.

O adecuado mantemento —para que quedase claro tamén— das redes de faixas de xestión de biomasa forestal polas correspondentes persoas responsables, señora González Albert, para evitar precisamente a virulencia dos incendios. As queimas controladas que non afecten hábitats de interese comunitario nin especies de interese para a conservación e o mantemento e a construción estratéxica e planificada de novas infraestruturas preventivas de incendios que se considerarán prioritarias, buscando a compatibilidade coa conservación da biodiversidade.

Estas son medidas a medio e longo prazo e isto é traballar precisamente para protexer os nosos espazos naturais fronte ao seu principal inimigo, que son, por desgraza, os incendios forestais.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(*Aplausos.*)

Interpelación de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, conselleiro.

Onte falabamos da situación que están a vivir os produtores agrarios en Galicia coa crise xerada polo incremento de prezos das materias primas e da enerxía en toda Europa. Un incremento dos custos de produción que non está sendo acompañado por un aumento suficiente no prezo que unha parte da industria lles paga polos seus produtos. Unha situación que supón un claro incumprimento da Lei da cadea alimentaria, que establece que os prezos que perciben os produtores deben cubrir os custos de produción e deixar unha marxe de beneficio para o traballo que realizan.



Como xa dixemos en multitude de debates, e así o confirman tamén as organizacións agrarias, a lei é un bo marco para conseguir que os produtores perciban un prezo xusto pola súa produción. Pero fan falla mecanismos efectivos que garantan o seu cumprimento, tanto a nivel estatal, co funcionamento da Axencia de Información e Control Alimentario —que é a competente na relacións comerciais de ámbito supraautonómico—, como tamén a nivel das autoridades de control das comunidades autónomas, que son competentes no resto dos casos. Tamén —como non—, a nivel do propio sector, que debe facer valer os preceptos da norma e defender uns prezos xustos ante os seus compradores, facendo que se cumpran uns contratos que sexan xustos.

Ademais, existen outros mecanismos para que a Administración autonómica faga que se paguen uns prezos xustos aos nosos produtores. Mecanismos como o que introduciamos dende o Grupo Socialista en marzo de hai dous anos cando emendabamos unha proposición do Partido Popular na que o partido que sustenta o Goberno galego pedía que se instase a Xunta de Galicia para que se adoptasen medidas que fosen oportunas para favorecer os investimentos de industrias lácteas en produtos de maior valor engadido. Nesa emenda o noso grupo pedía que estas axudas estivesen condicionadas a que as industrias garantisen uns contratos xustos para os produtores.

O curioso é que en marzo de 2021 o Partido Popular non aceptou esta emenda de adición presentada polo noso grupo. Daquela non quixeron condicionar as axudas públicas, que pagamos todos e todas, a que as industrias lácteas cumprisen coa lei da cadea e pagasen aos gandeiros por encima dos custos de produción. Algo que xa falaba do compromiso do Goberno de Núñez Feijóo daquela co noso sector primario. É moito máis doado botarlle a culpa ao Goberno do Estado que tomar medidas dende as competencias propias das autonomías e que enfrontarse realmente aos que son aliados do Partido Popular, que son os grandes empresarios e as industrias deste país.

O curioso é que en xaneiro de 2023 o Goberno galego daba un xiro ás súas posicións debatidas dous anos antes e publicaba no DOG as bases de convocatoria de axudas para a transformación e comercialización de produtos agrarios no marco do PDR, co fin de incentivar os investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización das instalacións ubicadas en Galicia e destinadas para tal fin. No caso das subvencións, estas consisten en axudas para a execución destes proxectos, mentres as garantías para préstamos consisten en garantías do oitenta por cento do risco inherente a cada préstamo formalizado destinado a financiar os investimentos.

Unhas axudas que teñen carácter plurianual para facilitar a execución dos proxectos de maior investimento. Dos trinta millóns do orzamento total, para o exercicio de 2023 están consignados doce millóns de euros, para 2024 a cantidade reservada é de catorce millóns e para 2025 a contía ascende aos catro millóns de euros.

A estas axudas poden optar empresarios individuais ou sociedades que realicen actuacións como a construción, adquisición e mellora de bens inmobles, así como a compra de terreos ata un valor inferior ao dez por cento do total dos gastos subvencionables. Tamén poden sufragar a compra de maquinaria e equipamentos novos ou a adquisición de programas in-



formáticos e de patentes ou licenzas relacionadas cos procesos produtivos. Tal e como informaron vostedes dende o Goberno galego, o fin último destas axudas é crear novas industrias agroalimentarias ou mellorar as xa existentes.

Como dicía, na dita orde de xaneiro introducíase sorprendentemente como novidade que non se concederán nin pagarán axudas aos solicitantes ou beneficiarios que fosen obxecto de sanción firme, grave ou moi grave, con base no previsto na Lei de medidas para mellorar o funcionamento da Lei da cadea alimentaria, nos dous anos anteriores á data de solicitude ou pago da axuda. E, así mesmo, os beneficiarios das subvencións deberán devolver as axudas percibidas no caso de ser obxecto de sanción firme grave ou moi grave, con base no previsto na Lei da cadea, nos cinco anos posteriores ao pago da axuda.

Por fin parecía que o Goberno do Partido Popular en Galicia espertaba dun longo letargo e se daba conta de que poderían tomar medidas dende o Goberno para que as industrias pagasen con xustiza aos nosos produtores e que non entregasen os cartos de todos e todas en axudas para quen non cumpre coa Lei da cadea e paga inxustamente aos nosos produtores. Pero curiosamente tres meses despois, no mes de abril deste ano, o DOG publicaba unha modificación das bases destas axudas e a apertura dun novo período de solicitude coa seguinte motivación, que leo textualmente:

«Con posterioridade á publicación da orde realizouse unha análise máis profunda dos efectos da aplicación deste novo requisito nas iniciativas empresariais do sector agroalimentario. Nesa análise púxose de manifesto que o novo requisito podería ter consecuencias desproporcionadas para as empresas, xa que a amplitude da tipoloxía das sancións graves recollidas na Lei da cadea alimentaria podería dar lugar a que a perda establecida da posibilidade de obter subvencións ou o reintegro delas constituíse unha penalización excesiva carente da requirida proporcionalidade para a infracción cometida». E continuaba argumentando: «Por todo isto, e co obxecto de manter a debida proporcionalidade nas actuacións, considérase aconsellable suprimir o referido requisito desta liña de axudas».

Cando vimos o paso atrás que daban vostedes no Goberno galego contra os intereses dos nosos gandeiros non sabemos o motivo polo que facían esta modificación. Pero non era raro nun Partido Popular que é capaz —como fai o señor Núñez Feijóo— de dicir unha cousa e a contraria sen ningún tipo de rubor.

É máis, cando o rival político fai o mesmo que el fai, críticao. Por exemplo, se Sánchez convoca eleccións no mes de xullo, para Núñez Feijóo é unha fraude electoral por ser período vacacional e ademais faino por beneficio propio. Pero se Feijóo convoca eleccións autonómicas no mes de xullo, en medio dunha pandemia, sen acordo coa oposición, cunha comarca confinada e a participación é a máis baixa e ponse en mínimos históricos, faino polo ben do país. ¡Que curioso! (*Aplausos.*) Se Sánchez vota unha lei con Bildu, para Feijóo o Goberno ponse en mans do terrorismo e rompe España. Pero se o Partido Popular vota a favor dunha proposición de Bildu no Parlamento Vasco, faino polo ben do país. E así absolutamente con todo.

Escoitámoslles en numerosas ocasións aos representantes do Partido Popular nos debates parlamentarios, e tamén a vostede mesmo e ao seu director xeral de Gandaría, dicir que



están moi preocupados polos prezos que perciben os produtores e pola falla de eficacia da Lei da cadea alimentaria. Pero hoxe con esta interpelación queda demostrado que o fan única e exclusivamente para criticar o Goberno do Estado, xa que seguen sen utilizar os mecanismos oportunos para garantir o cumprimento da imposibilidade da venda a perdas. E saben que a propia AICA galega tivo cero sancións no ano 2022. Cero sancións, señor conselleiro.

Pero o que é máis grave é que renuncian a penalizar aquelas industrias que incumpren cos gandeiros, xa que esta era unha boa medida para garantir que os nosos produtores cobrasen por encima dos custos de produción.

Señor conselleiro, dende o noso grupo presentamos iniciativas para pedirllas que modifiquen de novo as bases reguladoras das axudas para investimento, transformación e comercialización de produtos agrarios, co fin de que os beneficiarios cumpran coa Lei da cadea alimentaria e paguen aos produtores un prezo xusto polos seus produtos. E non entendemos este paso atrás dado pola Xunta de Galicia en contra dos intereses duns gandeiros que vostedes mesmos din que están maltratados polos baixos prezos que lles pagan pola súa produción. Excepto que vostedes estean nas mans desas industrias que maltratan o noso campo e que actúan como auténticas mafias organizadas. Si, señor conselleiro, non poña esa cara, porque dá esa sensación.

Por todo iso, señor conselleiro, queremos preguntarlles: ¿cal é o motivo real para que o Goberno galego renuncie ao mecanismo de apoio aos produtores agrarios galegos co fin de que se cobren uns prezos xustos polos seus produtos tan só tres meses despois de publicar a orde de bases das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios que incluían esta condicionalidade?

Estou esperando realmente escoitar unha contestación que sexa acorde co que esperan os gandeiros galegos. Porque se vostedes estivesen realmente implicados coas necesidades que teñen e co que están a sufrir dende o ano 2020, vostedes non renunciarían a este tipo de condicionalidade. E as industrias que queiran axudas públicas, que se pagan con cartos de todos, que cumpran primeiro cos gandeiros e lles paguen un prezo xusto polo seu leite.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Seco, que non o vía, como está a súa compañeira pensei que se me fora.

Déixenme que lle diga, en primeiro lugar, que menudo papelón, jeh! Menudo papelón fálame aquí de mafias organizadas de grandes empresas. Eu, se quere, na miña quenda de



resposta doulle unha por unha as oitenta e unha empresas agroalimentarias que percibiron subvencións o ano pasado, o tamaño delas e o compromiso que teñen co territorio.

Eu diríalle que buscar esa dicotomía e ese enfrontamento de gandeiros con industrias non nos leva a ningún bo sitio. Podemos falar de moitas cousas aquí, señor Seco, pero poñerse do lado só dun e considerar que o resto é o demo... Volvo repetir, non o dixen eu: «mafias organizadas e grandes empresas». E volvo repetir que temos os datos, se quere, de volume de facturación dos oitenta e un perceptores, repartidos nas catro provincias galegas, que foron o ano pasado beneficiarios destas subvencións, como son durante todos os últimos anos ou durante os anos que leva esta axuda. Precisamente porque ten esa característica de chegar a moita pequena e mediana empresa; tamén gran empresa, como non podía ser doutro xeito, porque evidentemente entre todas colaboran en ter esa rendibilidade necesaria para o noso sector primario.

Déixenme tamén que lle lea unha moción de onte mesmo: «Trasladar o compromiso das tres forzas políticas que compoñen o arco parlamentario deste Parlamento de Galicia para promover no Congreso dos Deputados a reforma da Lei da cadea alimentaria, no sentido de establecer os mecanismos necesarios para o cálculo dos custos de produción dos produtos agrogandeiros, para establecer prezos de referencia e asegurar así as mínimas ganancias que permitan o desenvolvemento económico, social e a pervivencia dos diferentes sectores produtivos no rural.»

Onte o Partido Popular votou a favor, o Bloque —así se me trasladou— tamén votou a favor e vostedes abstivéronse. Por iso, enténdame que lle diga que menudo papelón. Falaba antes o presidente de *El último mohicano*. Eu dígolle tamén que teñan en conta ou busquen pechar a porta cando se vaian, porque o tema trae bastante causa no que estamos a falar.

Señor Seco, eu pediríalle un pouco de reflexión sobre onde nos temos que colocar todos como políticos. Eu aclararei, evidentemente, como non pode ser doutro xeito, o motivo da modificación. Pero gustaríame falar en primeiro lugar desa tan traída Lei da cadea alimentaria. Por suposto, señor Seco —e están as actas de todos os consellos consultivos que houbo dende o momento no que se puxo a súa tramitación—, Galicia apoiou sempre e decididamente a prohibición da venda a perdas. Pero Galicia trasladou sempre e decididamente que non podía ser un brinde ao sol, como está sendo, señor Seco. Porque se vostede me vai dicir que pola vía das sancións imos conseguir os prezos acaídos para a rendibilidade das nosas explotacións ou imos acadar o obxectivo fundamental da prohibición da venda a perdas, xa lle digo eu que o que hai que facer é traballar arreo para que haxa eses mecanismos xurídicos.

Vostede mesmo di que a lei é un bo marco para conseguir que os produtores perciban un prezo xusto pola súa produción, pero fan falla mecanismos para garantir o seu cumprimento. Señor Seco, entón ¿por que non apoiaron onte a moción? Porque igual era un bo toque de atención ao Goberno central.

O certo e verdade é que se fixo unha normativa sabendo que non había posibilidade de cumprila, porque non se quixo... Imos ver, este tema entenda que o teño moi estudado, moi tra-



ballado e manteño sempre a mesma posición, que é que concreten os medios de proba da prohibición de venda a perdas. Moi sinxelo, é simplemente meter na lei os medios de proba.

E unha das propostas que lle faciamos nós e dígoo aquí e preguntoo: o Partido Socialista ¿a quen está defendendo neste caso? Se queremos defender os gandeiros galegos e entendemos que a Xunta de Galicia, que ten competencias nesta materia, tamén está traballando a prol dos gandeiros galegos na prohibición da venda a perdas, señor Seco, nós articulamos un mecanismo de medio de proba.

Eu dicíallo hoxe ao señor Rivas —que non está agora aquí, pero falámolo moitas veces—. Podemos estar máis de acordo ou menos de acordo coas aplicacións informáticas desenvolvidas pola Xunta de Galicia: Conta Carne e Conta Láctea. Por certo, onte foi un primeiro paso para que o Bloque Nacionalista Galego nos acompañe tamén nesta reivindicación. Porque di a moción: «De xeito particular, que o ministerio recolla na citada lei, como medio de proba dos custos de produción, os que se deriven de aplicacións de contabilidade validadas polas comunidades autónomas.»

Eu prégole, por favor, que entendan, e vouno tratar de trasladar con toda claridade, que a dificultade máxima que ten a prohibición da venda a perdas é pretender que cada gandeiro un por un acredite os seus custos de produción. Porque os estamos poñendo nun perigo. Porque se un gandeiro ten custos de produción máis elevados que o gandeiro do lado, pois o que imos ter é probablemente que non lle compren o seu produto. Polo tanto, temos que buscar mecanismos que permitan a prohibición de venda a perdas e ao mesmo tempo tamén que defendan os nosos gandeiros.

¿E isto como se pode facer? Pois non digo que sexa a única solución. Digo que pode haber outras pero, dende logo, en Galicia temos unha: procurar que o maior número de gandeiros e gandeiras galegas acrediten os seus custos de produción de acordo cunha aplicación informática uniforme. E dirán vostedes: ¡Que cousa máis orixinal! Pois non ten nada de orixinal, máis alá de que é como a contabilidade de calquera empresa, que ten unhas normas de contabilidade xeralmente aceptadas. Nós o que fixemos foi deseñar unha aplicación informática, como digo, con normas de contabilidade de custos xeralmente aceptadas e, ademais, validadas por un auditor de contas.

A partir de aí, tamén entendemos a dificultade que pode ter un gandeiro para introducir os datos directamente na Conta Carne ou na Conta Láctea e o que sacamos foi unha orde de axudas para usuarios profesionais.

Por certo, señor Seco, pregúntelle ás organizacións agrarias afíns ao Partido Socialista se foron ou non foron a esas ordes de axuda. Porque entenden perfectamente a necesidade de que as explotacións gandeiras de Galicia acrediten os seus custos de produción.

¿Que é o que queremos facer nós? Nós non queremos darlle os custos de produción de cada gandería á industria para que discutan un por un, senón que o que queremos é poder facer uns informes que nos permitan determinar por rangos de tamaño eses custos de produción e desta forma, señor Seco, ser capaces de establecer un elemento para a negociación. Debe-



riamos de ir precisamente a unha negociación o máis colectiva posible. Aí poderíamos traballar, e viríanos ben tamén o acordo de todos os grupos parlamentarios para tratar de xuntar máis os nosos gandeiros para negociar.

Polo tanto, eu non acabo de entender, máis alá de que teñan un posicionamento partidista e contrario aos intereses dos gandeiros galegos, por que non apoian estes mecanismos. Eu supoño que non serei capaz, pero trateillo de explicar coa maior claridade posible.

Ademais de todo iso, señor Seco, sabe perfectamente que no ano 2022 e no ano 2023 fixemos un esforzo moi importante a prol do noso sector gandeiro. Aínda que a mellor noticia, sobre todo no vacún de leite —non así no vacún de carne, por desgraza—, foi precisamente a suba do prezo do leite. No que tamén teñen algo que ver, señor Seco, esas industrias das que vostede está falando como «mafias organizadas e grandes empresas». Home, algunha delas, e eu non estou poñendo esas palabras na miña boca, colaborou precisamente nesa suba de prezos.

Eu non vou aquí replicar ou trasladar todas as medidas que se tomaron. Pero si me gustaría aclarar por que foi precisamente esa modificación, entendendo ademais que o principal é acreditar que somos capaces de probar os custos de produción e, polo tanto, podemos defender a prohibición da venda a perdas.

Mire, xestionar require asumir responsabilidades. Nós asumimos a responsable de cumprir a Lei da cadea alimentaria e isto levounos necesariamente a incluír nesa convocatoria da orde de axudas, como moi ben dicía vostede, aqueles solicitantes que non puideran cobrar as axudas porque tiñan sancións graves ou moi graves.

Pero é certo, e así estaba na exposición de motivos da modificación, que fixemos unha análise en dúas direccións, pero cun mesmo sentido. Por unha parte, vimos o sistema de infraccións da Lei 12/2013, concretamente o artigo 23.2 que inclúe, señor Seco, cerca dunha vintena de infraccións consideradas graves, como características dos contratos, incumprimento dos prazos de pago e un longo etcétera. As posibilidades existentes, señor Seco, de recibir unha sanción grave son elevadas. ¡Ademais, a simple falta dun único contrato ou un atraso nun único pago podería constituír unha infracción grave!

De feito, se nos fixamos no último informe de actividades da Axencia de Información e Control Alimentario, a AICA —que ata 2022, señor Seco, era a que tiña as competencias nesta materia estatal; é certo que nós as temos, pero dende outubro do ano 2022—, as inspeccións realizadas foron en total 4.655 e as sancións impostas no mesmo período foron 2.169. É dicir, un 46,6 por cento do total de inspeccións realizadas. Isto acredita o que lle estaba dicindo, que é moi sinxelo ter sanción por infracción grave.

Pero tamén estudamos as características destas sancións. En particular, analizamos as sancións graves firmes en vía administrativa e/ou xudicial publicadas pola AICA neste 2022. Pois mire, na maioría dos casos estas infraccións comportan sancións de importe mínimo, basicamente nun setenta e sete por cento dos casos, é dicir, en tres cuartas partes das sancións, a sanción sitúase entre mil oitocentos e tres mil euros. Señorías, sancións de mil oi-



toentos e tres mil euros, considerando que os criterios de gradación das sancións graves fan que os importes oscilen entre tres mil un e ata cen mil euros. É evidente que se imponen de forma maioritaria as sancións máis baixas. Porque o órgano que resolve o expediente — e cítolle literalmente— di «que non estima a existencia dunha apreciable transcendencia económica ou social da actuación infractora.»

Polo tanto, tendo en conta a tipoloxía das sancións firmes impostas, tiñamos a opción de manter a novidade despois dunha análise máis que clarificadora; ou, pola contra, a opción de aceptar que, cos datos enriba da mesa, a alta probabilidade de ser sancionado, dada a ampla diversidade da tipoloxía das infraccións consideradas graves e incluso o feito de que as sancións producidas habitualmente sexan de transcendencia — imos dicir— banal, non tiña sentido manter este requirimento. Máis, señor Seco, se temos en conta que nas dúas últimas convocatorias de 2020 e 2022 un oitenta e catro por cento dos beneficiarios tivo unha axuda superior a trinta mil euros e destes a metade tiveron unha axuda superior a cen mil euros.

Se a vostede lle parece —e pódemo contestar— lóxico retirarlle a un beneficiario unha axuda de cen mil euros por ter asumido unha sanción de mil e pico euros, que son a maioría... Eu diría, dende logo, que non é nin lóxico nin xusto. E esta, señorías, é a explicación de por que se fixo esa modificación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Ben, seguramente teña moi estudado o tema da modificación da Lei da cadea. O curioso é que vostede polo menos é deputado nesta Cámara dende o ano 2016, que eu saiba, e conselleiro dende o ano 2018. E se tan estudado o ten, ¿por que non fixo ningún tipo de solicitude ao Goberno de Mariano Rajoy para que modificase a Lei de Tejerina, que non valía absolutamente para nada?

De verdade que é curioso, ademais, intentar facer ese *totum revolutum* para dicir que estamos en contra de todas as industrias. Non, nós falamos de industrias que se comportan realmente como mafias organizadas, ¿vale? Iso o que estabamos dicindo. Non todas as industrias, evidentemente, que hai moitas que fan un gran traballo e se portan ben cos produtores.

Pero imos poñer un pouco de negro sobre branco sobre o que sucedeu realmente, señor conselleiro, que vostede evidentemente trata de fuxir. Como dicía, en xaneiro vostedes sacan esta liña de axudas e inclúen que se excluirán destas axudas aqueles que teñan sancións graves ou moi graves por incumprir a Lei da cadea. É dicir, renuncian. A AICA galega non fixo ningún tipo de sanción, pero tamén renuncian a este tipo de medidas para facer que se cumpra.

A finais de febreiro a Axencia de Información e Control Alimentario publica as sancións do primeiro trimestre de 2023. Unhas sancións que son ás que renuncia, como dicía a propia



axencia galega. Na listaxe de multados polo Estado atopamos unha multa a unha industria chamada Inleit cunha sanción de nove mil euros. Pero, fíxese, que esa sanción vén motivada por realizar modificacións do prezo incluído no contrato que non está pactado expresamente polas partes. É dicir, múltase esta empresa por non cumprir cos acordos que tiña cos gandeiros, señor González Vázquez.

Curiosamente, —isto é no mes de febreiro— chega o mes de marzo e vemos como o conselleiro Rueda, acompañado por vostede mesmo e o director xeral de Gandaría, visitan as instalacións de Inleit en Curtis. Alí, tal como di o titular deste medio de comunicación: «*desde el Gobierno gallego reivindican la apuesta por la transformación de la leche en una visita a Inleit en Curtis*». Que curioso, conselleiro, que o titular do medio de comunicación na súa visita a Inleit sexa o mesmo que a motivación das axudas, ¿non lle parece?

Se mesturamos nunha pota a empresa Inleit, poñemos unha cullerada de aposta pola transformación do leite declarada polo señor Rueda, poñémoslle unha pizquiña de axudas para a transformación de produtos agrarios e introducimos un puñado da sanción da AICA a Inleit, ¡tata ta chan! ¿Sabe o que aparece? Sae milagrosamente desta pota unha modificación da orde de axudas para que empresas como Inleit, que non cumpren coa Lei da cadea alimentaria e non respectan os contratos asinados cos gandeiros, poidan optar ás axudas millonarias que regulamenta a Xunta de Galicia e que pagamos todos e todas as cidadás.

Señor González Vázquez, esta modificación publícase en abril e a realidade dos datos dinos que a empresa Inleit recibiu dende o ano 2018 ata o ano 2022 nada máis e nada menos que sete millóns de euros de toda a cidadanía: 4,4 millóns en 2018, 1,2 millóns en 2020 e 1,4 millóns en 2022, conselleiro. ¿Aposta algo comigo a que tamén sairá beneficiada nas futuras axudas plurianuais que acaban de modificar?

Mentres Inleit maltrata os gandeiros galegos aos que lles merca o leite, vemos como esta semana —vostede, coma min, lerá a prensa— Unións Agrarias denunciaba directamente que dende esta empresa están a mercar leite portugués, porque pasaron de mercarlle a preto duns douscentos sesenta gandeiros galegos a ter só cento cincuenta á súa disposición. Ademais, está a ofrecer cinco céntimos por litro menos que outras industrias nos seus novos contratos. ¿Parécelle curioso isto tamén?

O presidente Rueda pon en valor o labor desta empresa e modifica unha orde de axudas para beneficiala con fondos propios que pagamos todas e todos os cidadáns da Unión Europea e tamén de Galicia.

Ese é o compromiso co sector gandeiro, señor González Vázquez. Siga falando da Conta Láctea, siga falando da Lei da cadea e non fale de cuestións que vostedes poderían implementar dende Galicia. Ese é o compromiso que teñen vostede e o seu presidente para que os produtores agrarios galegos cobren por encima dos custos de produción.

Volvo repetir: se queren realmente actuar primeiro utilicen a lei que teñen á súa disposición. Poñan a funcionar os mecanismos regulamentarios existentes na lei para que a Comunidade Autónoma sancione as empresas como Inleit que non cumpren cos gandeiros, se realmente



están preocupados. O problema é que igual a dirección dalgunha industria lles di o que teñen que facer.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Peche da interpelación, conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Empezo como empecei a anterior quenda: ¡que papelón, señor Seco! Agora menos mal que xa concretamos, porque dixó: «non todas, pero si hai industrias que se comportan como mafias organizadas».

Eu sigo preguntando: das oitenta e unha que traeremos, que están no DOGA publicadas, ¿cal sinala vostede? Vostede hoxe sacou Inleit e sacou tamén unha visita que se fai a Inleit, como se fai a Entrepinares, como se fai a Lactalis, como se fai a Clun e como se fai a todos os grandes compradores de leite de Galicia, que son os que permiten precisamente que o ano pasado acadásemos uns prezos históricos no leite pola suba. ¡Que papelón, señor Seco! Porque estamos falando da xente que recolle o leite dos nosos gandeiros e gandeiras. Polo tanto, dende a Xunta de Galicia claro que as imos apoiar, evidentemente; como facemos todos os anos coa orde de industrias agroalimentarias.

Eu vólvolle repetir. Falou precisamente vostede dunha sanción e fíxese que estaba relacionada co meu razoamento anterior. Falou dunha sanción de nove mil euros e despois dixó os datos das subvencións que percibe Inleit. ¿A vostede cáalle ben o concepto de proporcionalidade, señor Seco? ¿Vostede entende o que é exactamente a proporcionalidade? ¿Vostede pensa que por sancións entre mil oitocentos e tres mil euros se poden perder millóns de euros?

Por certo, señorías, fíxome unha aposta. Pero, imos ver, ¿vostede sabe o que son as ordes de subvencións? ¿Sábeo? ¿Vostede le os criterios de puntuación, señor Seco? Son criterios obxectivos e poden concorrer aqueles que teñan o seu centro de transformación en Galicia. Se cumpren os criterios, evidentemente, percibirán subvención. Pero, ¿a vostede iso non lle parece correcto?

Eu non sei o Partido Socialista a que está xogando, porque eu diríalle que valore claramente cal é o seu posicionamento. ¿Que van facer vostedes entón, pegar un dedazo se algún día gobernan? Nós publicamos as ordes de subvención no DOG, poñemos os criterios de puntuación e evidentemente aqueles que cumpren os criterios de puntuación, se hai orzamento na subvención, pagámoslles as subvencións. Eu penso que iso é un Estado de dereito que, ademais, cumpre toda a legalidade, señor Seco. Eu pediríalle nese sentido que non poñemos iso en dúbida, porque non ten dúbida posible.

Dicíalle que o ano pasado a AICA central era a única que había naquel momento, señor Seco. Porque outra cousa que supoño que tampouco saben aquí os parlamentarios, pero eu recór-



dollelo, é que é moi fácil pegar unha patada para as comunidades autónomas. Todas as comunidades autónomas lle trasladamos ao Goberno central que nos dan a nós as competencias en materia de inspección e non nos dan ningún tipo de acompañamento económico ou organizativo. Tivemos que crear da nada unha axencia galega de control, porque a alguén se lle ocorreu na lei que ese control o tiñan que facer tamén as comunidades autónomas, pero que non había que mandarlles cartos ás comunidades autónomas.

Con datos da AICA estatal —que, repito, era a que había no ano 2022— das 4.655 inspeccións, señorías, 2.169 sancións; o corenta e seis por cento. É dicir, que é moi fácil vendo o catálogo —que é o que lle dicía e recomendaríalle que lea o catálogo de infraccións graves que está na lei— que se poida caer nun tipo de infracción destas características. Pero, é máis, das 2.169 sancións firmes, señor Seco, o setenta e sete por cento oscilan entre mil oitocentos e tres mil un euros, precisamente porque o propio órgano que resolve as sancións xa pon de manifesto que non tiñan unha entidade especial e por iso van á gradación mínima.

Con estas condicións, e tendo en conta o criterio de proporcionalidade, foi o que fixemos; entendemos que por proporcionalidade isto non o podíamos manter. Polo tanto, creo que fixemos un razoamento lóxico se ademais atendemos ao importe das axudas, que é moi superior ao importe das sancións.

Eu xa sei que non lle gusta que lle traslade cuestións, pero quero que quede claro que defenderei isto calquera que sexa o que estea gobernando alá en Madrid. Ten que ver coa prohibición da venda a perdas, que foi unha boa medida que nós apoiamos dende o primeiro momento e que defendemos incluso con informes xurídicos que trasladamos ao Goberno central. Pero naceu para non aplicarse, precisamente porque non se regularon os mecanismos que acreditaban esa capacidade ou esa venda a perdas.

Polo tanto, eu pídolle, señor Seco, dado o que vai pasar o vindeiro mes de xullo a nivel nacional, que dunha vez se dean conta de que aquí en Galicia traballamos para os gandeiros galegos e galegas e defendemos os gandeiros galegos e galegas con aplicacións como a Conta Carne e a Conta Láctea. E o que lle pido, señor Seco, é que cando haxa unha moción como a de onte, na que nos podemos poñer de acordo Bloque Nacionalista Galego e Partido Popular introducindo precisamente esas dúas aplicacións informáticas, vostede pense máis nos gandeiros e gandeiras galegas e moito menos no que está pasando en Madrid.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Seguimos con outra interpelación, do Bloque Nacionalista Galego.

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o servizo de axuda no fogar

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.



Bo día a todas e benvida a conselleira ao hemiciclo.

Efectivamente, hoxe imos falar desde o BNG do servizo de axuda no fogar. É un servizo esencial no coidado e na atención das persoas dependentes en Galicia e o que maior número de persoas usuarias concentra de todo o Servizo de Atención e Axuda á Dependencia. Ten vinte e seis mil persoas usuarias practicamente, o trinta por cento daquelas que contan cun grao de dependencia recoñecido e asignada unha prestación, segundo os últimos datos do propio Imserso.

As previsións demográficas do noso país o que nos din, ademais, é que esta cifra non vai deixar de medrar; que nos próximos anos mesmo poderían multiplicarse as persoas usuarias do servizo de axuda no fogar. E nel radica tamén algo que no BNG tratamos moi a miúdo, falamos e traballamos moito sobre iso, que é a garantía do dereito a unha vellez digna de todas as galegas e de todos os galegos.

O SAF creouse nos anos noventa, pero digamos que, en certa medida, tal e como o coñecemos hoxe vén da década dos 2000. Está regulado pola Lei de dependencia estatal de 2006, a Lei galega de servizos sociais de 2008 e dunha orde específica de 2009. Hai, polo tanto, catorce anos practicamente e desde entón mantense fundamentalmente igual no seu deseño e, sobre todo, no seu modelo de xestión.

Nós cremos que o SAF é a xoia da coroa do Servizo de Axuda e de Atención a Persoas Dependentes en Galiza. É o máis demandado polas persoas usuarias e o máis valorado polas persoas que son usuarias do SAF e, sobre todo, tamén polas súas familias. Disto todas e todos e a propia Xunta saca peito cada vez que ten oportunidade.

Pero cremos desde o BNG que catorce anos da súa posta en funcionamento, tal —insisto— e como o coñecemos no día de hoxe, tamén dan para ver luces e sombras; dan para ver éxitos e fracasos dese servizo. Cremos, de verdade, —e agora explicarei por que— que está a piques tamén de facer crack. E digo que está a piques de facer crack por dúas cuestións, fundamentalmente, que é nas que queremos centrar esta interpelación que formulamos hoxe desde o BNG.

En primeiro lugar, polo seu propio deseño e, especialmente, polo modelo de xestión e financiamento do propio servizo de axuda no fogar. E, en segundo lugar, porque temos unha poboación cada vez máis envellecida como é a galega. Temos o vinte e cinco por cento da poboación no día de hoxe con máis de sesenta e cinco anos; temos un cuarto da poboación. Ter sesenta e cinco anos non quere dicir que sexas dependente, pero é por marcar unha poboación diana. O que din todas as previsións demográficas é que cada vez esa porcentaxe de maiores de sesenta e cinco e de setenta e cinco anos vai ir incrementándose.

Iso o que fai necesario e urxente é que adaptemos á nosa propia realidade demográfica o modelo de coidados. Hai que ir encarándose a un sistema de coidados de longa duración, que non sexa precario, sobre todo, e que garanta ese dereito a unha vellez digna. E, sobre todo, que garanta o dereito que temos todas e todos a envellecer no noso fogar nunhas condicións de máxima calidade; tanto da persoa que se fai maior e que vai necesitado apoios



a medida que pode ir adquirindo algún tipo de dependencia, como sobre todo das persoas cuidadoras deses dependentes, tanto as que son familiares —«informais»—, como se fala habitualmente— como aquelas que son traballadoras profesionais.

A respecto do modelo de xestión e financiamento, os concellos non poden máis. Eu estes días preparando a interpelación falaba con moitos representantes da Fegamp. Vimos, ademais, agora dunhas eleccións municipais que nos dan a todas e todos para falar con moita xente de todo o arco parlamentario e de todas as forzas políticas aquí representadas e os concellos o que están é lanzando un SOS. Todos, non os do Bloque. É dicir, todos, goberne quen goberne, o que están é advertindo da dificultade non, senón da incapacidade das corporacións municipais, dos gobernos locais, para seguir asumindo o grao de implicación, sobre todo económica e orzamentaria, para soste este servizo. Un servizo que é esencial, que é fundamental e do que todas e todos sacamos peito, pero que está nunha situación moi crítica.

Non poden asumir fundamentalmente os concellos o custo que ten prestar o servizo; un custo que se multiplicou nos últimos anos tamén polo incremento destes custos.

A Fegamp elaborou, de feito, un informe, que teño aquí —e estou convencida de que vostede tamén o ten, ou que ten bastante fácil conseguilo, igual ca min—, (*A señora Rodil Fernández mostra un documento.*) no que se analizan 106 contratos de 106 concellos de Galiza de todo tipo —pequenos, medianos e máis grandes—, que analizaron os pregos de licitación e as condicións e tamén o prezo de prestación do servizo. E o que vemos é que na maior parte dos concellos de Galiza —para facernos unha idea de que é do que estamos falando—, na maior parte dos concellos deste país, o custo medio que lles ten o servizo de axuda no fogar non baixa de 20 euros a hora. O SAF é un servizo que —hai que lembrar— xestionan e prestan os concellos por ser tamén a administración máis próxima á poboación, pero que ten que estar financiado —porque o marca a lexislación estatal, a Lei de dependencia— nun 50 por cento pola Administración autonómica, no noso caso pola Xunta de Galiza e polo Estado. Iso é o que di —insisto— a lei, pero non é o que está pasando actualmente, xa que, como todo o mundo sabe, os concellos están asumindo un esforzo económico enorme, que non teñen en moitos casos, e sobre todo que os está levando a unha situación, en termos económicos, moi complexa, especialmente aos máis pequenos. A Xunta achega a isto 12 euros a hora.

Ademais, o 2 de xuño creo recordar que se publicou a orde pola que vostedes avanzaron naquel compromiso de chegar a 12 euros a hora antes do que estaba previsto, porque estaba previsto chegar a ese incremento orzamentario na aportación da Xunta en 2024, e finalmente adiantárono vostedes a 2023, pero é evidente —e eu creo que a ninguén lle escapa— que é insuficiente. Primeiro, non cumpre co compromiso 50-50 do que falaba antes, pero sobre todo tampouco chega para sufragar, custear, ou pagar directamente, o custo de prestación do servizo nun contexto onde se incrementou e se elevou moitísimo. O resto vai a cargo do orzamento municipal e da aportación das usuarias e usuarios en función da renda que teñen, e cada vez —insisto— o custo é maior; porque eu poño de media eses 20 euros —21 euros, aproximadamente—, que é o resultado desa análise que fixo a Fegamp, pero é que, se falamos dalgún servizo de axuda no fogar que alcanza prezos maiores, falamos de



24 ou de 25 euros por hora. Para que nos fagamos unha idea: eses concellos estarían asumindo a metade do custo de prestación, e a situación —xa digo— para os concellos é insostenible.

Así o veñen trasladando, a través da Fegamp, as corporacións municipais desde o primeiro día. Levan desde outubro do ano pasado intentando reunir todas as administracións implicadas —a Xunta de Galiza e a Administración estatal— para artellar unha fórmula que busque a viabilidade e a sostibilidade económica do propio servizo de axuda no fogar. Esa é a primeira proposta que lle facemos desde o BNG: que con carácter de urxencia se cree esa comisión de traballo entre a Administración central, a Xunta de Galiza e os concellos, a través da Fegamp, para ver que reformas son necesarias levar a cabo para garantir a estabilidade e, sobre todo, a sostibilidade do sistema. Porque insisto en que co que se está achegando agora, co que se está pagando agora por parte da Xunta de Galicia, non chega a nada.

E, en segundo lugar —do que lle falaba ao comezo—, o outro elemento no que nós queremos centrar tamén hoxe esta intervención é en como repensar o propio servizo de axuda no fogar, en cara a onde camiñar para adaptarnos á realidade demográfica que ten Galiza —a que temos hoxe, pero sobre todo a que teremos a futuro— e en como artellar un sistema de cuidados forte —no domicilio, no fogar, na casa— que teña unha visión integral, que teña unha visión preventiva e, sobre todo, que teña unha visión de garantir a mellor calidade de vida e o maior benestar para as galegas e para os galegos.

Porque hoxe eu creo que as cousas non están funcionando, e este sistema que chegou até aquí non é o que debe existir ou no que debemos pensar a futuro en Galiza. Había un compromiso que vostede mesma asinou —eu teño aquí o convenio que firmou coa Fegamp no ano 2021— no que se comprometían a crear unha comisión mixta entre as dúas entidades, entre a Xunta de Galiza e a propia Fegamp, entre outras cuestións, para facer seguimento das condicións de licitación que se estaban a dar nos contratos dos concellos de Galiza a respecto do SAF, e sobre todo para ver que medidas había que artellar para contemplar mellor a dispersión no servizo, o custo que iso supón na prestación do SAF en Galiza e tamén a crecente demanda que hai do servizo de axuda no fogar; o que eu dicía ao comezo, hoxe son 26.000 persoas, pero quizais nos atopemos en cinco anos con que ese número de usuarias e usuarios do SAF que teñen dependencia recoñecida se multiplica.

Até o momento, desa comisión mixta non se sabe absolutamente nada, e a Fegamp, os concellos galegos deste país, non poden máis. Eu é que creo que non atopo outra frase para intentar explicar que é o que está pasando co servizo de axuda no fogar: vai quebrar a xoia da coroa do sistema de atención e axuda á dependencia.

E o que hoxe quero formular aquí desde o BNG tamén son propostas e un debate serio, asegurado e tranquilo para ver como lle damos presente, e sobre todo futuro, estabilidade e sostibilidade a este servizo esencial na garantía dun dereito fundamental que temos todas e todos, que é o dereito a envellecer con dignidade e nas mellores condicións.

De momento, máis nada. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados e señora Rodil, moi boas tardes.

Ao longo dos últimos anos o servizo de axuda no fogar converteuse na prestación máis valorada —como vostede ben dicía—, máis demandada e máis útil da carteira de servizos de atención á dependencia. É a prestación máis valorada porque lles permite ás persoas con dependencia recoñecida seguir conservando a súa autonomía e o seu dereito a decidir. É a prestación máis demandada porque no día de hoxe a reciben máis de preto de 26.000 persoas maiores en Galicia e é a prestación máis útil porque nos permite seguir construíndo esa Galicia máis xusta coas persoas maiores, coas persoas con discapacidade, na que lles devolvamos un pouco de todo o que nos teñen dado.

Señora Rodil, o que aprendemos durante estes catorce anos é que a atención ás persoas maiores e con discapacidade é poliédrica, é complexa e, polo tanto, non entende de solucións máxicas.

O servizo de axuda no fogar atende unha das necesidades máis básicas que pode presentar unha persoa con dependencia. Permítelle recibir esa axuda domiciliaria para as actividades básicas do día a día, como pode ser o aseo, levantarse ou tamén poder comer; permítelle recibir axuda para acudir a unha cita médica, para recibir a medicación diaria e tamén lle permite recibir axuda para socializar e evitar así a súa exclusión social. Significa, polo tanto, un apoio imprescindible para aquelas persoas que viven soas, pero tamén para apoiar os coidadores habituais na atención e no coidado diario.

Con todo, somos moi conscientes de que as persoas maiores ou as persoas con discapacidade presentan moitas máis necesidades, que deben ser completadas e deben ser tamén atendidas con outros servizos. As persoas maiores precisan de servizos de atención diúrna que lles permitan manter un ritmo de vida activo e que promovan a súa autonomía, e precisan tamén de programas de dixitalización e de estimulación da memoria; precisan contar con cada vez máis servizos de proximidade para evitar o seu illamento, e especialmente aquelas persoas que viven no rural galego.

Galicia é unha das poucas comunidades autónomas a nivel nacional que permite compaxinar as axudas do servizo de axuda no fogar con outro tipo de prestacións. Os beneficiarios deste servizo de axuda no fogar poden acudir a un centro de día ou unha casa do maior para recibir atención diúrna, para socializar e para recibir terapias, e tamén poden contar con ese servizo de teleasistencia no que, mediante a súa modalidade avanzada, ademais de recibir axuda, con tan só pulsar un botón, lles permite avisar á súa rede familiar en caso de percibir unha fuga de gas ou tamén no caso de saír á rúa e poder desorientarse. Poden recibir estes coidados de forma totalmente gratuíta —de podoloxía, de audioloxía e de estimulación da me-



moria— a través deses servizos de coidados porta a porta. É un programa, como ben sabe, itinerante e que no último ano xa atendeu máis de 40.000 persoas maiores en Galicia.

Señora Rodil, eu xa sei que este programa de coidados porta a porta nunca foi do seu agrado; o que non entendo —e nunca entenderéi— é o porqué. Porque pode que non sexa comparable con ir ao cine por 2 euros os martes, pero o certo e verdade é que ofrece servizos totalmente gratuítos, servizos ao carón das súas casas e, sobre todo, servizos necesarios para as persoas maiores e as persoas con discapacidade. Permítelles non ter que desprazarse quilómetros e quilómetros para poder contratar ou controlar a súa saúde. E tanto concellos como usuarios coinciden todos en que este programa é un éxito; é un éxito porque atende as necesidades que nos demandan as persoas maiores. Creo que para que o Partido Popular deixe —segundo vostedes— de ser o partido das persoas maiores, o BNG debería de escoitar tamén un pouco máis as preferencias das persoas maiores.

Señoría, o compromiso do Goberno galego co servizo de axuda no fogar é incuestionable. Financiamos o 70 por cento do custo deste servizo, que —como vostede ben sabe— é unha competencia municipal —repito, é unha competencia municipal—. E non o digo eu, dío a propia Lei de servizos sociais de Galicia no seu artigo 11 e no seu artigo 60. E hai que recordar que a Lei de servizos sociais de Galicia é do ano 2008, cando gobernaba a Xunta de Galicia o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, e que foron precisamente vostedes os que fixeron que o servizo de axuda no fogar fose unha competencia municipal.

É precisamente por este motivo, que é municipal, que a súa xestión, as listas de agarda e as condicións laborais de todos os seus traballadores son unha cuestión que lle debería trasladar, señora Rodil, á administración correspondente. De todos os xeitos, se vostede ten curiosidade por saber cal é o concello que presenta a peor ratio de atención en Galicia, permítame que llo aclare: é, curiosamente, o concello de Pontevedra, gobernado —mire por onde— polo Bloque Nacionalista Galego, nada máis e nada menos que dende o ano 1999.

Dende logo, dende a Xunta de Galicia imos continuar incrementando cada ano esa achega ao servizo de axuda no fogar para ofrecerlles aos concellos facer fronte a este servizo; un servizo que é moi necesario. Ademais, neste mesmo ano 2023 batemos un novo récord de investimento, ao destinar máis de 112 millóns de euros a este servizo, o que significa un 10 por cento máis que no ano 2022, 100 millóns de euros máis que no ano 2009; un incremento que nos está a permitir sumar máis horas dispoñibles e darlles así a todos os concellos que nolo solicitan esas horas, e tamén incrementar a achega autonómica a 12 euros a hora. É un incremento, por certo, que adianta un ano o compromiso ao que chegamos coa Federación Galega de Municipios e Provincias.

Deste xeito, nesta lexislatura o Goberno galego está a incrementar nun 24 por cento a achega autonómica ao servizo de axuda no fogar. Pasamos dos 9,7 euros a hora no ano 2020 aos 12 euros a hora neste ano 2023; unha importante subida que axuda a que Galicia se consolide como a segunda comunidade coa mellor porcentaxe de atención ás persoas na súa propia casa, cunha mellor ratio da atención á dependencia.

Señora Rodil, xa nos coñecemos dende hai tempo e eu sei que hai temas dos que non lle gusta que lle fale dende esta tribuna, pero a miña obriga é facelo e tamén a súa xustificar os



actos e o seu partido. Como xa sabe, o Goberno central incumpre reiteradamente e reiteradamente a propia Lei de dependencia —que vostede dicía—, que lle obriga a cofinanciar ao Estado o 50 por cento dos custos da atención ás persoas maiores. No día de hoxe, a pesar de que vostedes fixeron ese pacto e de que nos trasladaron a todos os galegos que vostedes ían conseguir que por fin o Goberno central financiase ese 50 por cento, o certo e verdade é que o 70 por cento do custo do sistema galego de atención á dependencia é sostido única e exclusivamente pola Administración autonómica, fronte ao 30 por cento que financia o Goberno central. Isto significa que o Executivo central lle debe a Galicia cada ano máis de 200 millóns de euros soamente neste ano 2023 e acumula xa unha débeda de máis de 2.000 millóns de euros coa nosa comunidade; en definitiva, débelle a todas as persoas maiores de Galicia máis de dous mil millóns de euros. ¡Canto nos gustaría a todos poder contar con eses fondos para poder seguir incrementando ese apoio dun servizo que é tan necesario e tan imprescindible como é o servizo de axuda no fogar!

Explíquelles tamén, señora Rodil, vostede a todos os galegos o decisivo que foi e que supostamente é, nestes momentos, o Bloque Nacionalista Galego para o señor Pedro Sánchez.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Conselleira, interpélame vostede a min. Eu non sei se quere que cambiemos os papeis, pero, de momento, a min aquí o que me corresponde é facerlle o labor de control ao Goberno (*Aplausos.*) e, de momento —igual xa nos están preludiando algo, non o sei—, gobernan vostedes.

Podemos tirarnos aquí vostede e eu os trastos á cabeza: que se o Concello de Pontevedra, Pedro Sánchez, o Bloque, pero eu creo que... Onde quere centrar o debate o BNG é en que ás galegas e aos galegos que son hoxe persoas dependentes, usuarias do servizo de axuda no fogar, ás persoas maiores, ás persoas con discapacidade en Galiza, iso non lles resolve nada aos problemas. Entón, por iso eu creo que o xusto tamén con este país é que a Cámara, onde está depositada a súa soberanía, debata con altura un problema coma este, que eu estaba poñendo encima da mesa ao comezo da miña intervención.

Temos, efectivamente, un servizo de axuda no fogar que é o máis usado de todo o sistema de atención e axuda á dependencia, que ten 26.000 persoas usuarias e que vai ter unha demanda crecente nos anos que van vir, un detrás doutro, un detrás doutro, porque as previsións demográficas de Galiza é o que nos están dicindo. Temos un sistema que é moi bo, pero que está facendo augas por todas partes, porque ten un modelo, un deseño de financiamento e de xestión, que non dá máis de si.

Eu dicíallo ao comezo, non é que sexan os concellos do Bloque os que digan que a situación é insostible, é que todos, todos —e aquí hai xente que vai ter responsabilidades de goberno



nas corporacións e nos gobernos municipais—, incluídos os do PP, os do PSOE e os do Bloque Nacionalista Galego, a través da Fegamp, de maneira unánime, o que veñen advertindo é non da necesidade, senón da urxencia de cambiar o sistema de financiamento para garantir que é viable, que é un servizo estable, que é un servizo do que imos poder seguir sacando peito a futuro e que imos poder facelo, ademais, non só nas mellores condicións para a persoa usuaria, senón tamén para as persoas que coidan.

O que di a Lei de servizos sociais é que, efectivamente, a xestión é unha competencia municipal, pero a Lei de dependencia española é moi clara dicindo que o sostemento da atención e a axuda á dependencia ten que ser custeada e financiada pola Administración xeral do Estado, efectivamente, que lle debe máis de dous mil millóns de euros a Galiza, acumulados desde o ano 2006. Por aí pasaron moitos gobernos. Igual, se vostedes tivesen este ímpeto de defensa dos intereses de Galiza cando gobernaba Mariano Rajoy, pois era un pouquiño menos a débeda, pero daquela calaron, mentres se incumpría —bastante máis do que se incumpre hoxe, e aínda se incumpre— con esa obriga de financiamento.

Pero, xa digo, que eu lle tire iso a vostede aquí á cabeza e que vostede mo tire a min, non lle resolve nada á persoa que é usuaria do servizo de axuda no fogar, que ten un máximo, por exemplo, se es un grao 3 de dependencia, nivel 2, de 90 horas; que son nada, jeh! Son moi pouquiñas horas ao final.

É dicir, temos un servizo que é bo, que vai ser unha peza —ou nós así o cremos desde o BNG— fundamental para a garantía do dereito a unha vellez digna, no presente e no futuro, das galegas e dos galegos que vivimos hoxe e que han vir mañá neste país, pero que o temos sostido e collido con pinzas, na precariedade e nunhas condicións moi limitadas tanto para as persoas usuarias como para as persoas traballadoras do SAF.

E aí vostede —eu dicíallo ao comezo— dicía que firmaron un convenio coa Fegamp. Eu téño aquí (*A señora Rodil Fernández amosa un documento.*) e, efectivamente, vostede foi quen o firmou pola Consellería de Política Social e a Xunta. E ademais dos 12 euros/hora, que eu lle digo que coa inflación e co incremento dos custos, entre outros os salariais —e iso dixéronllo as organizacións sindicais no Consello Galego de Benestar—, comeu ese incremento xa de 12 euros/hora o propio servizo. Porque hoxe, se queremos dar un servizo de calidade ou se os concellos queren dar un servizo de calidade, como pouco pagas 20 euros/hora. E é moi pouco, tes que pagar entre 20 e 25 euros a hora para dar un servizo de calidade para a persoa que é usuaria, pero sobre todo tamén para a persoa que é traballadora e coidadora no fogar.

Pero aí vostedes, entre outras cousas, comprometíanse en outubro de 2021 a facer unha análise, un estudo técnico, tanto coa Fegamp como con técnicos da Xunta, de como ía afectar ese aumento da demanda, de como cada vez vai haber máis persoas usuarias no servizo, de como darlle estabilidade e sustentabilidade ao sistema, de como estandarizar na medida do posible os servizos que se prestan e as condicións nas que se fai e de como garantir a viabilidade económica dun servizo que teñen que xestionar os concellos, pero que non lles comete sostelo economicamente no nivel no que o están facendo, porque están afogando as corporacións municipais, especialmente as máis pequenas, ou facendo que recaia ese esforzo orzamentario sobre o lombo das persoas coidadoras, especialmente das traballadoras.



Desta interpelación derivará, como sempre, unha moción con propostas —e dicíallo ao principio—. A primeira é que se cree esa comisión entre a Administración central, a Xunta de Galiza e a Fegamp para darlle viabilidade económica ao servizo de axuda no fogar para incrementar a aportación que fan, efectivamente o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza, no sostemento do sistema. E logo tamén irá unha batería de propostas para reforzar, para fortalecer, para ampliar e para mellorar o servizo de axuda no fogar.

Vostede preguntábame —e con isto remato, presidente— que era o que non nos gustaba a nós dos porta a porta ¿non?, dos coidados porta a porta. E que eu creo que ti tes que ter acceso a un taller de memoria, a unha fisioterapeuta —que o di a Orde do servizo de axuda de fogar desde o ano 2009— non cando a Xunta decida que che pasa un autobús pola porta da casa, senón que ten que ser un servizo complementario ao servizo de axuda no fogar, permanente e estable, e ao que poidan acceder as persoas que hoxe teñen o grao de dependencia recoñecido e as que non.

E temos a posibilidade de aumentar, de ampliar, eses servizos de atención directa que hoxe compoñen o SAF e de ir incorporando outros novos; servizos complementarios como a actividade física e deportiva —que se falaba neste pleno— para, por exemplo, previr a osteoporose —da que se falaba—, a formación do persoal coidador nas casas... Porque parece que para coidar vale calquera, pero para levantar unha persoa de 80 quilos que está encamada para lavala, para aseala, para darlle o almorzo e para que faga algo de actividade física e se mova, sen unha grúa, como son a maior parte das casas de Galiza, hai que verse jeh!, que non vale calquera.

E a metade da xente que coida na casa nesas condicións son mulleres que, ao final, co que acaban é cunha hernia discal e con problemas de espalda. E iso tampouco é nin...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...garantía de dereitos nin de quen coida nin de quen é coidado.

Ou, por exemplo, crear tamén apoios psicolóxicos tanto para as persoas que son usuarias do servizo, moitas delas con alzhéimer ou demencia, como tamén para a persoa que coida, que é un traballo, aínda que a maior parte das veces non se pague. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación, a conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, señor presidente.

Señora Rodil, o Goberno galego sitúa a atención ás persoas maiores como unha das súas principais prioridades. Deste xeito, durante os últimos anos, non deixamos de deseñar cada vez máis servizos pensados estritamente para as persoas maiores que precisan dese coidado,



desa atención e desa axuda. E, de feito, fixémoslo en todo o rural de Galicia con esas casas do maior, para ofrecerlles eses servizos de atención diúrna a todos aqueles concellos que están menos poboados no rural. Xa hai máis de cen servizos abertos e en pleno funcionamento. E por suposto que imos continuar abrindo máis servizos desta tipoloxía no rural de Galicia. Estámolo facendo reforzando ese servizo de teleasistencia e poñendo á disposición das persoas maiores cada vez máis tecnoloxía para atender máis de 9.000 galegos que nos demandan cada vez máis ese servizo, e tamén o estamos facendo, como lles dicía, con ese programa de coidados porta a porta.

Seguirémolo facendo cun novo modelo de coidados que nos permita levar o noso sistema de atención á dependencia ao século XXI. Facémolo coa elaboración desa primeira estratexia contra o edadismo, ou o que o mesmo, a discriminación por idade, que permitirá actuar e erradicar ese fenómeno social. Ímolo facer incrementando ese financiamento do servizo de axuda no fogar, que xa supera nestes momentos os 112 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia e que nos converte nunha das comunidades líderes a nivel nacional na prestación deste servizo.

Mire, señora Rodil, vostede non quere que eu lle fale do Goberno central, pero é que son vostedes, os do Bloque Nacionalista Galego, os que teñen ese acordo firmado co señor Pedro Sánchez e os que permitiron ese goberno. E, se non recordo mal, vostedes comprometéronse a acadar ese acordo e a que por fin o Goberno central cumprise a Lei de dependencia e financiase o 50 por cento do custo da dependencia. Nestes momentos soamente aporta o 30 por cento, e Galicia, o 70 por cento. Eu, dende logo, comprométome a que, se o señor Pedro Sánchez de forma exprés nos aporta toda esa débeda que ten coas persoas maiores en Galicia, dende logo a Xunta de Galicia vai poder continuar aumentando ese financiamento do servizo de axuda no fogar.

Eu sei moi ben dese acordo coa Fegamp. Eu mesma, como vostede dicía, asinei ese acordo. Na Fegamp están representados todos os concellos de Galicia. Pero nese acordo tamén se fixaba que no ano 2024 a Xunta de Galicia ía incrementar a 12 euros a hora o servizo de axuda no fogar, e adiantamos de forma unilateral ese compromiso ao ano 2023. Ímoslle pagar xa a todos os concellos de Galicia de forma retroactiva 12 euros a hora dende o 1 de xaneiro do ano 2023. Iso si que é compromiso cos concellos, señora Rodil. *(Aplausos.)*

E, como xa lle dixen, este servizo de axuda no fogar —e vostede comparte a miña opinión— é un servizo moi ben valorado, un servizo moi demandado e un servizo útil para as persoas maiores e as persoas con discapacidade.

Por iso imos seguir dende a Xunta de Galicia apostando por este servizo, porque demostra cada día que atende as necesidades das persoas maiores que están en situación de dependencia. Imos continuar apostando por este servizo porque lles dá ás persoas maiores a liberdade de elixir onde e como queren vivir esta nova etapa das súas vidas. Imos continuar apostando por ese servizo de axuda no fogar porque é fundamental para facer de Galicia un mellor lugar para facerse maior. Pero imos continuar tamén atendendo máis persoas maiores con dependencia. Galicia nestes momentos é a segunda comunidade autónoma a nivel nacional coa maior ratio de atención á dependencia. Son máis de 71.500 persoas maiores as



que atendemos cada día, mentres cando gobernaban vostedes, no ano 2009, non eran nin tan sequera 15.000.

Por todas elas imos seguir traballando, e imos continuar axilizando cada vez máis os trámites para que poidan acceder a ese sistema de atención á dependencia, pero, sobre todo, ímoslle continuar dando máis servizos e de máis calidade para atender os que tanto traballaron sempre por nós.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Tal e como falamos onte, son unha deputada e catro deputados os que van deixar de selo para exercer outras responsabilidades. Para eles este é o seu último pleno. Entón, é un costume desta casa que quen estivo durante un tempo facendo labores parlamentarias aquí se despida cando vai deixar de ser deputado.

Se lles parece, imos dar un breve turno para que se despida cada un deles.

Entón, comezamos por vostede, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidente por estes minutos.

Eu basicamente e moi rápido —porque, ademais, xa imos tarde— simplemente quero trasladarvos un agradecemento sincero, de verdade, a todas e todos vós por estes anos de traballo. Eu de verdade que aprendín moitísimo. Entón, quero agradecer a todos os traballadores e aos servizos da Cámara todo este tempo e tamén facelo aos compañeiros, como dicía antes o señor Ferro, de todos os grupos. Permítanme que personalice nos portavoces, no señor Puy —do que xa me despedín antes— e no señor Álvarez, porque son persoas que saben que admiro, que aprecio moitísimo, e quero dicir que imos botar en falta moitos momentos. Eu vou botar en falta os debates con Ovidio, que imos botar en falta —e declárome fan, que xa o podo facer— as intervencións do señor Balseiro. Seguireinas en *streaming*. *(Aplausos.)*

En todo caso, eu entrei aquí mirando para estes teitos tan altos, sen saber moi ben como me ubicaba, e saio coa convicción de que atopei persoas maravillosas. Moitísimas grazas a todas e a todos, e vai ser unha honra atoparvos por Soutomaior.

E xa un pouquiño máis co que ten a ver coa xente da casa, moi rapidamente, presidente, quero dicir que a vós (*O señor Lourenzo Sobral fai un xesto coa man para indicar que se dirixe aos seus compañeiros e compañeiras de grupo*), primeiro, un chisco en termos políticos. Eu en Soutomaior moitísimas veces me atopei con sensacións e con *déjà vues* do que sinto aquí con todas e todos vós. Creo que imos ben e, dende logo, creo que Soutomaior e os compañeiros e compañeiras de Soutomaior imos seguir pelexando e pulando por que este proxecto político e para facer que esta compañeira (*O señor Lourenzo Sobral sinala a súa compañeira dona Ana Pontón Mondelo.*) acade o obxectivo da Presidencia da Xunta. *(Aplausos.)*



E xa no que ten a ver co humano, pois, nada, que marcho cheo de amigos e que aquí fixen as cousas o mellor que puiden. Dei o mellor de min, seguramente con moitísimos erros, con algún que outro acerto —agardo que tamén—, pero, en todo caso, vai ser un tempo e unha etapa que vou lembrar sempre. Aquí quedan momentos que marcan. E nada máis.

Moitísimas grazas e foi unha verdadeira honra. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Vega.

O serio VEGA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Grazas a todos os membros da Mesa e aos servizos da Cámara que traballaron e que me asistiron como deputado e tamén como presidente da Comisión 7ª, na cal tamén quero mostrar o meu agradecemento a todos os membros que traballamos moito polo medio rural, e ao conselleiro, que hoxe está presente. Intentámolo facer todo o mellor posible. Eu, como presidente, non fun moi severo, (*Risos.*) intentei marcar a disciplina un pouco ás veces, pero fíxeno coa mellor das intencións.

Tamén lles quero agradecer aos grupos da oposición, tanto ao Bloque Nacionalista Galego como ao Partido Socialista, todo o traballo que fixeron. Permítanme que lles agradeza todo de corazón, e invítalos a Ribadeo. Alí teñen a súa casa.

E tamén ao presidente do Parlamento. Vou contar unha anécdota que me pasou na anterior lexislatura, no 2019, cando o presidente Feijóo falou comigo para que fose candidato a Ribadeo. Abro a porta e a primeira persoa coa que me encontro foi co presidente do Parlamento. Díxenlle: «¡Que casualidade!», e dime: «¿E logo, que pasou?». «Vou de candidato». E di: «Amigo meu, vante medir». Nesta ocasión medíronme, e medíronme os veciños de Ribadeo, xa que serei o futuro alcalde de Ribadeo, que o levo con moita honra, porque é o pobo que amo e o pobo que respecto.

Tamén quero facer agradecementos á miña familia, de corazón. Foron momentos duros, pero sempre os tiveron aí. E os meus agradecementos tamén para o Grupo Parlamentario Popular, para os meus compañeiros, sempre; sempre vos levarei no corazón. Aprendín moito de todos vós, aprendín moito, porque sodes grandes persoas, que ese é o primeiro piar, fundamental, ser boa persoa, e despois adquirirín moitos coñecementos con todos vós. De forma especial un agradecemento ao portavoz, ao profesor Puy, ao mestre de todos, ao que tamén quero felicitar hoxe, e aos dous presidentes, ao presidente Feijóo e o presidente Rueda, que para min sempre, sempre foron un apoio. O primeiro acto que empezo en Ribadeo é con el, co presidente Rueda, e cun dos conselleiros que máis me apoiou, Román. Alí empezamos.

Grazas a todos vós, e grazas a todos os conselleiros. Aí teño que vos dicir que de min non vos ides olvidar. Vou estar aí permanentemente, xestionando para o meu pobo. Tedes que entender que é así.

Pois moitas grazas a todos, e sempre, sempre levarei no corazón esta máxima institución de Galicia, o Parlamento de Galicia, co máximo respecto.



Espero que todos veñades a Ribadeo.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Agora, o señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente, por esta oportunidade.

Señorías, a verdade é que eu quixera comezar tamén como comezaron os compañeiros, dando as grazas a todos os membros desta Cámara, aos membros do Goberno, aos servizos da Cámara e aos deputados da Comisión 6ª, cos que compartín os dous primeiros anos de deputado nesta Cámara, e tamén aos da Comisión 4ª, cos que compartimos moitos e intensos debates, sempre amables, respectuosos e tratando de construír o mellor de Galicia no ámbito e no mundo da educación. Aí compartín debate con Manu Lorenzo —ao que felicito tamén—, con Luís Álvarez e posteriormente con Noelia Otero. E tamén aos membros da Comisión de Control da Radio-Televisión de Galicia, da que tiveron o honor de ser presidente.

Tamén van os meus agradecementos aos membros e aos presidentes do noso partido, ao presidente Feijóo e ao presidente Rueda, e tamén, como non, a todos os compañeiros; especialmente quero personalizalo na figura do noso portavoz parlamentario, Pedro Puy, do que tanto tiveron a oportunidade de aprender, e tamén na do propio conselleiro, Román, do que tanto tamén puideron aprender, xa que me tocou, dalgunha maneira, ser portavoz desa área. E aos medios de comunicación que seguen esta Cámara. A todos, moitísimas grazas, de verdade.

Eu na miña parte regreso ao punto de partida, volvo ás miñas orixes, volvo a Boqueixón, un concello do que realmente nunca me fun, pero agora vou ter a oportunidade de dedicarlles máis tempo aos meus veciños e ás miñas veciñas e desde logo que iso supón unha verdadeira e unha auténtica satisfacción. Tamén quero dicirvos a todos que seguiremos traballando e que seguiremos traballando polo futuro de Boqueixón, pero tamén, ao mesmo tempo, polo futuro de Galicia.

Para min foi unha verdadeira honra poder formar parte desta primeira institución da Comunidade Autónoma que representa o pobo de Galicia. E, dende logo, teño que asegurar que nunca esquecerei este tempo no Parlamento de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señora Marta Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Déanlle voz ao escano da señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.



Unha vez máis, eu quero comezar dándolles o meu agradecemento aos servizos da Cámara, aos traballadores da Cámara, aos letrados e letradas e ao letrado maior, que me recibiu nun primeiro momento cunha dúbida. Eu entrei nesta Cámara embarazada. Pisei este Parlamento por primeira vez embarazada, hai case sete anos, e foi toda unha axuda para min como me facilitaron todos, sobre todo o meu presidente, o presidente do Parlamento, Miguel Santalices, que me axudou. E quero tamén facer un agradecemento a todos os traballadores, por suposto, que nos fan moito máis fácil a entrada nunha institución coma esta e que nos axudan en todo momento.

Quero facer un agradecemento aos grupos da oposición, cos que levo traballado moito, moi duramente. Tivemos moitos debates, tanto nesta lexislatura como na pasada, especialmente debates de industria. Sabedes que son a portavoz da industria e enerxía xa dende a pasada lexislatura. Vou estrañar a Noa Presas —que antes falabamos—, porque, obviamente, foron moitos os debates nos que participamos, igual que a Luis Bará, ou a outros deputados do Bloque Nacionalista Galego; igual que aos do Partido Socialista, a Begoña —que non está—, ou a Martín, que foron cos que máis debatín do tema que amo, que é a industria. O primeiro tema que máis me gusta é a industria, pero tamén me gusta moito a política local.

É unha honra para min despedirme de aquí para ser a alcaldesa do concello onde nacín, onde medrei, onde formei a miña familia; á que tamén lle estou moi agradecida por todo ese esforzo que fan. As familias dos políticos pásano moi mal porque sofren a nosa perda; a nosa ausencia máis ben e, no meu caso, cun neno de 7 anos, pero, bueno, el é un fiel amante da política (*Risos da señora oradora.*), porque, obviamente, o vive na casa e, aínda que non queiramos transmitírllelo, eles escoitan todo.

Entón, á oposición pois moitas grazas por todo. seguirémonos vendo. Cando queirades, te redes as portas abertas do meu concello, de San Cibrao das Viñas, ou do polígono, que ao mellor o podedes visitar máis asiduamente.

E quero rematar co agradecemento ao meu grupo parlamentario, ao expresidente Feijóo, ao presidente Rueda, ao portavoz Pedro Puy, á viceportavoz Paula Prado, ao meu compañeiro Alberto Pazos e a todos os meus compañeiros do grupo parlamentario que me acompañaron na pasada lexislatura, especialmente a Sandra, a Ches, a Dani ou a Lupe, compañeiros cos que vivín a pasada lexislatura, e esta nova con Marisol, con Noelia —xente de Ourense—, Marta... Nomearíaos a todos porque sodes todos especiais; boas persoas, por encima de traballadores. De verdade que vos vou estrañar moito, igual que ao persoal do grupo parlamentario. Creo que temos un grupo parlamentario cun persoal excepcional e que nos axuda moito cando chegamos aquí —que non é fácil ser deputado—.

Entón, eu estou moi agradecida. Teño moita honra por representar a miña provincia, o meu presidente provincial tamén, que no seu día propiciou que puidese representar a provincia de Ourense. E despídome hoxe con moita pena porque de verdade que vos vou estrañar moito a todos, pero teño moito orgullo de ser alcaldesa de San Cibrao, como vos digo, concello que amo. Agárdovos alí. Estadades todos invitados cando queirades.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)



O señor PRESIDENTE: José Manuel Rey.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señorías.

Se mo permiten, compañeiras e compañeiros.

Eu a verdade é que me sinto moi novo, pero estábanme dicindo algúns dos meus compañeiros que son o decano dos que nos estamos a despedir. E os que nos despedimos por múltiples causas seguramente estamos en momentos de moita emoción, porque podemos ser deputados, pero, ao final, ante todo somos persoas. É verdade que o cambio é lei de vida, que o que non se acostume ao cambio —que, ademais, agora é máis rápido ca nunca—, pois, dende logo, non vai ser capaz de sobrevivir a estes momentos complexos que temos por diante, pero, como persoas, todos imos nestes días lembrar moitísimos momentos neste Parlamento e na nosa actividade pública.

Eu entrei no Parlamento como representante público hai algo máis de oito anos. Viña xa de ser alcalde de Ferrol, e a verdade é que pensei que isto ía ser un traballo bastante sinxelo ao lado da Alcaldía. A primeira dificultade foi non perderme nos eternos pasillos deste Parlamento, moito máis complexo aínda que San Caetano. Despois descubrín que a arquitectura dos parlamentos e dos pasillos serve, precisamente, para chegar acordos, para falar, para compartir momentos alegres e momentos tamén tristes. E a verdade é que este Parlamento, non polo que se ve fóra, senón polo que teño vivido dentro, é un verdadeiro exemplo de cordialidade, a pesar dos debates e a pesar do que cada un ten que defender en calquera momento. E por iso eu me vou moi agradecido de todos vostedes, das persoas do meu grupo, pero tamén dos outros grupos; moi agradecido, por suposto, dos presidentes Feijóo e Rueda; moi agradecido do noso portavoz, Pedro Puy, que xa foi profesor na Facultade de Dereito, e moi agradecido dos galegos e das galegas, sobre todo, porque podes ter os outros apoios, pero, ao final, se estamos aquí e podemos estar noutros lugares de representación pública, é porque temos a confianza da xente, e o que non debemos nunca é fallarlle á confianza da xente. Eu creo que os que estamos aquí somos afortunados. Eu, dende logo, síntome moi afortunado, e ese sentimento ten que permitirnos traballar moito.

Quero facer un agradecemento tamén ás persoas que traballan na Cámara, porque a verdade é que creo que tamén merecen unha distinción con respecto a outros traballadores públicos. Todas as persoas teñen nesta Cámara un altísimo nivel de cualificación profesional; dende Elías, que foi un auténtico exemplo deste Parlamento de plena inclusión social, ata os letrados. Para min, que son xurista, a verdade é que foi un auténtico privilexio poder traballar con eles e poder ter participado na elaboración de leis, na elaboración de ditames importantes.

Isto non é unha despedida —como dicía— porque todo cambia, estámolo vendo perfectamente nestes días. A min esta Cámara permitíume traballar por Galicia e traballar por Ferrol; dende o próximo sábado traballarei por Ferrol e así tamén poderei seguir traballando por Galicia, mentres teñamos a confianza da xente.



Eu deséxolles, de verdade, a todos e a todas o mellor, porque os seus acertos e os seus acordos serán os acertos e os acordos para que Galicia vaia mellor. E tamén teño que dicir, así para acabar, que tamén lles agradecerei como alcalde de Ferrol que sigan preocupados polos temas da miña cidade, da cidade de Ferrol. Quedan dous deputados aquí de Ferrol, e estou seguro de que van defender moito os intereses desa cidade, pero esa cidade de verdade que nos necesita a todos.

Polo tanto, moitísimas grazas.

E tamén eu nunca olvidarei o paso por este Parlamento, pero sobre todo nunca olvidarei todo o que teño aprendido e todo o que me teñen axudado as 75 persoas que compoñen este Pleno.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Bueno, pois para pechar estas comparecencias, e en nome de todas as deputadas e deputados, eu penso que é bo e é saudable —moi brevemente— ter emocións como as que acabamos de vivir hoxe aquí e que foron emocións sinceras dos que se van, e a min iso paréceme moi positivo.

Non teño constancia —vouno tratar de documentar— dun feito coma este, de que cinco deputados e deputadas nunha mesma lexislatura se fosen de alcaldes. Non teño constancia, voume documentar, porque podería dicir que estamos ante un feito histórico, pero primeiro voume documentar. Non quero meter a pata, pero non teño eu esa... Non vivín situacións coma esta, o cal demostra a importancia do Parlamento. O Parlamento, ao fin e ao cabo, ten o seu prestixio e ten esa repercusión na sociedade, que fixeron moi ben en aproveitala. É un orgullo ser parlamentario e parlamentaria, dende logo, e é unha responsabilidade; pero penso que tamén é moito máis alta a que van adquirir como alcaldes, porque iso é estar moi pegados aos veciños, e xa saben que iso non é sinxelo.

Nós desexámoslles a todos e a todas moitos éxitos, moi boa sorte no que desempeñen, no seu labor, que sabemos que é complexo, e sobre todo tamén que teñan moita saúde. As portas do Parlamento xa son abertas de por si, pero quedan —aínda se cabe— pois moito máis abertas para todos vostedes para cando queiran volver.

Nada, moitas grazas e moita sorte. *(Aplausos prolongados.)*

Volvemos ás catro e media.

Suspéndese a sesión ás tres e sete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e catro minutos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos co apartado 7, que é de preguntas ao Goberno; neste caso, imos coa pregunta de dona Paula Prado del Río.



Pregunta de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da convocatoria de eleccións xerais o próximo 23 de xullo

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por un tempo de tres minutos, ten a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidenta.

—Desculpas, pensei que a miña era a segunda.—

Señorías, o verán que desexamos está moi preto de nós: paisaxes únicas, praias paradisíacas, o mar fundíndose na terra, museos, monumentos, concertos, cultura... (*Murmurios.*) Imaxínen un verán no que Pedro Sánchez acaba de perder as eleccións e aínda nos queda todo o mes de agosto por diante. Podemos gozar dunha gastronomía para todos os sentidos na terra onde Sánchez sacou os peores resultados. Por fin teremos tempo para o que verdadeiramente importa.

Señorías, o domingo 23 de xullo podemos facer a reserva dun verán ideal: por unhas vacacións máis felices, por un futuro mellor para as nosas familias, polo descanso e tamén polo traballo e polo progreso. Imaxinando ese verano ideal, a ver se, ao final, non vai estar tan mal que as eleccións sexan en pleno mes de xullo. (*Murmurios.*)

A mañá do 29 de maio, o presidente Sánchez ideou (*Murmurios.*) (*Pausa.*) unha nova cortina de fume; unha cortina de fume para tapar o enorme triunfo electoral do Partido Popular en toda España e tamén en Galicia; unha cortina de fume espesa, que levou un país a votar con temperaturas altísimas, provocada polos mesmos que anunciaron a bombo e platillo que ían prohibir traballar baixo olas de calor... (*Murmurios.*) Señora presidenta, eu agradecería que, se pode ser, non me interrompan.

Dende logo, se unha cousa hai que recoñecerlle ao señor Sánchez é a súa capacidade para sorprendernos. Onte aprobouse, por fin, a esperadísima medida da rebaixa do prezo dos cines para os maiores de 65 anos, porque todos agardabamos isto. Dende logo, isto é moito mellor que baixar o IVE á carne, ao peixe ou mesmo ás conservas; ou os repetidos quiñentos oitenta millóns de euros para a sanidade, que anunciaron, polo menos, catro veces, pero marchará do Goberno sen afrontar a necesidade de formar máis médicos de familia; e xa perdemos a conta das vivendas que prometeu. Iso si, en Galicia, ao final resulta que das 1.200 que prometera só serven 42.

Este é un goberno que será recordado pola eliminación da sedición ou pola rebaixa da malversación. Con Bildu non ía pactar, e fixérono máis de cinco veces e tamén máis de vinte. Tampouco ía durmir tranquilo con Podemos, e mantivo a ministra Montero no Goberno, a pesar de que se rebaixaron máis de mil cen penas de agresores sexuais e cento quince saíron á rúa. E o Supremo confirmou a pasada semana o que todos sabíamos: que os xuíces non eran machistas nin aplicaban mal a norma, senón que o BNG e o PSOE aprobaron a lei que fixo retroceder máis que nunca os dereitos das mulleres no noso país.



Destituíu xenerais, o director do INE e o do CNI porque non dicían a todo «si, bwana»; desacreditaron as institucións do Estado; tamén nomeou como fiscal xeral a súa ministra de Xustiza e agora como fiscal da Sala de Memoria Democrática, en contra de gran parte do Consello Fiscal. Cando todos estabamos encerrados durante meses —tamén os nenos—...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora PRADO DEL RÍO: ... —si— decidiron que estaría ben, como primeira experiencia na rúa, ir ás farmacias. Da falta de xestión e liderado durante a pandemia é mellor non falar; tamén dirixiu o goberno máis caro da historia, con máis ministros e con centos de asesores; fabricaron trens que non cabían polos túneles... Polo que todo parece indicar, o propio Sánchez adiantou tamén a fin do sanchismo. (*Murmurios.*)

Señor conselleiro, ¿que lle parece que o señor Pedro Sánchez adiante as eleccións? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten a palabra o señor vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, don Diego Calvo.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, señora presidenta.

Eu, señoría, vou empezar dándolle a razón á oposición porque, xusto antes de comezar as preguntas, me dicía que esta era unha pregunta oportuna, e, efectivamente. (*Risos.*) Grazas, señoría, por facer esta pregunta, porque é de interese —coido— saber a opinión da Xunta de Galicia con respecto ao adianto das eleccións xerais.

E vou comezar por unha cita, por unha cita que non é miña; seguro que a recoñecen, sobre todo os deputados do Grupo Parlamentario Socialista. Di textualmente: «*Seré breve y trataré también de ser muy claro: he tomado esta decisión a la vista de los resultados de las elecciones celebradas ayer. Asumo, en primera persona, los resultados*». Isto díxoo Pedro Sánchez. É un digno colofón aos peores anos da historia da democracia deste país. O presidente xa nin se agocha; non se agocha a respecto de cales son as intencións. O que si me sorprende é que sigan existindo algúns socialistas que pretendan xustificar esta decisión; unha decisión apurada e tomada única e exclusivamente, como puideron comprobar todos os españois, dende o interese persoal e de quen pensa única e exclusivamente en si mesmo.

O pasado 28 de maio todos os españois estabamos chamados ás urnas. Diante había dous modelos: optar polo modelo de Pedro Sánchez e os seus socios —onde entra o Bloque, onde entra Bildu e onde entran todos estes partidos que apoiaron cada unha das votacións— ou optar por unha alternativa liderada polo señor Feijóo. E os españois faláron, señorías, faláron claro; faláron e fixérono en masa, apoiando unha alternativa a un goberno que xa non o pode facer peor.



Os apuros de Sánchez por manter a súa cadeira levárono a unhas eleccións nunha data que, de verdade, non beneficia a ninguén; nunha data a finais de xullo, cando a metade de España se atopa de vacacións (*Murmurios.*) —si, señorías—, cando moitas cidades están baleiras —vostedes sábeno coma nós— e cando moitas comunidades están de ponte —nalgunha comunidade autónoma incluso está prohibido celebrar eleccións autonómicas; ¡claro!, porque son as que poden limitar neses meses—. Con todo, Pedro Sánchez tirou para adiante porque lle daba igual. O que pretendía o señor Sánchez era tratar de ocultar, en primeiro lugar, unha vitoria clara e contundente do Partido Popular e convocar os españois nunha data para intentar que non acudan ás urnas e que non mostren o seu descontento. Ese é realmente o interese de Pedro Sánchez

Eu pódolles predicir —porque non o podo asegurar— que o señor Sánchez volveu errar. Non conseguiu ocultar a aplastante vitoria do Partido Popular en toda España nin conseguiu que esa convocatoria desmobilizase a cidadanía, senón todo o contrario: hai moitos españois que están indignados coa data escollida polo presidente —por agora— do Goberno.

Xa non engana a ninguén, e iso é o máis importante. E en toda España sabe que imos cara a un resultado histórico do presidente Feijóo. Aquí, en Galicia, as présas de Sánchez non son as nosas présas; aquí temos outra maneira de facer as cousas. Os galegos van ir votar ás urnas e volverán ter a posibilidade de escoller entre o radicalismo ou a xestión, de escoller entre unha morea de partidos ou estabilidade; van poder escoller entre Sánchez ou Feijóo, e creo...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...—e vostedes sábeno— que a elección está clara. Aquí sabémolo ben, e, sempre que tivemos a posibilidade, os galegos escolleron a Feijóo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Calvo.

Para a réplica, ten dous minutos, dona Paula.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señora presidenta.

Grazas, señor vicepresidente.

Efectivamente, en Galicia agardamos tamén que o próximo 23 de xullo acaben xa os agravios á nosa terra, porque temos a garantía de qué representa o propio presidente Feijóo para os galegos e para as galegas; e tamén o compromiso con Galicia de Paco Conde, de Rosa Quintana e de Pedro Puy. Dende aquí reclamamos que se estea, por fin, con Galicia, porque o presidente Sánchez e os seus ministros viñan a Galicia facer campaña en contra de Feijóo, pero non estaban con Galicia.

O pasado 28 de maio pediron un plebiscito sobre Sánchez, e os galegos dixéronlles que non estaban de acordo con esas políticas do Partido Socialista, e o 23 de xullo volveránllo



repetir. ¿Por que? Porque seguimos agardando polos trens AVRIL; porque seguimos agardando pola alta velocidade, que só chegou a Ourense, e agardámola no resto de Galicia; porque esperamos tamén, despois dun ano, por que se arranxe o viaduto da A-6; porque se celebrou outro exame MIR, sen modificar o sistema de elección de prazas nin o programa de formación, e, por suposto, non puxo nin unha soa solución á falta de médicos; porque os fondos europeos, cos que se poderían crear miles de postos de traballo —moitos, a poucos quilómetros de aquí—, seguen embalsados, e nada deles se sabe; como tampouco fixo nada ao respecto do traspaso da AP-9, a pesar de que asinou un pacto con algúns que presumen diso; nin tampouco fixo nada a respecto do traspaso das competencias sobre o dominio público marítimo-terrestre, que agora, dende Galicia, temos que arranxar.

Por iso, será unha boa nova que un galego chegue á Moncloa para poder avanzar e eliminar os desagrazos do sanchismo con Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, dona Paula.

Réplica do Goberno.

Ten novamente a palabra o señor Calvo.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

A verdade é que, efectivamente, os galegos estamos chamados ás urnas o próximo 23 de xullo para valorar o trato que o Goberno de Pedro Sánchez e que o Goberno do Partido Socialista tivo con Galicia.

Nós pedímoslle que rectificase o plan de reconstrución da A-6, e díxonos que non, señorías; a Galicia díxolle que non.

Pedímoslle que transferise, efectivamente, a AP-9 —temos aquí a conselleira—, e volveunos dicir que non; incluso os deputados socialistas que votaban aquí que si agora cambian de opinión e intentan xustificar ese cambio de postura.

Pedímoslle que mellorase a planificación temporal da repartición dos fondos de recuperación e resiliencia ás comunidades autónomas, e dixo que non, señorías.

Pedímoslle que incluíse a cadea mar-industria dentro das actividades elixibles, dentro do PERTE agroalimentario; ¿e sabe que dixo Sánchez a Galicia? Que non, que non estaba de acordo.

Pedímoslle que apoiase a demanda da Xunta de modificación da planificación enerxética, e, de novo, o Goberno socialista, apoiado polo Bloque Nacionalista, dixo que non.



Pedímoslle que traspasase as funcións dos servizos para a xestión do dominio público marítimo-terrestre e, de novo, o Partido Socialista, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, dixo que non. Estamos tramitando unha lei, veremos cal é a postura, nese sentido, dos grupos que están na oposición.

Pedímoslle que facilitase a relación detallada das supostas 1.285 vivendas da Sareb; e, ¿saben que nos dixo? (*Un señor deputado: ¡Que non!*) Dixo que non, que non nos daban esa relación. Dixémoslle que o sistema de elección das prazas MIR non deixase prazas desertas; e, ¿saben vostedes que nos dixo? Díxolle, a Galicia, que non; non llo dixo á Xunta de Galicia, nin ao Goberno do Partido Popular, senón que lles dixo aos galegos que non.

Pedímoslle que reactivase os traballos para contar cun novo sistema de financiamento; e, de novo, señorías, dixo a Galicia que non.

Pedímoslle que transferise a xestión do ingreso mínimo vital; e, ¿a que non saben que dixo o señor Sánchez? Que non, que non estaba de acordo.

Pedímoslle que se implicase no financiamento da gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos; e, ¿a que non saben vostedes que dixo o Goberno do Partido Socialista do señor Sánchez? Que non.

Pedímoslle, en moitas ocasións, que firmase o convenio para dotar de efectivos a Policía autonómica que temos en Galicia, porque cada vez temos menos; e ¿saben vostedes que nos contestou? (*Un señor deputado: ¡Que non!*)

E isto é o que temos. A todo o que Galicia lle pediu, Sánchez dille sempre que non, e o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego son cómplices diso. Dixo que non, como dicía, co visto bo do Bloque; un Bloque que asinou un acordo con Sánchez. E como hoxe recordaba o presidente, de todas as cousas que se poñían naquel acordo, non se cumpriu ningunha, ¡non se cumpriu ningunha! Por iso esa enorme congratulación do Bloque de ser o único partido nacionalista que non foi capaz de quitarlle nada a Sánchez. Deben de estar moi contentos.

Sánchez díxolle que non a Galicia, e agora Galicia ten a oportunidade de dicirlle que non a Sánchez o próximo día 23 de xullo. E eu, dende logo, apoio o que dicía a autora desta pregunta, a señora Prado. Eu tamén soño cun «*verano feliz*», e ese verán feliz vai empezar o 23 de xullo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a negativa do Goberno de España a tramitar a obra de reconstrución do viaduto do Castro, na A-6, pola vía de emerxencia e de xeito simultáneo en ambos os sentidos de circulación

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta e por tres minutos ten a palabra o señor Balseiro Orol.



O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, o 7 de xullo cumprírase o primeiro aniversario dunha situación sen precedentes na rede viaria española: o colapso do viaduto do Castro, na autovía A-6. Cando levan transcorridos 372 días desde esa data, unha das principais arterias de comunicación de Galicia coa Meseta segue neste momento pechada, e o que é aínda peor, sen previsión de restablecer o tráfico de vehículos, de recuperar a normalidade a curto e a medio prazo. É unha situación que ao Goberno de Pedro Sánchez parece que lle dá igual, como tampouco lle deu ningunha importancia a moitas das incidencias que Galicia leva sufrindo desde esta data:

A primeira, que antes de colapsar ese viaduto, levaba pechado máis dun ano, e acababan de rematarse unhas obras de emerxencia nas que o Goberno Sánchez investiu 26 millóns de euros —cartos públicos dilapidados co derrubamento.

A segunda, que aínda non se deron explicacións, nin temos explicacións claras e convincentes, sobre as causas do colapso e sobre a situación na que se atopan outros viadutos da rede de estradas estatais que foron obxecto de inspeccións.

A terceira, que o desvío alternativo habilitado para sortear a zona do colapso é unha auténtica chapuza; acumula queixas de veciños, usuarios e transportistas. Máis dun ano despois, Sánchez foi incapaz de garantir un percorrido alternativo en condicións de seguridade e en condicións de eficacia. O enorme volume de tráfico pesado que soporta a diario converte a Pedrafita nun embudo, no principal punto negro da mobilidade en Galicia. Ata tal extremo é así que nos últimos meses se rexistraron varios accidentes que obrigaron a cortar o desvío, xerando inmensos atascos e bloqueando a entrada e saída a Galicia durante horas. E o que aínda é peor, o Goberno de Sánchez nin quere nin ten vontade ningunha de propoñer solucións. Aínda hoxe Sánchez despreza o acordo deste Parlamento que, por unanimidade, reclama a reconstrución simultánea e urxente de ambos os dous viadutos da autovía.

O Goberno de Sánchez e o Goberno de Yolanda Díaz está tomando o pelo, señora conselleira, aos galegos e ás galegas, e a este Parlamento tamén, incluído tamén o Partido Socialista, a quen lle fai votar unha cousa nesta Cámara para despois facer outra totalmente diferente desde a Moncloa, evidenciando que votar a Sánchez é votar contra Galicia.

Nada máis e moitas grazas, señora conselleira. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para dar resposta, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Pois o certo, señoría, é que, transcorrido un ano dende o colapso do viaduto no Castro, na A-6, dende logo, a conclusión é que os galegos merecemos un trato moito mellor por parte do Goberno de España. Preguntámonos cal sería o proceder do Goberno de España se o co-



lapso dunha arteria fundamental, dunha autovía fundamental, como a A-6, ocorrese noutros territorios, e que proceder realizaría o Goberno de España se pasase en Cataluña ou no País Vasco. Dende logo, se fose así outro galo cantaríase. É insólito o proceder que estamos a ver e a situación desa arteria principal e desa vía principal de comunicación que é a A-6.

Para a Xunta de Galicia é inaudito que o Goberno de España non reconstrúa de xeito simultáneo e pola vía de emerxencia ambos os dous viadutos, e parécenos bochornoso que cambie de versión cada dous por tres e que intente xustificar o que é inxustificable. Un día indica que é o Ministerio de Facenda quen non deixa e outro día indica que son informes técnicos por seguridade. Se é por seguridade, os dous viadutos deben executarse de xeito simultáneo pola vía de emerxencia.

Nós preguntamos por ese empecinamento do Goberno de España para dicir non á reconstrución simultánea do viaduto da A-6, porque é unha demanda da Xunta de Galicia, porque é unha demanda do sector do transporte e porque é unha demanda unánime deste Parlamento de Galicia, e o Ministerio de Transportes non fai nin caso.

A estas alturas, eu creo que podemos confirmar que a palabra dada do Goberno de España en materia de infraestruturas non vale nada; vémolo nos trens AVRIL e tamén o estamos a ver no viaduto da A-6. E o máis lamentable é o tempo que leva pechada a A-6, que está causando tremendas molestias a usuarios, condutores e transportistas, afectando a seguridade viaria e a competitividade, pero tamén o tempo que resta para a reconstrución total. Leva un ano pechada dende o colapso, pero realmente leva dous anos pechada dende ese peche por obras de emerxencia —de 26 millóns de euros—. Polo tanto, leva dous anos pechada, e iso xa foi, pero preocúpanos realmente o que pase a partir de agora. ¿Canto tempo máis vai estar cortada a A-6? Tiñamos cinco carrís, e precisamos cinco carrís. Aos galegos non lles chega media autovía.

Polo tanto, dicímoslle ao Ministerio de Transportes que a Galicia non lle vale media autovía. Pedimos rapidez porque o ritmo é lento —é o paso do sapoconcho— e aí vimos *in situ* o sector de transportes de mercadorías e a Xunta de Galicia; vimos a reacción do sector do transporte: indignación e cabreo, por suposto; porque non viron nin medios nin persoal acorde á envergadura deste problema e á urxencia deste problema. Polo tanto, pedimos interese para que se traballe sen descanso na autovía A-6.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, dous minutos, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta, e moitas grazas, señora conselleira, pola súa resposta.

Comprenderá que os galegos estamos preocupados con esta situación, pero os lucenses estamos dobremente preocupados, porque, efectivamente, esta é unha entrada a Galicia, pero



é practicamente o cen por cento da entrada a Galicia da provincia de Lugo —vostede xa o dixo—.

Mire, cando o Partido Socialista gobernaba a nivel estatal, as autovías terminaban en Bena-vente. Tiveron que vir os gobernos do Partido Popular para que as autovías, por primeira vez, chegasen á nosa comunidade autónoma. E eu, como a estou interpelando a vostede, case teño que dicirlle que ¡home!, cando menos, esta xente que hoxe temos no Goberno, Partido Socialista, Podemos, apoiados polo Bloque Nacionalista Galego, non son capaces de facer o mantemento. ¡Imaxinen vostedes se tivesen que facer as autovías! Porque tiveron oca-sión de discorrer por esa autovía a semana pasada e ¡vaia saltos o coche!, ¡vaia saltos! Está toda chea de fochancas, ¡chea de fochancas!, ¡e vaia saltos o coche! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa sei que a vostedes isto non lles gusta, ¡xa sei que non lles gusta!

Polo cal, señora conselleira, coincido con vostede: se isto ocorre noutro punto do territorio, probablemente no País Vasco, negociarían con Bildu e terían arreglado. E a pregunta é a seguinte: ¿por que en todas as grandes obras a nivel nacional, en todas as autovías, se fan as pontes simultaneamente e por que a ponte do Castro non se quere facer simultaneamente?

Pois voulle dar eu xa a contestación: porque o único que se pretende desde o Goberno de España é castigar os galegos e as galegas porque Galicia non vota o Partido Socialista maioritariamente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Gra-zas.

O certo é que todo o que acontece en relación co viaduto da A-6 e co Goberno de España é un cúmulo de despropósitos. As explicacións dadas, dende logo, son insuficientes, son con-fusas e son contraditorias. E, ademais, todo o contexto que estamos a ver é que, dende logo, é imposible que o viaduto dirección a Madrid estea rematado neste ano 2023 e que tamén é imposible que o viaduto dirección A Coruña —que non se está tramitando no día de hoxe pola vía de emerxencia— estea rematado no ano 2024. Todo apunta, sendo realistas, a que a autovía A-6 non estará reconstruída, se segue este goberno en España, o ano 2028, por iso nos parece todo un cúmulo de despropósitos. Porque, ademais, unha ponte non cae de súpeto. A ponte avisou, o viaduto avisou, e por iso estaba pechado. Estaban facendo unhas obras de emerxencia, de rehabilitación, de 26 millóns de euros; estaba pechado para unhas obras de emerxencia de 26 millóns de euros —que, con 26 millóns de euros, xa se fai un viaduto novo—. Polo tanto, o viaduto avisou. Estaba pechado, fixéronse unhas obras de 26 millóns de euros e colapsou. E a reacción do Goberno de España pois aí está, nas hemerote-cas. Dende logo, o que pasa é que o Goberno central ten unha cadencia moi lenta cando se trata de infraestruturas.



Falaba vostede do mantemento, e así está. A A-6 ten que pasar a ser, como está sendo no día de hoxe, unha fochanca quilométrica para que o Goberno de España reaccione e ver se inicia un plan de conservación e mantemento. Porque o que temos na A-6 no día de hoxe é que, ademais de que a autovía está cortada e que os dous viadutos non existen, pois a A-6 se transformou nunha fochanca quilométrica na que é necesario actuar de forma urxente, xa non soamente por comodidade na condución, aínda que vaías a un ritmo lento, senón sobre todo por seguridade viaria de todos os usuarios.

É unha reflexión que, dende logo, necesita o Goberno de España, e necesitamos reaccións, porque o certo é que o que vemos con todo este problemón é unha ministra ausente; ausente porque non vemos implicación, ausente porque non vemos, dende logo, seguimento e ausente porque non vemos solucións; polo tanto, unha ministra ausente, que estará pendente doutras cousas noutros territorios, pero, dende logo, de Galicia, non.

E cuestionable é o que se fixo antes, pero o máis cuestionable é o que se fixo despois do colapso. Antes do colapso é cuestionable, pero moito máis cuestionable é o que se fixo despois do colapso.

Polo tanto, é vital a infraestrutura, a autovía da A-6. Precisamos e merece un trato especial e prioritario. É imprescindible, dende logo, que a reconstrución dos viadutos, dos dous, sexa simultánea e pola vía de emerxencia, e tamén é imprescindible que se destinen todos os medios humanos, materiais e maquinaria para axilizar os traballos en marcha, porque no día de hoxe o ritmo é ao paso do sapoconcho e necesitamos urxencia para a reconstrución da autovía A-6.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para protexer o conxunto muralístico de Urbano Lugrís do edificio en ruínas da rúa Olmos, da Coruña

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra dona Mercedes Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidenta.

Señor conselleiro, como vostede ben sabe, o pasado 24 de febreiro preguntámoslle na Comisión 4^a á directora xeral de Patrimonio Cultural que medidas de protección ía activar para o conxunto muralístico de Urbano Lugrís, que está no interior do edificio da rúa Olmos 25-27 da Coruña. Nós urxiámoslle actuacións de protección e conservación, como están a facer diferentes entidades e asociacións culturais da Coruña, porque eses murais están no baixo e no entresollado dun edificio en estado ruinoso, que está a comprometer a propia existencia destes murais.

A directora xeral recoñeceu o risco severo de perda dos murais do noso pintor surrealista máis senlleiro e comprometeuse a vixiar o cumprimento das obrigas de protección que lles



corresponden tanto aos propietarios do edificio como ao propio Concello, xa que estamos a falar dun ben moble e inmobile que ten catalogación patrimonial. Pois ben, catro meses despois daquela pregunta, ¿que é o que aconteceu?

En primeiro lugar, a Consellería ten na súa man un informe elaborado polos técnicos do Concello, que inspeccionaron recentemente o interior deste edificio, onde se alerta da «necesidade de intervir» —di literalmente— «de forma urxente para evitar un risco de deterioro inminente e irreversible».

En segundo lugar, á proposta da restauradora municipal de intervir nestes murais con urxencia, a Xunta respondeu non autorizando e demandando máis documentación. Mais a partir dese momento non se soubo máis nada de ningunha actuación nin por parte do concello nin por parte da Xunta.

En terceiro lugar, a asociación O Mural solicitoulle a Patrimonio a declaración BIC para estes murais —como xa se ten feito con algún outro mural de Urbano Lugo—, mais o certo é que antonte rematou ese prazo de seis meses que marca a lei sen obteren ningún tipo de resposta por parte da Xunta.

En cuarto lugar, a asociación O Mural, de novo, pediulle á Xunta por escrito que requirise ao concello a execución subsidiaria das obras de conservación do edificio, que son as que están a provocar esa deterioración dun xeito irreversible destas pinturas, sen tampouco obterer ningún tipo de resposta.

E, finalmente, en quinto lugar, esta asociación O Mural elevou nestes días pasados a denuncia á Valedora do Pobo derivada da inacción das administracións ante o que pode ser a perda irreparable desta parte do patrimonio cultural galego.

En definitiva, señor conselleiro —agradézolle a súa atención—, entre silencios e omisións, nestes catro meses... —non creo que me poida responder se non me atende— (*O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.*) ...avanzou o estado crítico do edificio, que pode virse abaixo en calquera momento —de feito, xa caeron partes da fachada á rúa— e avanzou o consecuente risco de perda definitiva dos murais de Urbano Lugo.

Por iso é que hoxe volvemos aquí preguntarlle a vostede directamente, señor conselleiro, como máximo responsable de cultura: ¿que medidas de protección vai activar de urxencia con este conxunto de doce murais de Urbano Lugo que están neste edificio ruinoso da rúa Olmos 25-27 da Coruña, ante o risco inminente de desaparición?

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas.



Señora deputada, a verdade é que lles estaba preguntando aos meus compañeiros se había negociacións abertas entre o Bloque Nacionalista Galego e o PSOE no Concello da Coruña, porque creo que ten moito que ver esa negociación; a min soábame que si; quizais estivera equivocado en se había abertas entre as dúas formacións políticas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E digo isto porque quero lanzar unha mensaxe de certa tranquilidade e poñer as cousas debidamente onde deben situarse en base a algo tan sinxelo como o marco competencial de cada unha das administracións. Eu non podo máis que compartir gran parte dos argumentos que dixo vostede, absolutamente; despois poñerei encima da mesa unha serie de datos que van demostrar o compromiso que ten esta administración, que ten a Xunta de Galicia, que ten o Partido Popular coa obra dun pintor surrealista — como vostede dixó — tan senlleiro e tan significativo para Galicia e para España como é Urbano Lugrís.

Pero tamén hai que ser xustos e dicir de quen son as responsabilidades públicas do que vostede acaba aquí de denunciar. Por iso digo que podo compartir o que dixó. O que non comparto é que intente trasladar a idea ou a imaxe de que estamos ante unha responsabilidade política directa da Xunta de Galicia. Dígollo polo seguinte. Vostede debe saber —ou sabe seguro— que estes murais están protexidos, están catalogados no Plan xeral de ordenación urbana do concello da Coruña, e están dentro do ámbito do PEPRI, (*Murmurios.*) do Plan especial de protección e reforma interior —chámase Cidade Vella-Pescadería—, onde estamos a falar dunha responsabilidade política administrativa do Concello da Coruña. Quen ten as competencias para conservar, valorar, informar sobre os bens patrimoniais dese espazo é o Concello da Coruña.

De feito —e proba do que acabo de dicir—, é que quen foi avaliar as condicións deste mural, quen tomou as primeiras medidas foron os técnicos municipais de patrimonio da cidade da Coruña, con quen vostedes —ata onde sabemos— están negociando. E, obviamente, dende a Xunta de Galicia os técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio póñense á disposición para negociar.

A partir de aí, a Xunta tamén un compromiso cun Lugrís. Estamos ampliando o museo de Bueu —nun concello do Bloque, como vostedes ben saben— para facer unha sala Lugrís. Aí imos facer unha sala específica para o pintor e poñer en exposición pública seis cadros, que practicamente vai ser quizais a sala expositiva máis grande de Lugrís.

Hai moi pouco tempo na Cidade da Cultura recuperamos un mural de Lugrís. Declaramos ben de interese cultural un mural moi cerca do que está aí, tamén de Lugrís; creo que é unha das obras máis senlleiras e máis significativas deste autor.

E, por suposto, eu creo que vostede sabe que, se estes bens están catalogados dentro do plan xeral, é porque os técnicos de Patrimonio obrigaron o concello no ano 2014 a que os incluían dentro do catálogo de protección.

Co cal intentar dicir que por parte da Xunta de Galicia hai unha despreocupación respecto disto é faltar á verdade. E, obviamente, se vostedes están en negociacións co Concello da Coruña para poder xestionar este concello, creo que mellor momento imposible...



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...para que o Concello da Coruña cumpra as súas competencias en materia patrimonial.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, ten novamente a palabra dona Mercedes.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, como vostede, mentres eu formulaba a pregunta, se dedicou a ignorarme e a falar cos seus compañeiros, loxicamente, non me puido responder ao que eu lle preguntei. (Aplausos.) É evidente, é evidente.

Polo tanto, vou seguir coas preguntas. E é: ¿que clase de protección é esa da que vostede me fala que permite e tolera e ampara a perda definitiva dos murais de Urbano Lugrís da rúa Olmos? ¿Que clase de Lei de patrimonio aprobaron vostedes —polo visto, de segunda— que pode ser incumplida por todos: polos propietarios do edificio, polo Concello da Coruña e pola propia Xunta de Galiza? ¿Que clase de conselleiro quere ser vostede que renuncia totalmente á supervisión da protección patrimonial, que é en esencia a súa razón de ser? Mentres vostede non actúa, o tempo corre á contra e causa estragos no edificio e, consecuentemente, nos doce murais de Urbano Lugrís.

E mire, esta historia estámolo vivindo xa por segunda vez, a historia repítese: un goberno desactivado e unha sociedade reactivada na defensa do patrimonio. Xa o vivimos precisamente na recuperación dese mural que vostede citaba, que agora podemos ver xusto enfrente do que eu lle estou a falar, que se chama *Vista da Coruña en 1669*. Lémbrolle que se salvou grazas á mobilización popular e grazas a unha demanda xudicial gañada no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que os obrigou a vostedes —a vostede como conselleiro— a incoar o expediente BIC. Por vostedes non o facían, podían telo feito de oficio, pero tiveron que facelo por sentenza e ademais pagando as custas. ¡Que caro nos sae perder o patrimonio co Partido Popular e tamén que caro nos sae conservalo! Temos un patrimonio cultural moi por riba das posibilidades que lle ofrece este goberno do Partido Popular. Temos un goberno que non está á altura do patrimonio, que debe protexer ademais polo artigo 32 do Estatuto de autonomía.

Mire, a cultura fainos mellores. Iso é no que acreditamos no BNG. E na protección do patrimonio de Urbano Lugrís, desde logo, vostedes teñen moitísima marxe de mellora. Polo tanto, agora, que polo menos de momento parece que vostede non foi agraciado cun boleto para esta fuxida cara á Corte, díganos, por favor: ¿que vai facer para protexer e conservar os doce murais que están na rúa Olmos de Urbano Lugrís? ¿Que vai facer?



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ¿Vai declaralos...? (A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Réplica do Goberno, señor Román.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Señora deputada, estes bens están protexidos, están catalogados, están no plan xeral. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Xa se ve, efectivamente, xa se ve. ¿Quen ten a obriga administrativa, a competencia administrativa de preservalos, de protexelos e de velar pola súa integridade? ¿Quen a ten? Os seus socios.

Creo que vostede, no seu afán de facer crítica ao Partido Popular e á Xunta de Galicia, se equivoca e non sabe que a obriga legal pola catalogación urbanística —que, por certo, foi impulsada pola Xunta de Galicia no ano que lle dixen— é do Concello da Coruña. Déixase levar polo ímpeto e equivócase radicalmente referente a quen ten a obrigación administrativa e a competencia administrativa de facelo, que é o Concello da Coruña, que van ser os seus socios.

Se quere, eu tomo nota e transmítollo ao Partido Socialista, que son os seus socios; pódoo facer, non me importa nada. Seguramente calquera persoa con sentido común faría o que eu fago, pero equivócanse radicalmente.

E mire vostede, sobre o compromiso con Lugo —xa llo dixen antes—, non hai Administración que teña feito tanto por Lugo como o está facendo neste momento a Xunta de Galicia. Precisamente aquí aprobamos unha iniciativa de xeito unánime para potenciar a figura de Lugo, un dos grandes artistas máis senlleiros pois da última Galicia.

E quen ten a responsabilidade administrativa de protexer ese ben que vostede sinala, eses bens, é, conforme o marco legal e o marco urbanístico, o Concello da Coruña, no que vostedes queren ser os seus socios. Se vostedes queren ser o socio do Concello da Coruña e lle piden responsabilidade á Administración autonómica respecto dunha cuestión que ten que ver co Concello da Coruña, que é competencia do Concello da Coruña, ¡home!, eu supoño que, se están os negociadores escoitando a vostede, dirán: aquí algo falla, estes socios non son de fiar; ou, se están equivocados, aquí algo falla.

En todo caso, eu entendo que vostede queira dalgún xeito sacar a súa liña. Pero tamén lle podo dicir o seguinte: a incoación dun expediente BIC non é algo arbitrario. No seu momento presentouse unha declaración para facer precisamente esas obras BIC. (A señora Queixas Zas móstralle ao señor conselleiro unha fotografía.) No plantexamento feito non foron capaces de dilucidar se tiñan os valores senlleiros necesarios para poder facelo. Agora, o propio Concello da Coruña, señora deputada, anunciou que ía facer un expediente de declaración BIC e levarllo á Dirección Xeral de Patrimonio, que é quen resolve. Se os técnicos que elaboran ese



expediente o fan dun xeito que acredite que é merecente —igual que outros moi preto de aí—, será declarado.

Pero eu creo que se equivoca. Vostedes están tan obsesionados co Partido Popular e coa Xunta de Galicia que se equivocan dun xeito tan radical e non se dan conta de que neste caso quen ten a competencia urbanística, patrimonial e administrativa son aqueles dos que vostedes desexan e anhelan ser os seus socios. (*Murmurios.*) Faga vostede esa pregunta...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...cara aos seus socios no Concello da Coruña... (*O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.*)

(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonso e D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia para restaurar e poñer en valor o conxunto patrimonial formado polo cruceiro, a fonte e a ermida de Santa Margarida do Val, no concello de Narón

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Fernández, por tres minutos.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: A capela de Santa Margarida do Val, no concello de Narón, fai parte dunha rede de capelas da orde de San Xoán, idéntica á igrexa de Santo André de Teixido, antes de que a reformaran. E forma, xunto cos demais elementos que a rodean, unha fonte e un cruceiro, unha das xoias do patrimonio histórico da comarca de Ferrol.

A capela data do primeiro terzo do século XVI, puido ser construída por Fernando de Andrade e a súa esposa Inés de Castro e Lanzós, e na súa portada figuran o porco bravo e a banda engolada, símbolos heráldicos dos Andrade. No seu día foi hospedaxe e hospital para os peregrinos que se dirixían a Santo André e que facían o Camiño baixo a protección da orde de San Xoán.

No lugar hai tamén un cruceiro, coa base feita de granito e a columna e a cruz feitas de toelo, tamén coñecida como pedra de Moeche, un tipo de pedra procedente do manto terrestre situado a máis de 70 quilómetros de profundidade e que por diversos procesos xeolóxicos se pode atopar na superficie, iso si, case exclusivamente nas proximidades de Moeche.

E tamén hai unha fonte, unha fonte milagreira igual que a de Santo André de Teixido. A fonte, toda de pedra, ten a cruz de San Xoán feita en relevo e conta con dous canos con forma de peitos: un, o de Santa Lucía —ao que se lle atribúe o poder de curar males relacionados coa vista— e outro de Santa Margarida —ao que se lles atribúen poderes relacionados coa fertilidade—.



Trátase dun conxunto patrimonial, histórico, artístico e etnográfico da máxima relevancia que hoxe está nun estado lamentábel, sobre todo a ermida, absolutamente degradada, até o punto de non poder celebrarse ningún acto litúrxico no seu interior, como viña sendo habitual polas festas patronais.

A restauración da capela, ademais de ser unha urxencia para veciños e veciñas, sería a ocasión para retirar elementos alleos, como un cadro eléctrico nun dos laterais ou a uralita do tellado. Sería a ocasión para poñer en valor todo o conxunto, para recuperar as tradicións ou a feira que se celebraba neste lugar, e para dar a coñecer, tanto á poboación da comarca como ás persoas que nos visitan, dun xeito moi directo e moi gráfico, como se produce a evolución cultural a través das súas diferentes manifestacións, como o cristianismo integrou tradicións e lugares de culto anteriores, neste caso igual que en Santo André de Teixido e tantos outros sitios do noso país, unha fonte milagreira destino de peregrinación polos seus poderes e integrada ou cristianizada coa construción no mesmo lugar dunha ermida, que, por suposto, respecta a tradición das visitas á fonte, facendo que pervivan dun xeito popular durante moitos séculos e practicamente até os nosos días os ritos e tradicións de orixe celtoatlántica, o que fai deste conxunto de Santa Margarida do Val (ermida, cruceiro e fonte) unha aula excepcional, non virtual senón material, unha aula viva e popular das orixes da nosa cultura.

Por estas razóns, desde o BNG queremos preguntarlle se a Xunta de Galiza ten algún plan para restaurar e poñer en valor o conxunto patrimonial da ermida de Santa Margarida do Val.

Máis nada e obrigado.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para contestar, ten a palabra o señor Román.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor deputado.

A verdade é que quixera comezar agradecéndolle a súa preocupación polo patrimonio eclesiástico deste país. E dígoo porque en moitísimas ocasións —e eu xa levo bastante tempo nesta Casa— teño escoitado sempre cuestionar por parte do Bloque Nacionalista Galego as intervencións de rehabilitación patrimonial que se fan nos bens eclesiásticos, que se fan nos bens da Igrexa, sempre dicindo: non, iso da Igrexa, que o arregle a Igrexa.

Vemos que hai un cambio de tendencia, vemos que certo sentido común parece que se ve nesta pregunta, o cal agradecemos. É a primeira vez que, en vez de vostedes criticar por que se fan rehabilitacións en bens patrimoniais da Igrexa, pois o solicitan. O cal agradezo e o cal poño en positivo.

O segundo que quero tamén poñer en evidencia é que, obviamente, vostede entenderá, cando chega unha pregunta así, que eu lles pregunte aos nosos servizos técnicos: ¿que pasa aquí?



E, curiosamente, non hai ningunha demanda do concello, non hai ningunha demanda da parroquia, non hai ningunha demanda dos veciños, non existiu tampouco ningún debate municipal no pleno de Narón. Entón, ¿que pasa? ¿A que vén esta pregunta? *(Risos.)* Pregúntome francamente cal é a motivación de facer esta pregunta.

A min chegaronme a dicir: é que o Concello de Narón pois ten as súas propias dinámicas, pero obviamente non aparece en ningún sitio, non hai unha reclamación do concello, non hai unha reclamación do Bispado de Mondoñedo, non hai nada en ningún caso. Vostedes tráeno aquí e agradecemos que o traian. Porque é a primeira vez que hai constancia disto, o cal é tremendamente positivo.

Tamén é certo que, se é algo que só lle preocupa ao BNG, porque non lle preocupa nin ao bispado nin ao concello nin á parroquia nin a ninguén en concreto, tamén vostedes, que gobernaron e aspiran a gobernar a Deputación da Coruña e teñen área de patrimonio, ben a podían arreglar vostedes. *(Murmurios.)* ¿Ou non? Eu creo que sería moi positivo que o BNG rompese de verdade esas cadeas ideolóxicas e rehabilitase un ben eclesiástico con fondos neste caso xestionados por vostedes.

Pero esa é a realidade: non existe na Administración autonómica ningunha petición, ningunha demanda por parte de ninguén, salvo o que vostede trae aquí, que, segundo nos din, responde ás dinámicas particulares dun concello como o Concello de Narón.

En todo caso, agradecemos a preocupación. Somos conscientes da importancia deste recinto, e a verdade, como xa dixen, é que nin pola parte da Diocese de Mondoñedo-Ferrol nin do concello hai ningunha denuncia, non hai ningunha información, salvo isto que vostede nos plantexa. Pois será unha forma novidosa de xestionar as rehabilitacións patrimoniais, que, por certo, compartimos e entendemos que son moi necesarias.

De feito, en Narón estamos facendo unha rehabilitación na igrexa de Xubia, practicamente 180.000 euros para rehabilitar a igrexa de Xubia. Que non se adopta esta decisión por conceptos arbitrarios, senón en base ás necesidades técnicas.

Creo que neste ámbito e no ámbito da conservación patrimonial hai que ser moi respectuosos. Agradecemos a súa preocupación polos bens da Igrexa, pero pedímoslle que, se só é unha cuestión do BNG, vostedes teñen unha ferramenta administrativa e orzamentaria na Deputación da Coruña e que o poden executar perfectamente...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...e terán toda a nosa axuda.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para réplica, dous minutos.



O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Señor conselleiro, a verdade é que me acaba de deixar absolutamente anonadado. Non sei como darlle unha contestación. Que vostede agradece, que se o BNG se preocupa, agradece a nosa preocupación pola recuperación dos bens eclesiásticos, se isto é unha cousa nada máis que do BNG, a ver entón que pasa, que vaia á Deputación da Coruña... ¡Oia!, ¿e vostede, que? *(Risos.) (Aplausos.)*

Xa explicou aquí que isto non lle preocupa a ninguén máis que ao BNG, pero resulta que a titularidade das competencias para restaurar a ermida é súa. E teñen unha comisión entre a Consellería de Educación e de Cultura coa Igrexa para avaliar a situación dos templos, o acceso do público, etc., etc. Entón, faga o favor de dicirnos se si ou se non. Porque fíxese vostede que eu traía intención incluso de invitalo a ir á festa, *(Risos.)* que é para dentro de pouco; é na primeira semana de xullo, celebran alí as festas patronais, este ano non o van poder celebrar na ermida de Santa Margarida, precisamente porque está en estado ruinoso e pode caerlle algo a alguén na cabeza; entón, trasládanse para a igrexa de Santa María do Val.

E aínda así, fíxese: tanto a asociación de veciños do Val, os Irmandiños, como a comisión de festas de Santa Margarida o invitan a vostede —e o BNG de Narón tamén— a pasar por alí, polas festas, visitar o lugar —a ver se desta maneira conseguimos que xa non sexa unha cuestión nada máis que do BNG, ¿vale?—, para que se entere do que hai alí, do que vale, do seu valor patrimonial.

E non sei que máis dicir. Por favor, traia cartos, traia cartos, *(Risos.)* pero para restaurar a ermida. Non se preocupe, que o toldo o pagamos nós. *(Risos.)*

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Ben, vostede invíteme á festa, que, seguramente, se teño oportunidade, irei. E aí preguntareilles aos membros da comisión Igrexa-Patrimonio —que, por certo, presidido eu— *(Risos.) (Murmurios.)* se hai algunha demanda respecto desta igrexa. Porque, a verdade, nin a diocese nin o concello nin os veciños nunca plantexaron nada sobre isto, salvo o BNG.

Ben, o BNG presidía, con moita fachenda, con moitísima fachenda, ¡eh!, eran vicepresidentes da Deputación da Coruña e non meteron nin un euro aí, nin un; que eu saiba, nin un, ¡eh!, nin un. E vostede vén aquí e pregunta ¿que?

¡Oia!, eu xa lle dixen: nós estamos na igrexa de Xubia. Temos 170.000 euros. Ben, algo de credibilidade poderemos ter. Agora, vostede o que se dedica é a pedir pero non a facer. Iso é fantástico. *(Aplausos.)* Vostede dedícase a pedir e a non facer absolutamente nada, cando lle é moi fácil. Se esta rehabilitación lle preocupa á comisión de festas, como vostede dixo, ¡oia!, é que non temos ningunha noticia.



Este é un procedemento administrativo absolutamente innovador e novidoso. Non sei se isto vai ser así no futuro, pero realmente eu aprémioos a que, se esta preocupación tan profunda por este patrimonio eclesiástico é certa no BNG, que actúen, que executen, porque teñen presuposto. ¿Ou non teñen presuposto? ¿Ou a Deputación de Coruña non ten presuposto?

Agora, se non existe petición nesa comisión que vostede cita, que eu presido, se aí non se di nada, (*Murmurios.*) se aí non se di nada, se nunca se nos comentou nada, se nunca a diocese dixo nada, se nunca o concello dixo nada, vostede vén aquí e o di, ben, pois eu fágoille caso e confío en vostede, porque eu son bo cristián e confío en vostede (*Risos.*) e non creo que vostede diga mentira. Pero, ¡por favor!, ¡por favor!, ¡por favor!, vaia vostede entón ao organismo que vostede desexa que o poña en marcha e fináncieo. ¿Ou vostede pensa que se na Diocese de Mondoñedo-Ferrol, na que, por certo, acabamos de poñer en marcha intervencións significativas no concello de Ferrol, igual que poñemos no concello de Narón, tivesen algunha demanda específica, iamos facer oídos xordos? Non, de ningún xeito, de ningunha maneira. Pero vostedes chegan aquí todos cheos de razón e empezan a dicir algo que realmente non deixa máis que sorprendeme.

Eu pídoille e solícitolle e rógoille incluso, como representantes significativos do BNG que aspiran a vicepresidir a Deputación da Coruña, que fagan un investimento nun ben que, ata onde nós sabemos, só lles preocupa a vostedes. Nós aplaudirémolo.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Nós aplaudirémolo e nós estaremos ao seu carón. Pero, de verdade, é que isto é tirar a pedra, non é tirar a pedra e esconder a man, isto é tirar a pedra e esconder todo o corpo, señorías.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

(*Aplausos.*)

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a creación de centros 24 horas de atención integral a vítimas de violencia sexual en toda Galicia

(*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor.

Para formular a pregunta, ten a palabra dona Noa Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Boa tarde, señora conselleira.

Eu quería comezar desexándolle moitos éxitos na súa nova carteira competencial do Goberno e agradecendo ademais o seu ton cordial, practicamente sempre —é certo que algunha vez



non —, nas súas intervencións como conselleira de Igualdade. Deséxolle tamén moitos éxitos á súa sucesora, porque serán tamén os de todas as mulleres galegas.

Dito isto, teño que dicirlle que lamento que nesta probablemente a súa derradeira sesión parlamentaria como conselleira de Igualdade teña que despedirse coa vergoña do pacto que onte o seu partido rubricaba coa extrema dereita na Comunidade Valenciana, un pacto co que lle quentan o sillón do Congreso a un individuo condenado por violencia brutal contra a súa exparella. (*Aplausos.*)

E, señora conselleira, pretenderán agora mirar a outro lado, pero están vostedes premiando nas institucións xa non a quen nega a violencia machista, senón a quen a exerce, tal e como ben dixo onte o ministro Miquel Iceta. Realmente, unha vergoña. Ben, vergoña tiña que lles dar, pero, en fin, nós imos á pregunta.

Pese a que vostede xa manifestou en varias ocasións que non cre nestes centros de crise 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual, a Administración autonómica galega está obrigada, como todas, á súa creación en cada provincia, en función da Lei estatal de liberdade sexual, aprobada a finais do pasado ano.

Tamén o propio Convenio de Istambul insta a tomar medidas necesarias para a protección e a asistencia a todas as vítimas, a promover ademais a creación de centros de axuda de emerxencia, para —como digo— estas mulleres vítimas de violencias sexuais.

Para a creación destes centros o Goberno do Estado dispón para Galicia dun total de preto de 6 millóns de euros, procedentes dos fondos europeos do mecanismo de recuperación e resiliencia.

Coñeciamos a finais de febreiro que a súa consellería e a de Sanidade asinaban un acordo de colaboración para a habilitación en hospitais dos espazos destinados a estes centros 24 horas de atención integral a estas vítimas de violencia sexual; unha decisión esa de instalala en centros hospitalarios que a priori non discutimos polo aproveitamento de sinerxías que pode supor.

Estes centros, para o que Igualdade transfere a Sanidade un total de 2 millóns de euros, comezarán —segundo dicía esta nota de prensa— polas áreas sanitarias de Ferrol, Lugo, Santiago e Vigo.

Claro, a nós resúltanos incomprendible que nestes centros que deberan estar configurados nas catro provincias galegas esquezan vostedes de entrada toda a provincia de Ourense, así como as áreas de Pontevedra e A Coruña, que non van dispor destes recursos fundamentais para asistir vítimas de violencia sexual.

Sabemos que o prazo para a súa constitución —é certo— remata o 31 de decembro, pero queremos saber cal é a razón de non crear estes centros 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual de forma homoxénea en toda Galicia, por que se marxina toda a provincia de Ourense, así como ás áreas sanitarias de Pontevedra e A Coruña.



Nada máis.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra a señora conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidenta.

Grazas, señora Díaz, en primeiro lugar polas súas palabras e pola sorte que nos desexa, eu creo que a Galicia, no novo departamento que vou ocupar.

En primeiro lugar, aclarar: eu non dixen que estou en contra dos centros como tal, senón do modelo, da organización que se estaba plantexando por parte do ministerio. E, ademais, vouno explicar, porque non se coñecen —creo— todos os datos de como foi esta xestión.

A Xunta de Galicia vai facer unha instalación homoxénea en todas as provincias; iso xa llo garanto aquí. O que hai nese acordo é o comezo, e dío así: comezaremos por esas áreas. Entón, garantir que estes recursos van estar configurados de xeito absolutamente homoxéneo e en todas as provincias. É dicir, que imos actuar en tempo e imos actuar en forma.

Ben, na pregunta escrita falaba, eu creo que faláron nalgún medio de comunicación —non digo vostedes, ¡eh!—, de xuño. Esa data non existiu nunca. A data inicial era o 31 de decembro se se financiaban co MRR, co mecanismo de recuperación. Agora mesmo está solicitada, porque hai varias comunidades autónomas que non chegan —non é o caso de Galicia—, pero está solicitada unha prórroga ao 2026. Iso vaia por diante.

E, como digo, actuamos en tempo e actuamos en forma. É dicir, vaise facer, a exixencia ao ministerio, un centro por provincia. Galicia vai facer máis dun centro por provincia, pero dende logo vaise cumprir o que está dicindo o ministerio. Actualmente hai cinco que están xa asegurados e traballando neles —agora lle dou conta—, pero son Santiago, Lugo, Ourense, Vigo e Ferrol. E nese acordo coa Consellería de Sanidade fíxose unha primeira transferencia de crédito.

Digo: foi moi complicada a xestión destes centros, en primeiro lugar porque se cambiou o criterio de execución. É dicir, primeiro podía financiarse o persoal, os servizos e tamén as infraestruturas; despois díxose polo ministerio que non se podía financiar o persoal, co cal con fondos da consellería hai que asumir os gastos do persoal.

Por outro lado, imos ver que sobra polo tanto do orzamento para os gastos de persoal, que son case 3 millóns de euros. Fíxose unha consulta ao ministerio para saber se se podían financiar infraestruturas seguras en estradas, tamén para previr o acoso e as agresións sexuais. Fíxose esta pregunta verbalmente. Díxose que non, que non se consideraba elixible e que habería que devolver os fondos. E fíxose por escrito e estamos esperando a resposta. O cal nos parece pois unha verdadeira mágoa.



Fíxose unha advertencia de 21 persoas mínimo por centro, que era unha auténtica barbaridade, ademais non financiando o persoal. Actualmente xa se corrixiu. En Galicia serán 7 persoas titulares. E o que lle podo garantir é que agora mesmo xa está licitado dende o pasado 8 de xuño o persoal destes centros, por valor de 2.253.000 euros; está ese acordo de Sanidade.

E están xa os centros de Vigo, xa está publicada a licitación, 375.000 euros; o de Ferrol xa está a piques de rematar a tramitación do expediente de contratación, 140.000 euros; xa está presupostado o de Lugo, no Complexo Hospitalario de Lugo, 484.000 euros, e tamén agora mesmo están traballando na presupostación xa dos proxectos de Ourense, que irá tamén no Centro Hospitalario de Ourense, e en Santiago tamén no Complexo Hospitalario.

Nada máis.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. Ten un segundo turno agora.

Para a réplica, ten novamente a palabra dona Noa Susana.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, conselleira.

Alegrámonos de que xa teñan incorporado Ourense nesas previsións iniciais, aínda que nós pensamos que o lóxico sería actuar de urxencia, como digo, e implantar de maneira simultánea nas catro provincias galegas, pero nese sete centros, ou dar resposta a esas sete áreas sanitarias con estes centros de crise.

Fala vostede de Vigo, Ferrol, Lugo, Ourense e Santiago. Para eses catro si que dixó que ían estar nos hospitais. Non dixó nada de Vigo e creo que tampouco lle entendían de Ferrol; non sei se me pode dicir se tamén vai estar neses centros hospitalarios.

A nós gustaríanos saber cales son as eivas que existen para que non se acorde xa crear nos centros, nas áreas sanitarias que faltan, que neste caso serían dúas, porque —xa o dixó vostede— orzamento teñen.

E tamén nos gustaría saber, finalmente, aínda que xa avanzou algo, en que teñen previsto gastar eses 4 millóns que aínda quedan, aínda que quedan dous centros, e se de 500 gastaron dous para dous centros, aínda teñen catro.

E unha dúbida máis tamén: ¿como pesan conformar estes centros, que están localizados, como xa dixó, nun espazo hospitalario, para que as vítimas, e non só as vítimas, que sabemos que estes centros están configurados tamén para as persoas da súa contorna próxima, para os seus familiares, para a xente que as acompañan, teñan tamén a atención psicolóxica e xurídica inmediata? Queremos saber como van facer iso, como van conformalo.

Porque mire, señora conselleira, no ano 2022 en Galicia xulgáronse dúas persoas á semana por delitos sexuais, e digo aquí só os casos que chegan ao xulgado, que sabe vostede que son unha ínfima parte.



O presidente do Tribunal Superior de Xustiza alertaba hai escasos días do aumento das infraccións penais por parte de menores en delitos de agresión sexual, e non só sabe vostede, que seguen anotando as persoas expertas, que falan de que, lonxe de ir a menos, está a experimentar a violencia sexual un incremento exponencial.

E este é un problema ante o que o Goberno galego non pode permanecer como espectador pasivo, e faltan políticas de prevención neste senso, señora conselleira; non o pode negar. Así que, a falla destas políticas de prevención, benvidas sexan as de asistencia e protección ás vítimas, pero —repito— traballen a prevención e cumpran o prometido por Feijóo e deixen de dar cabida nas institucións a quen —repito— non só nega a violencia machista senón que a practica.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, por tres minutos novamente.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Vigo e Ferrol, é que falei moi rápido —eu creo—, son os que van máis avanzados. Respecto do centro de Vigo o 2 de xuño publicábase a licitación da obra de acondicionamento no Hospital Álvaro Cunqueiro, 375.531,41 euros de orzamento; e no Hospital Profesor Novoa Santos-Complexo Hospitalario de Ferrol, proxecto técnico a piques de rematar a tramitación administrativa do expediente de contratación, o proxecto técnico está feito e o expediente de contratación, 141.108 euros.

Despois, en canto a como se van estruturar, o que lle dicía inicialmente é que se propoñían esas 21 persoas e agora mesmo permítese adaptar xa polo ministerio a cada territorio, a cada comunidade autónoma. A proposta inicial, e que por suposto se poderá aumentar se se vise necesario, é un equipo multidisciplinar de 7 persoas tituladas por centro. Vai haber 2 en traballo social, 3 en psicoloxía, 1 en dereito e 1 auxiliar administrativo, co cal ese é o equipo inicial co que, si ou si, van contar todos os centros.

E ¿que imos facer co resto dos cartos? Por suposto que está previsto tamén facelo no Complexo Hospitalario da Coruña, pero, como sabe, hai unha remodelación do hospital, co cal irá aí; non ten sentido que eu o anuncie agora. Eu estou falándolle do que está asegurado a día de hoxe.

A previsión esperamos que sexa así e que se prorrogue a execución ata o ano 2026, co cal a previsión que ten o Goberno, dende logo, é continuar traballando para que poidan existir en todas as áreas sanitarias, e se non, estamos intentando propor, como lle digo, outras medidas que entendemos que tamén son centros ou lugares que loitan contra a violencia sexual e as agresións sexuais.

Se non se permite nin prorrogar os prazos nin tampouco facer ese investimento, nin tampouco financiar ese persoal, o cal, por certo, resulta bastante absurdo, que se financie, se



realice unha operación, unha programación en toda España duns centros e logo se financie finalmente soamente o ladrillo, pero o persoal parece non ter relevancia, os centros parece que funcionan sós. E máxime que se diga que funcionan con 21 persoas inicialmente de xeito obrigatorio e sen poñer un euro por parte do Estado.

Entón, por iso é polo que eu non estou de acordo en como se fixo a organización ou o modelo. Eu creo que está feito sen moito sentido común, sinceramente, non pensando nas mulleres senón pensando exclusivamente en facer un anuncio duns centros de crise e a partir de aí que as comunidades autónomas se arreglen.

Nós creo que o estamos facendo con todo o sentido común que podemos. Fixemos ese acordo con Sanidade, porque entendemos que é o mellor para Galicia, para que queden eses centros instaurados nos hospitais, e a partir de aí pois financiaremos evidentemente con fondos da propia Comunidade Autónoma o persoal.

Eu si quero chamar a atención, simplemente, sobre que nós xa levamos traballando na violencia sexual, como fórmula de violencia de xénero, moito antes de que se puxesen en marcha estes centros de crise. Recordar a consideración da violencia sexual como violencia de xénero, recordar os programas de intervención con mulleres vítimas de abuso e de violencia sexual, toda a prevención que se está facendo coa mocidade nos lugares de traballo e tamén, por suposto, o protocolo de submisión química e o protocolo de seguridade contra as agresións sexuais do que falamos no pleno da pasada semana.

Nada máis, moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos coa pregunta no apartado 7.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as consideracións da Xunta de Galicia respecto do impulso dunha mellora na protección das mulleres en situación de violencia machista

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta, e boa tarde, conselleira.

A semana pasada, como saben, mataron a Ana Vanesa Serén, en Oia. Foi a segunda muller asasinada pola violencia machista no que vai de ano no noso país. Se seguiron un pouco o caso a través dos medios de comunicación, verían que Ana Vanesa fixo todo o que lle pedimos que fixera como sociedade: presentou unha denuncia, reclamou unhas medidas de protección e tiña unha orde de protección que fixaba unha distancia máxima de 300 metros do seu agresor, decretada pola Xustiza, e unha valoración policial de risco catalogada como medio. Aínda así, matouna. E nós cremos que algo falla; dígoo con absoluta franqueza.



Algo falla cando, despois de denunciar e cunha orde de afastamento en vigor, o teu asasino pode esperar por ti durante horas, metido nunha furgoneta, á porta do teu posto de traballo, para matarte a tiros. E nós, no BNG, pensamos que algo non estamos facendo ben, e preguntámonos que é o que está fallando.

Formulamos hoxe esta pregunta, conselleira, porque temos claro que o peor que podemos facer como sociedade é ir afacéndonos aos asasinatos machistas e ir acostumándonos a contar as mulleres asasinadas e a sumalas nunha estatística. O peor que podemos facer é acostumarnos e, sobre todo, olvidarnos delas. Cremos que ten que remexernos por dentro, a toda a sociedade galega, non só ás persoas que integramos esta cámara.

Hoxe preguntámoslle que medidas cre a Xunta de Galiza que poderían impulsarse para garantir unha mellor protección das mulleres en situación de violencia machista, e centrámolo, sobre todo, naquelas que, como Ana Vanesa, fan todo o que lles pedimos como sociedade que fagan, aquelas que teñen unha denuncia presentada e unha orde de protección e unha orde de afastamento en vigor.

Pero, como sempre facemos no BNG, tamén queremos trasladarlle unha serie de propostas, catro concretamente, unha para reclamarlle á Xunta, pero tamén para que vostedes insten ás autoridades competentes a nivel estatal.

A primeira é modificar o sistema VioGén para mellorar o grao de eficiencia e de eficacia. É un formulario dixital, ríxido, que non serve para o que é, para o que foi pensado. É necesario completar esas valoracións policiais con informes forenses de valoración de risco de carácter urxente.

E aí vai a competencia da Xunta. Necesitamos reforzar e ampliar as plantillas dos servizos do Imelga para garantir que contan cos recursos públicos (materiais, humanos e económicos) necesarios para realizar estas tarefas de maneira urxente, rápida, e desatascando o colapso que hai hoxe, e estender os mecanismos de xeolocalización dos agresores a partir dos casos catalogados como de nivel risco medio, non só activalos nos graves, propostas á fin e ao cabo para garantir unha maior protección, que lles trasladamos e que lles pedimos que cumbran e que exixan.

Máis nada.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente, e grazas, señora Rodil.

Ben, manifestar, unha vez máis, a absoluta condena polo asasinato da Ana Vanesa Serén, e tamén quero recordar a Beatriz Lijó, que foi a primeira vítima, por desgracia, este ano dun terrible crime tamén de violencia machista.



Estou moi de acordo en parte das cousas que dixo sobre as consideracións, e creo, ademais —díxeno publicamente—, que dende logo había que aprender por desgracia do sucedido, e temos que sacar consecuencias. A clave, na miña modesta opinión, está na modificación do sistema VioGén, e por iso lle digo que estou moi de acordo co que me está dicindo.

O sistema —sabe e non acostumo, creo, a sacar competencias— depende claramente do Ministerio do Interior, é un sistema moi antigo para o que estamos falando, hai dezaseis anos que se creou. É unha aplicación web que se creou dependente da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior, e hai agora mesmo xa unha auditoría feita onde máis do 80 por cento das mulleres manifestan que ten problemas con ese formulario, o 48 por cento avalía negativamente a experiencia. Son datos todos eles moi reveladores.

Eu quero dicir que nós, o Partido Popular, instou no Congreso dos Deputados e advertiu precisamente no ano 2023 sobre a necesidade de mellorar o sistema, o funcionamento de VioGén, e actualizar a valoración, nunha proposición non de lei que foi acordada no Congreso.

En diferentes ocasións temos manifestado as distintas comunidades, e tamén por distintos representantes, en conferencia sectorial de igualdade, que se pon de manifesto a necesidade de actualizar a valoración do risco por parte do Estado. Fíxose tamén nun documento polo que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres, fíxoo a presidenta do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, co cal pois eu o que creo é que falta ese desenvolvemento que estamos advertindo dende todas as partes e que parece que non advirten os ministerios —digamos— que están implicados nesta cuestión, que ao final é unha coordinación —penso eu— do Ministerio do Interior e tamén do Ministerio de Xustiza, e por suposto do Ministerio de Igualdade, que debería de estar defendendo isto no Goberno da nación, sen lugar a ningunha dúbida.

Na miña modesta opinión tamén, non pode ser que se tomen medidas tendo en conta a percepción do risco que ten a vítima, cando pois case o 80 por cento das mulleres vítimas non denuncian ou tardan anos en facelo. Esa é, sen dúbida ningunha, a problemática maior que ten o sistema, porque as vítimas van minimizar os riscos, e polo tanto non funciona.

Eu creo, sen dúbida, que a responsabilidade do crime é evidente que é de quen o fixo, pero tamén a responsabilidade das institucións é protexer as vítimas. Polo tanto, creo que dunha vez por todas hai que utilizar os mecanismos que temos, hai que coordinarnos os ministerios implicados, e por suposto toda a coordinación, a colaboración, e, se ten que ser, pór máis medios no Imelga; ese non vai ser o problema; creo que o problema é claro e está superdetectado e niso é no que hai que traballar.

Nada máis, grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodil.



A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, grazas, presidente.

Grazas, conselleira.

Eu coincido na necesaria reforma do VioGén, comentábao ao comezo, pero cremos tamén que hai que activar outras ferramentas que hoxe xa se poden solicitar, como eran eses informes forenses de valoración que poden pedir os xulgados, pero que non se están solicitando con carácter xeral, e que permitirían facer unha valoración moito máis integral, moito máis personalizada e axustada ás necesidades da propia muller en situación de violencia machista.

Para nós, para o BNG, é fundamental garantir esa protección cando temos constancia de que hai unha situación de violencia machista, cando as mulleres están no sistema para que nos entendamos, pero, efectivamente, sabemos que só se denuncia unha mínima parte, só o 20 por cento dos casos afloran.

Por iso nós cremos —e así traballamos desde o BNG— nun triplo enfoque: un é a garantía do sistema de protección e a súa mellora nos casos que coñecemos, pero, en segundo lugar, hai que facer aflorar todos eses casos de violencia machista que non son denunciados. E agora que entraba o conselleiro de Sanidade aí xoga un papel fundamental a atención primaria, por exemplo, porque por sorte ou desgraza todas e todos pasamos polo médico de cabeceira, algunhas con máis acerto ou menos, que hai poucos profesionais, pero xogan un papel fundamental á hora de ver como se poden repetir situacións que non se denuncian como violencia machista pero que están —digamos— somatizando eses casos de maltrato.

E logo para nós a terceira cuestión que é fundamental é a prevención, como se falaba hai un momento, que é educar, educar na erradicación das formas que sosteñen e son a base do machismo que nos mata, do sistema patriarcal que nos oprime, que nos asasina, e aí, conselleira, o primeiro que temos que facer é non normalizar nunca e en ningún sitio a quen nega a existencia da violencia contra as mulleres, ¡nunca e en ningún sitio! (*Aplausos.*)

E a segunda cuestión que é fundamental é garantir a educación en igualdade nas escolas. Onte sorprendíanos coñecer a noticia de que se suprime a optativa —que era o único que había— da materia de Igualdade.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Antes de que marche da Consellería, a ver se... (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.



Imos por partes. Eu voulle facer outra petición, xa que vostede ma fai a min. Vostedes están no Congreso dos Deputados e o seu representante en Madrid tamén pode trasladar isto no Congreso dos Deputados.

E as preguntas relacionadas coa igualdade que están facendo vostedes son un 0,2 por cento das iniciativas. De 980 iniciativas, 2 son sobre violencia de xénero e 4 sobre igualdade. (*Murmurios*.) E resulta que, polo que preguntan, é polo acceso aos premios de teses doutorais sobre a violencia de xénero noutras linguas oficiais e unha sobre a creación dos tres novos xulgados de violencia de xénero.

Creo que podemos insistir entre todos, porque vostede me vén preguntar aquí por unha cuestión que nun 90 por cento —e creo que o sabemos as dúas— é competencia dos tres ministerios, ou dun máis que doutro, pero dende logo en coordinación de ministros que sentan no mesmo consello. Así que, isto creo que tamén é labor seu en todas as sedes... E o Partido Popular, como lle digo, xa fixemos no Congreso dos Deputados esa iniciativa.

Respecto do conselleiro de Sanidade, temos un protocolo porque cremos —efectivamente, eu estou totalmente de acordo— que de ningunha maneira se pode normalizar e falar como se fose un caso máis sobre os asasinatos machistas. E tamén, sen dúbida ningunha, seguramente despois desa preocupación, a seguinte é para min toda a violencia de xénero oculta, que non se coñece, que mesmo as vítimas nin sequera —o que falabamos antes— son capaces de identificar que están suxeitas a unha situación de violencia de xénero. Niso é no que hai que traballar, en facer aflorar todo iso, e, dende logo, en que se identifiquen os patróns, dende os máis pequenos. Eu sempre vou defender iso, e non teño ningunha dúbida.

Pero si creo que para adecuar os mecanismos de protección temos que traballar na Conferencia Sectorial de Igualdade, temos que traballar nos comités de crise, que si existen, onde se aprecia unha descoordinación —e créame, que eu estou na meirande parte deles— absoluta entre os representantes do Ministerio do Interior, do Ministerio de Xustiza e de Igualdade. Ás veces non saben nin os asuntos que se levan, nin as propias representacións ou delegacións do Goberno saben de que estamos falando. Entón, esa é unha cousa que creo que non se está tratando, de verdade, con seriedade.

Temos que traballar con xente experta, valorar ese actual funcionamento de instrumentos como VioXén e acometer reformas e actualizacións, e ademais de xeito urxente; temos que conseguir un sistema eficaz, un sistema rápido, un sistema próximo, de calidade, e que non inclúa as vítimas nesa valoración.

Temos que aprender, sen dúbida tamén, do que aconteceu. E creo, sen dúbida, que pasa pola cooperación. A Comunidade Autónoma de Galicia sempre estará aí para cooperar en todo o que se poida facer, e creo que a mostra é ese 14 por cento máis de orzamento este ano. Son máis de 20 millóns de euros para loitar contra a violencia de xénero. Somos a única comunidade autónoma que mantén as axudas económicas para as vítimas durante todo o ano, E todo o mecanismo de atención psicolóxica, de apoio, que ben coñecen...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): ...e que, por suposto, garantimos dende o Goberno de Galicia.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as iniciativas que está a impulsar a Xunta de Galicia co obxecto de facer fronte ao déficit de médicos

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Conselleiro, creo que existe unha inmensa maioría dos galegos que coincide á hora de facer unha valoración moi positiva da sanidade pública galega, como veñen amosando os resultados dos sucesivos baremos sanitarios e como vén ratificando contumazmente a sociedade galega cada vez que é chamada ás urnas. Pero esta valoración positiva da nosa sanidade pública, da de todos, non debe ser un impedimento para que tomemos conciencia de que sufrimos algunhas dificultades que, por desgraza, compartimos co conxunto dos sistemas sanitarios públicos do noso país. Son problemas relacionados fundamentalmente coa escaseza de profesionais de especialidades sanitarias moi concretas que afectan de maneira esencial e moi importante a atención primaria. Recoñecer a existencia dun problema é o primeiro paso para poder resolvelo, porque, como reza un vello *adagio*, calquera realidade ignorada prepara sempre a súa vinganza.

O Goberno galego, lonxe de ignorar este problema, leva moito tempo traballando para tomar medidas que permitan paliar ese déficit de profesionais, que, como dicía, afecta a totalidade, o cen por cento, das comunidades autónomas, e tamén o Goberno de España no territorio Ingesa, Ceuta e Melilla. Pero a pesar desta evidencia que debería levar a todas as administracións a facer un esforzo común para solventar esta situación, atopámonos con que representantes de forzas políticas con altas responsabilidades de xestión prefiren facer unha utilización partidista das dificultades que atravesamos a sanidade pública. Temos exemplos recentes desta lamentable actitude: «O problema das prazas MIR en Galicia ten un nome e chámase PP», publicaba hai uns días unha desas mentes preclaras do socialismo galego. Aínda non sabemos como se chama ese problema nas comunidades autónomas de Navarra, de Aragón ou de Extremadura, todas elas con maior porcentaxe de prazas MIR vacantes que Galicia e todas elas gobernadas polos socialistas.

Pero, lamentablemente, unhas das señas de identidade máis recoñecibles do «sanchismo» é a súa capacidade para dicir unha cousa distinta en cada comunidade autónoma, e, ademais, sacar peito da súa suposta e inexistente coherencia. O propio presidente do Goberno negase hoxe a tomar as mesmas decisións que exixía coa máxima urxencia cando era líder da oposición, e todo iso sen incorrer en aparente contradición. Como nos aclarou hai tempo dona Carmen Calvo, o señor Sánchez ten a capacidade de desdoblarse en distintas personalidades en función do sillón que ocupa. Como no Partido Popular preferimos líderes con moita personalidade a líderes con moitas personalidades, podemos presumir de manter posturas co-



herentes que se materializan en medidas coherentes que deben ser coñecidas por toda a cidadanía.

E por iso lles formulamos a seguinte pregunta: ¿que iniciativas está a impulsar a Xunta de Galicia?... (O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Pazos, como todo o mundo no sector sanitario sabe, agás os sucesivos ministros do señor Sánchez, o problema que afronta España non é un problema de falta de médicos, de médicos titulados, que se soluciona con máis prazas nas facultades de medicina, é un problema de especialistas en especialidades moi concretas, como a Medicina Familiar e Comunitaria, que se soluciona unicamente con máis formación sanitaria especializada.

Por iso, nestes anos Galicia fixo o maior incremento da súa historia en prazas de formación sanitaria especializada. En Medicina de Familia, pasamos de 88 prazas no ano 2009 a 207 neste ano que estamos. Dende logo, é un esforzo que hai que agradecer, en primeiro lugar, aos centos de profesionais que exercen o seu labor de titoría destes residentes. Precisamente para eles esta mesma semana entra en vigor o novo decreto de formación sanitaria especializada de Galicia, que inclúe, entre outras melloras, vantaxes en horarios para estes profesionais, acceso á formación, promoción interna e mesmo acceso á carreira profesional aos que exercen, como digo, estes labores docentes. Pero, lamentablemente, ese esforzo deste persoal docente e o esforzo económico que fai a Xunta con máis de 70 millóns de euros este ano dedicados a financiar a formación sanitaria especializada vense frustrados por un desastroso sistema de elección de prazas MIR organizado polo Ministerio de Sanidade.

Mire, no verán do ano 2021 xa lle advertimos á por aquel entón ministra de Sanidade que ía haber un problema coa elección das prazas MIR. Respondeunos moi tranquilamente que non apreciaba ese problema e, como todo o mundo sabe, ese ano, o ano pasado, quedaron en España 93 prazas de Medicina de Familia sen escoller. Este ano, á vista desa experiencia, reiteramos — neste caso ao ministro Miñones— a necesidade de cambiar ese sistema, pero el mesmo dixo, na súa comparecencia no Congreso dos Deputados, que ese problema quedaría arranxado por unha novidosa segunda rolda que ía darse. E a mesma semana da elección dicía: «*Lo que sí podemos afirmar es que porcentualmente van a ser muchas menos prazas que las correspondientes al año pasado*». A realidade foi que este ano, este no que estamos, quedaron 131 prazas vacantes de Medicina Familiar e Comunitaria, que son 38 máis que o ano pasado.

O que se lle esqueceu dicir e lembrar ao ministro é que as comunidades tamén lle pediramos que, á parte de modificar o sistema de elección e non houbese que elixir, se eliminase a nota de corte do exame, no sentido de que nunha situación como a actual, de déficit de especia-



listas, 1.900 graduados que se presentaron ao exame MIR non puideron optar a unha praza; é dicir, o 15 por cento dos presentados.

Esperemos que se elimine no vindeiro ano, pero mentres tanto nós asistimos a este modelo de proba e erro no caso da elección, e pasan os anos e, dende logo, imos perdendo oportunidades de resolver unha situación que podería estar resolta hai anos se houboese naquel momento, no ano 2018, intención real de facelo.

Polo momento nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, conselleiro.

Resulta tranquilizador coñecer o traballo serio que se está a desenvolver desde a súa consellería para paliar —e oxalá moi pronto resolver definitivamente— ese déficit de médicos que afecta todo o territorio nacional; do mesmo xeito que resulta inquietante comprobar a permanente actitude de irresponsabilidade de quen ten na súa man tomar as medidas que terían un maior impacto na resolución deste problema que padecemos todas as administracións.

No ano 2017, cando o PSOE ocupaba os bancos da oposición no Congreso, rexistraba preguntas como estas: «¿Qué medidas concretas tiene previsto el Gobierno central para solucionar la escasez de profesionales médicos en el sistema Nacional de Salud? ¿Se ha llevado a cabo por parte del Gobierno algún tipo de estudio para detectar las especialidades en donde existe mayor carencia de profesionales? ¿Cuáles son las especialidades en donde se detecta mayor carestía de profesionales? ¿Tiene previsto el Gobierno el abordaje global desta problemática de falta de especialistas en el Sistema Nacional de Salud para dar mayor agilidad a la formación en las especialidades médicas que cuentan con mayor déficit de profesionales?».

Hoxe, dende as bancadas do Goberno, non só se amosan incapaces de dar resposta ás preguntas que eles mesmos formulaban entón, senón que tamén bloquean as medidas acordadas por todos, tamén polas administracións e representantes socialistas, para solucionar ese problema; un problema que xa non vai resolver o Goberno do señor Sánchez; un problema que, como tantos outros, van ter que resolver todos os españois o vindeiro 23 de xullo. Neles si que se pode confiar para que atopen unha solución efectiva e definitiva para este problema.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Efectivamente, señor Pazos, se Pedro Sánchez desde 2018 do 2023 debatese, seguramente sería un debate moito máis acalorado que o que podemos ter incluso coa oposición neste Parlamento, porque pasaron a defender posturas totalmente opostas, non só o Grupo Socialista, como recordaba vostede, senón tamén os conselleiros socialistas. O conselleiro de Extremadura, aínda no cargo, falaba no ano 2018 sobre ese déficit de médicos de especialistas e falaba de que o Ministerio debía pasar, neste caso, da descrición dos problemas a tomar medidas. Ou dicía, por exemplo, que o que debe facer o Ministerio é «*poner en marcha esas medidas para tener más unidades docentes, modificar la legislación o promocionar plazas en zonas de difícil cobertura*». Dous meses despois de que o Ministerio e as comunidades autónomas chegasen a un acordo naquel abril de 2018, chegou o PSOE ao Goberno e todo o mundo sabe o que pasou. Cinco anos despois, 5 ministros, e nada daquilo que se acordou naquel momento polos conselleiros socialistas foi feito.

Dende logo, nós, dende a Xunta, imos seguir a traballar, por suposto, e aínda que o Ministerio non nos permite aumentar máis a nosa capacidade formativa, nós mantémonos neste tope histórico e tomamos medidas para traer a máis médicos —xa non para formalos, senón para traelos—. Este ano por segunda vez consecutiva convocamos por concurso de méritos —a única comunidade autónoma que o fai en todo o Estado—, neste caso, prazas de médico especialista en Atención Primaria para cubrir 72 vacantes en centros de saúde de difícil cobertura. Pechado o prazo de solicitudes, recibimos máis de 220, moitas delas de persoal que elixira outros centros máis atractivos, pero que, con estas novas condicións —repito, o concurso de méritos—, si optan a estas prazas; outras de persoal que estaba nas urxencias; outras de residentes que terminan este ano a súa formación e que se poden presentar a prazas fixas por concurso de méritos este mesmo ano; e outras tamén de profesionais que viñan traballando noutras comunidades autónomas, como, por exemplo, Asturias ou Navarra. Neste caso, Galicia conseguiu atraer profesionais grazas a este sistema; un sistema ao que hai que lembrar que tanto o PSOE como o Bloque votaron en contra, algúns advertindo incluso dun posible recurso de inconstitucionalidade que, afortunadamente, nunca chegou, e despois de ver como o ano pasado dotamos 106 prazas polo mesmo sistema. Probablemente foi esa eficacia o que os levou a votar en contra. O sistema estaba solucionando a ausencia de médicos en concellos onde os problemas de cobertura lles daban munición partidista. Pero o certo é que creo que podemos celebrar que unha das grandes derrotadas nas eleccións municipais deste ano foi a demagogia sobre a sanidade pública. Penso, por exemplo, en Ponteareas, en Ribadeo, en Cambados, en Viveiro ou na Guarda; exemplos onde a demagogia coa sanidade pública se volveu en contra dos alcaldes e das alcaldesas que a utilizaron.

Comentario á parte merece Vilagarcía, cando o bulo na última semana das eleccións sobre que iamos pechar o consultorio de Vilaxoán se saldou cunha derrota nas dúas mesas desa parroquia do partido que promoveu ese bulo.

Moito temo que esta será de novo unha valiosa lección que a esquerda galega non aproveitará. E nós, mentres tanto, tomamos nota.

O señor PRESIDENTE: Grazas. (Aplausos.)



Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para dotar dun servizo de pediatría de calidade os centros sanitarios de Verín e da comarca de Monterrei

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde, señor Comesaña.

Vexo que quedou adocido de non estar incorporado nas listas do Partido Popular, (*Murmurios*.) pero eu espero que aproveite a pregunta que lle formulamos desde o BNG para non só facer campaña electoral polo menos e darnos algunha resposta sobre esta cuestión.

Hai catro meses preguntabámoslle nesta Cámara que ían facer para garantir a cobertura da atención pediátrica na bisbarra de Verín. Facíámolo preocupados e preocupadas por unha situación que non é nova. Grazas a iso e grazas tamén á mobilización social da comarca de Verín-Monterrei, que volveu encher masivamente as rúas o 11 de febreiro, especialmente demandando que a Xunta actuase, vostedes movían ficha. E aínda que vostedes intentaron nesta Cámara ocultalo, hai que recordar que hai case dous anos vostedes aproveitaban para, practicamente pola vía dos feitos, suprimir unha das tres prazas de pediatría en Verín. Despois o que aconteceu é que unha das dúas profesionais que quedaban pediu un permiso para unha cuestión de excedencia e, polo tanto, non estaba incorporada. E, ademais diso, durante os momentos nos que a profesional que quedaba estaba doente ou tiña algún tipo de disfrute das súas vacacións, o servizo quedaba absolutamente en precario.

Esta situación obrigou a moitas familias a ter que desprazarse a Ourense en múltiples ocasións ou a buscar outras solucións, e esta solución prorrogouse durante tantos meses que a poboación pediu, cunha gran demanda social, unha reacción.

Ante isto, vostedes conseguiron incorporar temporalmente un profesional que xa superaba os 70 anos, a quen lle agradecemos novamente o seu esforzo, e anunciou vostede que ían concorrer novamente para presentar novas prazas de difícil cobertura e intentar por esa vía atopar unha solución.

Durante estes meses puntualmente seguiu habendo problemas. A finais de abril, por exemplo, durante varias semanas, as familias denunciaron como volvían estar cun só pediatra, e volveron mobilizarse publicamente tamén a comezos de maio e a insistir nesta cuestión. Tres meses despois diso, vostedes, o 25 de maio, publicaban no DOG por fin a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura desas prazas de difícil cobertura, que esperamos que nos poida dar hoxe algunha novidade sobre iso.

No día de hoxe a situación que teñen en Verín é de calma antes da treboada. Nestes momentos contan co profesional que se reincorporou temporalmente da súa xubilación e contan coas outras dúas profesionais; están as tres cubertas, pero segue habendo preocupación nas familias por varios motivos: estamos ás portas do verán, aumenta a poboación, prevese que as profesionais nalgún momento collan vacacións e ademais sábese que este profesional que se incorporou transitoriamente está próximo a acabar o seu período de servizo público. Polo



tanto, á xente preocúpalle que vai acontecer no verán, cando se vai saber algo sobre esas prazas de difícil cobertura e como se vai planificar para que isto, que é o normal...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que é que estean as tres prazas cubertas..., (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas...

(*Aplausos.*)

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señora Presas, teño que recoñecer que me sorprende, dende logo, a súa iniciativa cando vin que volvía preguntar outra vez sobre a situación da pediatría na comarca de Verín. ¿Non será que vostede está máis interesada ca min nas listas electorais? (*Risos.*)

Mire, maiormente me sorprende porque todo o que lle respondera na súa anterior pregunta, que foi hai escasos meses, se foi materializando ao longo destes meses. Parece que me pregunta vostede para que eu lle confirme que está feito todo o que lle prometemos.

Mire, antes de empezar a aclarar o que me pregunta, unha vez máis, voulle comentar un par de cousas nas que ten vostede un par de erros.

En primeiro lugar, vostede dicía que manipulamos os datos dos cativos que atende o servizo de Verín. Pois, mire vostede, os 2.050 nenos son nenos de toda a comarca. Se só fosen os do concello de Verín, serían 1.629. Eses son os nenos que hai na comarca de Verín... Ben, 2.046 para ser exactos. Isto, dito sexa de paso, significa que en Verín os tres pediatras que están atenden unha ratio de 683 nenos, cando a media en Galicia é de 960 nenos por pediatra.

Tamén volve falar vostede de insuficiencia de persoal no centro hospitalario, e vólvolle reiterar que o Hospital de Verín ten a súa plantilla de pediatras ao completo; polo que as urxencias están garantidas en Verín.

Unha vez feita esta aclaración, recórdolle que en febreiro expliquei que a situación do Centro de Saúde de Verín era complexa debido a que das tres prazas existentes só dúas se atopaban naquel momento cubertas; dúas cubertas e unha vacante —vacante, que non é amortizada; non significa amortizada—.

Nese momento, das dúas pediatras, unha delas atopábase en excedencia por servizos especiais, debido a que estaba en misión humanitaria, polo que só unha profesional atendía os nenos.



Para aliviar esta situación, efectivamente, procedemos a incorporar un profesional, o doutor Juan Pablo; un profesional comprometido co seu pobo que se ofreceu a botar unha man cando máis o necesitaban. Polo que aproveito, ademais tamén, para agradecerlle —agradezo que vostede o fixera tamén— ao doutor Juan Pablo publicamente esa profesionalidade e o seu compromiso cos máis cativos da comarca; un xesto que o honra, a diferenza dos que o cualificaron como un parche.

Seguindo co que lle respondín na anterior pregunta, anuncieille que publicaríamos esas dúas prazas de pediatra no Centro de Saúde de Verín para a súa cobertura por concurso de méritos. Alégrome de que xa mirara no DOG o 25 de maio que publicamos esa resolución que inclúe 60 prazas de pediatra de atención primaria e, por suposto, conta coas dúas prazas de Verín. E digo dúas, insisto, porque non se amortizou ningunha praza, como vostede dixo. Por certo, prazas que se poden sacar grazas a unha lei á que vostede e o seu grupo parlamentario votaron en contra nesta Cámara.

Polo tanto, señora Presas, todo o que dixemos que iamos facer foise cumprindo, porque ao longo destes tres meses a Consellería de Sanidade traballou para mellorar a atención pediátrica na comarca de Verín. Exemplo de que actualmente o Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Verín está funcionando correctamente é que no día de hoxe están consultando os tres pediatras; ¡os tres!, como vostede ben acaba de dicir.

Polo tanto, grazas pola súa pregunta, señora Presas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Eu agradézolle que me agradeza a pregunta, señor Comesaña, pero eu agradeceríalle un pouco máis de concreción.

Eu, se quere, fállolle tamén dos resultados das municipais de Verín, porque na lista de antes, dos concellos, se lle olvidou. Eu estou moi contenta co resultado do Bloque Nacionalista Galego, non sei se vostede está tan contento co do seu partido. *(Aplausos.)*

Mire, claro que lle volvemos preguntar. Preguntámoslle por esta cuestión porque unha solución definitiva non está enriba da mesa. Entón, cando empezan os problemas e preguntamos en sede parlamentaria, non lles parece ben, porque estamos a tres meses das municipais; cando pasan as eleccións e estamos ás portas do verán, hai preocupación das familias porque a praza dese pediatra que está cuberta cunha persoa que se reincorporou da súa xubilación —e a quen nós lle agradecemos que o faga— é algo temporal. Sabe vostede que esa non é unha solución para os próximos dez anos. Polo tanto, entendemos que esa cuestión é preocupante.

E hai preocupación tamén porque habitualmente, todos os veráns, hai problemas no Centro de Saúde de Verín por mor das libranzas do persoal. Entón, a xente pregúntase: ¿que vai acontecer este verán? Claro, se eu veño aquí a finais de xullo e lle pregunto antes de que este



Parlamento estea en período inhábil, ¿que acontece?, porque o problema está enriba da mesa, seguro que vostede me diría que por que non preguntei antes. Nunca lle gusta cando preguntamos.

A cuestión é: estamos pendentes desas prazas de difícil cobertura, esperamos que se cubran. Vostedes nas declaracións públicas falaba de que iso sería despois do verán. Non sei se pode concertar algo máis. En todo caso, ¿que medidas de reforzo van prever para que a solución de que haxa tres pediatras en Verín, que debería ser o ordinario e o estable, sexa así? Por iso estamos preguntando, señor Comesaña, porque, efectivamente, hai preocupación na comarca porque recorrentemente hai problemas deste tipo.

Polo tanto, esa é a nosa responsabilidade, é o que vimos facer aquí, a este Parlamento. Porque o que non é de recibo é que cando non hai protestas nesta comarca se aproveite para intentar que este servizo non estea cuberto. Se vostedes durante anos non fixesen folga de brazos caídos, de como había que renovar..

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...os cadros de persoal e tamén...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo. Grazas. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Ben, señora Presas, a vostede danlle igual os datos que lle facilite e as medidas que toma a Consellería de Sanidade. Vostede mesma acaba de dicir que o 25 de maio se publicaron dúas prazas no DOG. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que quere que lle diga? Xa están convocadas as dúas prazas, e a terceira praza tena alguén en propiedade agora mesmo; ou sexa, que non teña problema por iso.

Se lle digo que o número de nenos é de 2.050, vostede di que son 4.000. Se digo que o hospital conta cos pediatras necesarios, vostede di que non. Se digo que no centro hai tres prazas no día de hoxe, vostede di: ben, ¿e cantas vai haber dentro dun mes? Pois tres prazas; sempre vai haber tres prazas, señora Presas. Se lle digo que a ratio de nenos en Verín é de 683 por pediatra, cando a media en Galicia é de 960, a vostede dálle igual.

Mire, este ano, no verán, en Verín... Por certo, os nenos non aumentan nos veráns, aumentan os visitantes, pero os nenos dos cupos non aumentan, e os nenos que van ao pediatra ao centro de saúde son exactamente os mesmos todo o ano. Non intentemos agora dicir que os nenos que veñen de fóra van ao pediatra do centro de saúde. Será en Verín, pero, dende logo, no resto de Galicia non é así. E non é en Verín tampouco. Polo tanto, eses 680 nenos que ten cada pediatra en Verín vanse manter. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, os nenos non van ao pediatra do centro de saúde, os nenos que veñen de fóra; irán como moito ao PAC ou ás Urgencias. *(Murmurios.)* Isto é básico, isto é de primeiro de centro de saúde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Pero, dito isto, non se preocupen, vai haber tres prazas de pediatría permanentemente en Verín: dúas prazas foron recentemente convocadas e, cando se resolva o concurso, terán propietarios. E, mentres tanto, terán o mesmo que teñen agora: tres pediatras. É que hoxe hai tres pediatras en Verín, e mañá, e a semana seguinte, e a seguinte, señora Presas. Non teño máis que dicirlle. Vostede quere ver un problema onde non o hai, e eu dígolle que esta tranquila. Os nenos de Verín van ter tres pediatras todo o tempo que poida ser, de aquí en adiante. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Que poida ser, claro. É que, ao mellor, un día un non vai traballar por unha baixa, e iso non llo podo garantir nin a vostede nin a ninguén. Hai tres prazas de pediatría en Verín e son unha ratio, como lle digo, de 680 nenos por pediatra, unha das máis baixas de toda Galicia.

¿Que máis quere que lle diga? Pois que non hai problema na pediatría de Verín; ningún problema, señora Presas.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno.

Boas tardes.


Remata a sesión ás seis e catorce minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonso, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

